a) 1,25 punto
- Obtención das funcións que determinan os ingresos e os beneficios diarios

b) 2,08 puntos

5. **Estatística e Probabilidade.**

a) 1,83 puntos
b) 1,5 puntos

6. **Estatística e Probabilidade.**

a) 1, 5 puntos
- Determinar o nivel de confianza pedido

b) 1,83 puntos
- Probabilidade (da proporción de afeccionados que adquirirán a obra sexa superior ao 75%)

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

O exame consta de 6 preguntas, **todas coa mesma puntuación (3,33)**, das que pode responder un **MÁXIMO DE 3**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corrixirán as 3 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Álxebra. Consideramos as matrices

$$A=\begin{pmatrix} a & a & 1 \\ a & 0 & 0 \end{pmatrix} \qquad B=\begin{pmatrix} b & -b & 1 \\ 3 & 0 & 0 \end{pmatrix} \qquad C=\begin{pmatrix} c & -3 & 1 \\ c & 0 & 0 \end{pmatrix}$$

a) Calcule as matrices A+B e 3C-B.
b) Exprese en forma matricial o sistema de ecuacións que se obtén ao formular A+B = 3C-B e resólvao.

PREGUNTA 2. Álxebra. Un fabricante de sistemas de iluminación quere producir focos de tecnoloxía *led* en dous modelos distintos: A e B. Para deseñar a estratexia de produción diaria terá en conta que se producirán polo menos 50 focos do modelo A, que o número de focos do modelo B non superará as 300 unidades e que se producirán polo menos tantos focos do modelo B como do modelo A. Ademais, a produción total non superará as 500 unidades diarias.
a) Formule o sistema de inecuacións asociado ao problema.
b) Represente graficamente a rexión factible e calcule os seus vértices.
c) Se o beneficio obtido por cada foco do modelo A é de 60 euros e por cada foco do modelo B é de 40 euros, cantos focos de cada modelo debe producir diariamente para maximizar o beneficio? A canto ascende o beneficio máximo?

PREGUNTA 3. Análise. O número de persoas (**en miles**) que visitan cada ano un parque temático vén dado pola función

$$P(t)=\frac{180t}{t^2+9},\ t\geq 0 \text{ onde t é o tempo transcorrido en anos desde a súa apertura no ano 2010 } (t=0).$$

a) Determine os períodos de crecemento e decrecemento do número de visitantes.
b) En que ano recibiu o maior número de visitantes? A canto ascenden? Razoe as respostas.
c) A partir de que ano o número de visitantes será inferior a 18000 persoas? Que ocorrerá co número de visitantes co paso do tempo? Razoe as respostas.

PREGUNTA 4. Análise. Dada a función $f(x)=-4x^2+12x-5$

a) Realice a súa representación gráfica estudando os seus puntos de corte cos eixes, monotonía e extremo relativo.

b) Calcule a área do recinto limitado pola gráfica da función f(x), o eixe OX e as rectas x=1, x=2 .

PREGUNTA 5. Estatística e Probabilidade. Sexan A e B dous sucesos dun experimento aleatorio tales que P(A)=0,4 e P ($\bar{B}$)=0,7 e P($\bar{B}$|A) =0,75. Calcule as seguintes probabilidades:

a) P (A∩ $\overline{B}$); **b)** P (A∪ B); **c)** P (A∩ B); **d)** Son A e B sucesos independentes? Xustifique a resposta.

PREGUNTA 6. Estatística e Probabilidade. A produción diaria de leite, medida en litros, dunha granxa pódese aproximar por unha variable normal de media μ descoñecida e desviación típica σ=50 litros.
a) Determine o tamaño mínimo de mostra para que o correspondente intervalo de confianza para μ ao 95% teña unha amplitude como máximo de 8 litros.
b) Tómanse os datos de produción de 25 días, calcule a probabilidade de que a media das producións obtidas sexa menor ou igual a 930 litros se sabemos que μ=950 litros.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

O exame consta de 6 preguntas, **todas coa mesma puntuación (3,33)**, das que pode responder un **MÁXIMO DE 3**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corrixirán as 3 primeiras respondidas.**

PREGUNTA 1. Álxebra. Dispoñemos de tres granxas A, B e C para a cría ecolóxica de polos. A granxa A ten capacidade para criar un 20% máis de polos que a granxa B, e a granxa B ten capacidade para criar o dobre de polos que a granxa C. Sábese ademais que entre as tres granxas pódense criar un total de 405 polos.
a) Formule o sistema de ecuacións asociado a este problema.
b) Resolva o sistema de ecuacións anterior. Cantos polos se poden criar en cada unha das tres granxas?

PREGUNTA 2. Álxebra. O Comité Organizador dun Congreso conta con dous tipos de habitacións, A e B, para ofrecer como aloxamento ós seus participantes. Para realizar a contratación, decidiron que o número de habitacións de tipo B non debe ser maior que o número de habitacións de tipo A, e que o número de habitacións de tipo A non debe ser maior que 160. Ademais, sábese que en total serán necesarias como máximo 200 habitacións.
a) Formule o sistema de inecuacións asociado a este problema.
b) Represente graficamente a rexión factible e calcule os seus vértices.
c) Se os custos son de 80 € por cada habitación de tipo A e de 50 € por cada habitación de tipo B, cal é o custo máximo de aloxamento que afrontaría o Comité Organizador?

PREGUNTA 3. Análise. Os gastos financeiros dunha organización, en centos de miles de euros, seguen a función: $G(t)=\begin{cases} 4-\left(\frac{t}{3}\right), & 0 \le t \le 3 \\ (5t-3)/(t+1), & t>3 \end{cases}$ sendo t o tempo en anos transcorridos.
a) En que momento os gastos son iguais a 400.000 euros? Razoa a resposta.
b) Cando crece $G(t)$? Cando decrece $G(t)$? Cando os gastos alcanzan o seu valor mínimo e canto valen?
c) Que ocorre cos gastos cando o número de anos crece indefinidamente?

PREGUNTA 4. Análise. Unha pequena empresa comercializa paraugas a 60 euros a unidade. O custo de produción diario de " x " paraugas vén dado pola función $C(x)=x^2-10x$, estando limitada a súa capacidade de produción a un máximo de 70 paraugas ao día ($0 \le x \le 70$)
a) Obteña as expresións das funcións que determinan os ingresos e os beneficios diarios obtidos pola empresa en función do número de paraugas producidos " x ".
b) Determine o número de paraugas que debe producir diariamente para obter o máximo beneficio. A canto ascenden os ingresos, os custos e os beneficios diarios neste caso? Razoe a resposta.

PREGUNTA 5. Estatística e Probabilidade. Unha empresa de transporte decide renovar a súa flota de vehículos. Para iso encarga 240 vehículos ao distribuidor A, 600 ao distribuidor B e 360 ao distribuidor C. Sábese que o 10% dos vehículos subministrados polo distribuidor A teñen algún defecto, sendo estas proporcións do 20% e 15% para os distribuidores B e C respectivamente.
Para aceptar ou rexeitar o pedido a empresa revisa un vehículo elixido ao azar do total de vehículos, rexeitando todo o pedido si o vehículo ten algún defecto.
a) Determine a porcentaxe de pedidos rexeitados.
b) Se o vehículo revisado resulta ser **NON** defectuoso, calcule a probabilidade de que proveña do distribuidor A.

PREGUNTA 6. Estatística e Probabilidade. Unha editorial desexa coñecer o impacto que terá a publicación dunha nova obra dun recoñecido novelista. Tras entrevistar a 100 persoas afeccionadas á lectura, 80 delas recoñecen que adquirirán esa nova obra.
a) ¿Con que nivel de confianza se pode afirmar que a proporción de afeccionados á lectura que adquirirán a obra está entre o 69,7% e o 90,3%?
b) Se se sabe que 8 de cada 10 persoas afeccionadas á lectura adquirirán a obra e eliximos unha mostra de $n=144$ desas persoas, calcule a probabilidade de que a proporción de afeccionados á lectura que adquirirán a obra sexa superior ó 75%.

ABAU

CONVOCATORIA ORDINARIA

Ano 2020

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

1. **Álxebra.**

a) **1,25 puntos**
- Cálculo de A+B e Cálculo de 3C-B

b) **2,08 puntos**
- Expresar en forma matricial o sistema de ecuacións e Resolución

2. **Álxebra.**

a) **1 punto**
- Formular o sistema de inecuacións asociado ao problema.

b) **1,5 puntos**
- Representar graficamente a rexión factible e calcular os seus vértices.

c) **0,83 puntos**

3. **Análise.**

a) **1, 5 puntos**
- Determinar os períodos de crecemento e decrecemento.

b) **0,75 puntos**
- En que ano recibiu o maior número de visitantes? A canto ascenden? Razoe as respostas.

c) **1,08 puntos**

4. **Análise.**

a) **2,08 puntos**
- representación gráfica ,puntos de corte cos eixes, monotonía e extremo relativo.

b) **1,25 puntos**
- área do recinto limitado pola gráfica da función f(x), o eixe OX e as rectas x=1, x=2

5. **Estatística e Probabilidade.**

a) 0,75 puntos **b) 0, 5** puntos **c) 1** punto **d) 1,08** puntos

6. **Estatística e Probabilidade.**

a) **1,75 puntos**
- Determinar o tamaño mínimo de mostra

b) **1,58 puntos**
- probabilidade (media das producións obtidas sexa menor ou igual a 930 litros)

ABAU

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Ano 2020

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

1. Álxebra.

a) 1,5 puntos
- Expresar o sistema de ecuacións

b) 1,83 puntos
- Resolución e resposta

2. Álxebra.

d) 1 punto
- Formular o sistema de inecuacións asociado ao problema.

e) 1,5 puntos
- Representar graficamente a rexión factible e calcular os seus vértices.

f) 0,83 puntos

3. Análise.

b) 0,5 puntos
- Determinar os momentos en que os gastos son iguais a 400.000€

b) 2 puntos
- Determinar os períodos de crecemento e decrecemento.
- Cando os gastos alcanzan o valor mínimo e canto valen

c) 0,83 puntos

4. Análise.

a) 1,25 punto
- Obtención das funcións que determinan os ingresos e os beneficios diarios

b) 2,08 puntos

5. Estatística e Probabilidade.

a) 1,83 puntos
b) 1,5 puntos

6. Estatística e Probabilidade.

a) 1, 5 puntos
- Determinar o nivel de confianza pedido

b) 1,83 puntos
- Probabilidade (da proporción de afeccionados que adquirirán a obra sexa superior ao 75%)

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 1. Álxebra.

$$A=\begin{pmatrix} a & a & 1 \\ a & 0 & 0 \end{pmatrix} \quad B=\begin{pmatrix} b & -b & 1 \\ 3 & 0 & 0 \end{pmatrix} \quad C=\begin{pmatrix} c & -3 & 1 \\ c & 0 & 0 \end{pmatrix}$$

a) $A+B=\begin{pmatrix} a & a & 1 \\ a & 0 & 0 \end{pmatrix}+\begin{pmatrix} b & -b & 1 \\ 3 & 0 & 0 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} a+b & a-b & 2 \\ a+3 & 0 & 0 \end{pmatrix}$

$$3C-B = 3\cdot\begin{pmatrix} c & -3 & 1 \\ c & 0 & 0 \end{pmatrix}-\begin{pmatrix} b & -b & 1 \\ 3 & 0 & 0 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 3c-b & b-9 & 2 \\ 3c-3 & 0 & 0 \end{pmatrix}$$

b) $A+B=3C-B \Rightarrow \left.\begin{array}{r} a+b = 3c-b \\ a-b = b-9 \\ a+3 = 3c-3 \end{array}\right| \qquad \left.\begin{array}{l} a+2b-3c=0 \\ a-2b \qquad = -9 \\ a \qquad -3c=-6 \end{array}\right|$

$$\begin{pmatrix} 1 & 2 & -3 \\ 1 & -2 & 0 \\ 1 & 0 & -3 \end{pmatrix}\cdot\begin{pmatrix} a \\ b \\ c \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 0 \\ -9 \\ -6 \end{pmatrix}$$

Resolución

$$\begin{pmatrix} 1 & 2 & -3 & 0 \\ 1 & -2 & 0 & -9 \\ 1 & 0 & -3 & -6 \end{pmatrix} \xrightarrow{F_2-F_1} \begin{pmatrix} 1 & 2 & -3 & 0 \\ 0 & -4 & 3 & -9 \\ 1 & 0 & -3 & -6 \end{pmatrix} \xrightarrow[F_3-F_1]{} \begin{pmatrix} 1 & 2 & -3 & 0 \\ 0 & -4 & 3 & -9 \\ 0 & -2 & 0 & -6 \end{pmatrix}$$

a+2b-3c= 0

-4b+3c= -9

-2b = -6 ⇒ **b= 3 ; c= 1; a= -3**

Solución: a=-3; b =3; c=1

(Podese resolver o sistema por calquer outro método)

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 2. Álxebra.

x = nº de focos do modelo A

y = nº de focos do modelo B

a) Función obxectivo **Max f(x, y) = 60x + 40 y** s.a restriccións

$$\left.\begin{array}{r} x \geq 50 \\ y \leq 300 \\ y \geq x \\ x + y \leq 500 \end{array}\right\}$$



b) **Vértices**

A: $\left.\begin{array}{r} y = 300 \\ x = 50 \end{array}\right\} A(50,300)$

B: $\left.\begin{array}{r} x = 50 \\ y = x \end{array}\right\} B(50,50)$

C: $\left.\begin{array}{r} y = x \\ x + y = 500 \end{array}\right\} C(250,250)$

D: $\left.\begin{array}{r} x + y = 500 \\ y = 300 \end{array}\right\} D(200,300)$

c) Beneficio: **f(x, y) = 60x + 40 y**

Avaliamos a función obxectivo nos vértices

f(A) =f (50, 300)= 15000

f(B) = f (50, 50)= 5000

f(C) = f (250, 250) = **25000** $\rightarrow$ Máximo, **solución óptima**

f(D) = f (200, 300) =24000

Debe producir **250 focos de cada modelo** para maximizar os beneficios que ascenderían a **25000 euros**

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 3.Análise.

a) P(t) = $\frac{180t}{t^2+9}$

P'(t)= $\frac{180(9-t^2\ )}{(t^2+9)}$ $\rightarrow$ P'(t)=0 $\underset{t>0}{\Longleftrightarrow}$ t=+3 (punto crítico)



En (0, 3) P'(t)>0 ⇒ P e crecente en (0,3)

En (3, ∞) P'(t)<0 ⇒ P e de crecente en (3, ∞)

t_0 =3 máximo relativo → P(3)= 30 (e un máximo absoluto xa que P(0)= 0)

O número de visitantes crece ata transcorridos tres anos (2013) desde a súa apertura (2010). A partir de 2013 o número de visitantes vai decrecendo.

b) t=0 → ano 2010

t=3 → ano 2013

O maior número de visitantes rexistrouse no ano 2013 con 30000 persoas.

c) Calculamos **t** tal que P(t)<18

$\frac{180t}{t^2+9}$ <18 ⇒ 180t< 18t^2+18x9 ⇒ t^2 -10t+ 9>0⇒ t>9 y t<1

Solución: (0,1)∪(9,∞)

t=9 →ano 2019

A partir do ano 2019 o número de visitantes será inferior a 18000 persoas.

Calculamos o $\lim\limits_{t\to\infty} P(t) = \lim\limits_{t\to\infty} \frac{180t}{t^2+9}$ = 0

Co paso do tempo o número de visitantes irá diminuíndo, tendendo a 0 persoas.

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 4. Análise.

$f(x) = -4x^2 + 12x - 5$

a) Puntos de corte cos eixes:

eixe OY : x=0 → f(0)= -5 → Corta a OY en **(0,-5)**

eixe OX: $-4x^2 + 12x - 5 = 0$ $\qquad x = \dfrac{-12 \pm \sqrt{12^2 - 80}}{-8} = \begin{cases} 1/2 \\ 5/2 \end{cases}$

Corta a OX en **(1/2,0), e (5/2,0)**

Monotonía

f'(x) = -8x+12; f'(x)=0 $\Rightarrow$ x= $\dfrac{3}{2}$ punto crítico



En $\left(-\infty, \dfrac{3}{2}\right)$, f'(x) >0 $\Rightarrow$ f crecente en $\left(-\infty, \dfrac{3}{2}\right)$

En $\left(\dfrac{3}{2}, \infty\right)$, f'(x) < 0 $\Rightarrow$ f decrecente en $\left(\dfrac{3}{2}, \infty\right)$

$X_0 = \frac{3}{2}$ → máximo relativo (e absoluto) → $f\left(\frac{3}{2}\right) = 4$ **Vértice da parábola (3/2,4)**



CONVOCATORIA ORDINARIA 2020
MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

b) Area pedida:

g(x)=y=0

Área=$\left|\int_1^2 (f(x)-g(x))dx\right|=\left|\int_1^2(-4x^2+12x-5)dx\right| = \left.-4\frac{x^3}{3}+6x^2-5x\right]_1^2$

Aplicamos a regra de Barrow:

Area= $\left(-\frac{32}{3}+24-10\right)-\left(-\frac{4}{3}+6-5\right)=\frac{\mathbf{11}}{\mathbf{3}}\mathbf{u^2}$

PREGUNTA 5. Estatística e Probabilidade.

A e B sucesos. Datos P(A) = 0,4

P($\overline{B}$) = 0,7 $\Rightarrow$ P(B)= 0,3

P($\overline{B}|A$) = 0,75 $\Rightarrow$ P(B$|A$) = 1-0,75=0,25

a) P($A\cap\overline{B}$) = P(A)· P($\overline{B}|A$) = 0,4· 0,75= **0,3**

b) P(A $\cup$ B) = [P(A) + P(B) – P($A\cap B$)] = 0,4 +0,3 -0,25·0,4=**0,6**

xa que P($A\cap B$)= P(A)· P(B$|A$)=0,25·0,4

c) P($A\cap B$)= P(A)· P(B|A)=0,4 ·0,25= 0,1

d) A e B son sucesos independentes se P($A\cap B$)= P(A)· P(B)

P($A\cap B$)= P(A)· P(B$|A$)=0,25·0,4= **0,1**

P(A)·P(B)=0,4·0,3 =**0,12.** Son distintos P($A\cap B$) e P(A)· P(B), por o tanto A e B **non** son sucesos **independentes**

Tamén podemos resolver a pregunta a través de unha táboa:

	A	$\overline{A}$	
B	0,1	0,2	0,3
$\overline{B}$	0,3	0,4	0,7
	0,4	0,6	1

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 6. Estatística e Probabilidade.

Produción diaria de leite (en litros)= X $\sim$ N(μ, σ=50)

a) para calcular n

Intervalo de Confianza para μ : $\left(\bar{x} - Z_{\alpha/2} \cdot \frac{\sigma}{\sqrt{n}};\ \bar{x} + Z_{\alpha/2} \cdot \frac{\sigma}{\sqrt{n}}\right)$

Amplitude ao sumo 8 litros: $2Z_{\alpha/2} \cdot \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 2E \leq 8$

$1-\alpha=0{,}95 \Rightarrow \frac{\alpha}{2} = 0{,}025 \Rightarrow 1 - \frac{\alpha}{2} = 0{,}975 \Rightarrow Z_{\alpha/2} = 1{,}96$

$Z_{\alpha/2} \cdot \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = E = 1{,}96. \cdot \frac{50}{\sqrt{n}} \leq 4$

$n \geq \left(\frac{98}{4}\right)^2 = 600{,}25 \Rightarrow$ **Tamaño mínimo da mostra 601 dias**

b) n=25

X $\sim$ N(μ=950, σ=50)

$\bar{X} \sim$ N(μ=950, σ=$\frac{50}{\sqrt{25}}$)=N(950, 10)

$P(\bar{X} \leq 930) = P(Z \leq \frac{930-950}{10})$= P(Z≤ -2)= 1- P(Z≤ 2) $= 1 - 0{,}9772 = 0{,}0228$

Solución: A Probabilidade pedida, que a media das producións obtidas sexa menor ou igual a 930 litros, e **0,0228**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 1. Álxebra.

x= capacidade da granxa A

y= capacidade da granxa B

z= capacidade da granxa C

a) Sistema de ecuacións

x + y + z =405 $\longrightarrow$ x + y + z =405

x = y +0,2y $\longrightarrow$ 5x -6y =0

y = 2z $\longrightarrow$ y – 2z =0

$$\begin{pmatrix} 1 & 1 & 1 \\ 5 & -6 & 0 \\ 0 & 1 & -2 \end{pmatrix} \cdot \begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 405 \\ 0 \\ 0 \end{pmatrix} \Rightarrow A\cdot \begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 405 \\ 0 \\ 0 \end{pmatrix} \Rightarrow A^{-1}\cdot A \begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix} = A^{-1}\cdot \begin{pmatrix} 405 \\ 0 \\ 0 \end{pmatrix} \Rightarrow \begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix} = A^{-1}\cdot \begin{pmatrix} 405 \\ 0 \\ 0 \end{pmatrix}$$

b) $$\begin{pmatrix} 1 & 1 & 1 & 405 \\ 5 & -6 & 0 & 0 \\ 0 & 1 & -2 & 0 \end{pmatrix} \xrightarrow{-F_2+5F_1} \begin{pmatrix} 1 & 1 & 1 & 405 \\ 0 & 11 & 5 & 2025 \\ 0 & 1 & -2 & 0 \end{pmatrix} \xrightarrow[11F_3-F_2]{} \begin{pmatrix} 1 & 1 & 1 & 405 \\ 0 & 11 & 5 & 2025 \\ 0 & 0 & -27 & -2025 \end{pmatrix}$$

$$x + y + z = 405$$

$$11y + 5z = 2025$$

$-27z = -2025 \Rightarrow$ z=75 ; y=150 ; z=180

Solución: Pódense criar 180 polos na granxa A

150 polos na granxa B

75 polos na granxa C

(Tamén se podería resolver o sistema por calquera outro método)

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 2. Álxebra.

x = nº de habitacións tipo A

y = nº de habitacións tipo B

a) Sistema de inecuacións

$$\left.\begin{array}{r} y \leq x \\ x \leq 160 \\ x + y \leq 200 \\ x \geq 0, y \geq 0 \end{array}\right\}$$

b) Vértices

A: $\left.\begin{array}{r} y = 0 \\ x = y \end{array}\right\} A(0,0)$

B: $\left.\begin{array}{r} x + y = 200 \\ y = x \end{array}\right\} B(100,100)$

C: $\left.\begin{array}{r} x = 160 \\ x + y = 200 \end{array}\right\} C(160,40)$

D: $\left.\begin{array}{r} x = 160 \\ y = 0 \end{array}\right\} D(160,0)$



c) Función obxectivo **Max f(x, y) = 80x + 50y**

Avaliamos a función obxectivo nos vértices

f(A) =f (0,0)= 0

f(B) = f (100, 100)= 13000

f(C) = f (160, 40) =**14800** $\rightarrow$ Máximo, **solución óptima**

f(D) = f (160,0) =12800

Solución: O coste máximo que podería afrontar o comité organizador serían **14800 euros** que se corresponden coa contratación de **160 habitacións tipo A** e **40 habitacións tipo B.**

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 3.Análise.

G(t)=$\begin{cases} 4-\left(\frac{t}{3}\right),\ 0 \leq t \leq 3 \\ (5t-3)/\ (t+1),\ t>3 \end{cases}$ sendo t o tempo en anos transcorridos.

a)

G(t)=$4 \rightarrow \begin{cases} 4-\left(\frac{t}{3}\right)=4 \Rightarrow \mathbf{t=0} \\ (5t-3)/\ (t+1)=\ 4 \Rightarrow 5t-3=4t+4 \Rightarrow \mathbf{t=7} \end{cases}$

Solución: Os gastos son iguais a 400000 euros a o inicio (t=0) e transcorridos 7 anos.

b)

- En $(0,3)$, G(t)= $4-\left(\frac{t}{3}\right)$

G'(t) =-1/3 <0 ⇒ G decrecente en $(0,3)$



- En $(3,\infty)$, G(t)= $(5t-3)/\ (t+1)$

G'(t) = $8/(t+1)^2 > 0$ ⇒ G crecente en $(3,\infty)$

G(3)=G(3^+)= 3

G(0)= 4

G ten un mínimo en t=3

Solución:

G decrece ata transcorridos 3 anos e a partir de ese momento e crecente.

O gasto mínimo alcanzase transcorridos 3 anos e vale 300000 euros

c) $\lim_{t\to\infty} G(t) = \lim_{t\to\infty} \left(\frac{5t-3}{t+1}\right)$ = 5

Solución:

Co paso do tempo os gastos irán crecendo, tendendo o seu valor a 500000 euros.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 4. Análise.

a) **Ingresos** $\mathbf{I(x)= 60x,\ 0\leq x\leq 70}$

Beneficios $\mathbf{B(x)=}I(x)-C(x) = 60x-x^2 +10x=\mathbf{70x-x^2}$, $\mathbf{0\leq x\leq 70}$

b) $B'(x)= -2x +70$

$B'(x)=0= -2x +70 \rightarrow x=35$, punto crítico

- En $(0, 35)$, $B'(x)>0 \rightarrow B$ crecente
- En $(35,70)$, $B'(x)<0 \rightarrow B$ decrecente



En $x=35$ hai un máximo

$I(35)=60x35=2100$ euros

$C(35)=35^2 -10x35= 875$ euros

$B(35)=70x35 - 35^2 = 1225$ euros

Solución:

Para obter os máximos beneficios debe producir 35 paraugas diarios.

Neste caso os ingresos diarios ascenden a 2100 euros, os costes a 875 euros e os beneficios a 1225.

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 5. Estatística e Probabilidade.

Consideramos os sucesos :

A “ vehículo subministrado polo distribuidor A “

B “ vehículo subministrado polo distribuidor B “

C “ vehículo subministrado polo distribuidor C “

D “ vehículo con algún defecto”

Coñecemos as probabilidades: P(A)=$\frac{240}{1200}$ = 0,2; P(B)=$\frac{600}{1200}$ = 0,5; P(C)=$\frac{360}{1200}$ = 0,3;

P(D|A) = 0,1; P(D|B) = 0,2 ;P(D|C) = 0,15



a) Prob. Pedida= P(rexeitar pedido)=P(D) = P(D|A) x P(A)+ P(D|B)x P(B) +P(D|C)x P(C) = 0,2x0,1+0,5x0,2+0,3x0,15 =0,165 → 16,5%

Solución: A porcentaxe de pedidos rexeitados e do 16,5%

b) P(A|$\overline{D}$)=P(A∩$\overline{D}$)/P($\overline{D}$)= ((1-0,1)x0,2)/(1-0,165)=36/167=0,2155..

A probabilidade de que proveña do distribuidor A tendo en conta que non e defectuoso e 0,2155

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

PREGUNTA 6. Estatística e Probabilidade.

p = proporción de afeccionados a lectura que adquirirán a obra

a) O intervalo de confianza para p e da forma $\left(\hat{p} \pm z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{\hat{p}(1-\hat{p})}{n}}\right)_{1-\alpha}$ =(0,697, 0,903)

$\hat{p} = \frac{80}{100} = 0{,}8$

$0{,}8 + z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{0{,}8x0{,}2}{100}} = 0{,}903 \rightarrow z_{\alpha/2}x0{,}04=0{,}103 \rightarrow z_{\alpha/2}=2{,}575$

$\Rightarrow 1 - \alpha/2 = 0{,}9950$ (táboas) $\rightarrow 1-\alpha = 0{,}99$

Solución: Pódese afirmar cun nivel de confianza do 99%

b) p = 0,8 n=144

$\hat{p}$ =proporción mostral $\in N(\mu=p,\ \sigma = \sqrt{\frac{p(1-p)}{n}})$

$\hat{p} \in N(0{,}8,\ 0{,}03)$

$P(\hat{p} > 0{,}75) = P\left(Z > \frac{0{,}75-0{,}8}{0{,}03}\right) = P(Z>-1{,}67) = P(Z<1{,}67) = 0{,}9525$

Solución: A probabilidade de que a proporción de afeccionados a lectura que adquirirán a obra sexa superior o 75%, para mostras de n=144 persoas, e 0,9525

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA USC	**Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **Código: 40** **XUÑO 2019**

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responde solamente a los ejercicios de una de las opciones. Puntuación máxima de los ejercicios de cada opción: ejercicio 1 = 3 puntos, ejercicio 2 = 3 puntos, ejercicio 3 = 2 puntos, ejercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1. Consideramos las matrices $A=\begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 1 & 2 \end{pmatrix}$ y $B=\begin{pmatrix} 1 & 0 & 1 \\ 2 & 1 & 0 \end{pmatrix}$

a) Calcula la matriz $B^t \cdot A \cdot B$.
b) Calcula la inversa de la matriz $A-I$, en donde I es la matriz identidad de orden 2.
c) Despeja la matriz X en la ecuación matricial $A \cdot X - B = X$ y calcúlala.

2. El número de espectadores de una serie (N), en millones, en función del tiempo (t), en años, sigue un modelo dado por la función: N (t)= $K+\dfrac{8t}{1+t^2}$

a) Calcula el valor de K si se sabe que al final del segundo año el número de espectadores era de 4.2 millones.

b) Estudia el crecimiento, el decrecimiento y el momento y valor máximo de la audiencia.

3. Los videojuegos que se consumen en Galicia se juegan el 45% en consola y el resto en el móvil. De los que se juegan en consola, el 70% son de acción, el 10% de estrategia y el resto de otras categorías. De los juegos para móvil, un 25% son de acción, otro 25% de estrategia y el resto de otras categorías.
a) ¿Qué porcentaje de los videojuegos consumidos en Galicia son de acción?
b) Se elige al azar un jugador que está jugando a un juego de estrategia: ¿cuál es la probabilidad de que lo esté haciendo a través del móvil?

4) Un estudio electoral con una muestra de 400 electores obtiene un intervalo para la proporción de votantes de un partido de [0.23, 0.31]. **a)** ¿Cuánto vale la proporción muestral? **b)** ¿Cuál es el nivel de confianza con el que se estableció el intervalo? **c)** ¿Cuál es el error máximo cometido con el intervalo anterior?

OPCIÓN B

1. Una tienda deportiva desea liquidar 2000 camisetas y 1000 chándales de la temporada anterior. Para ello lanza dos ofertas, 1 y 2. La oferta 1 consiste en un lote de una camiseta y un chándal, que se vende a 30 €; la oferta 2 consiste en un lote de tres camisetas y un chándal, que se vende a 50 €. No se desea ofrecer menos de 200 lotes de la oferta 1 ni menos de 100 de la oferta 2.

a) Plantea el problema que permite determinar cuántos lotes de cada tipo debe vender para maximizar los ingresos. **b)** Representa la región factible. **c)** ¿Cuántos lotes ha de vender de cada tipo para maximizar los ingresos? ¿A cuánto ascienden dichos ingresos?

2. Dada la función $f(x)=x^2-6x+8$

a) Realiza su representación gráfica estudiando sus puntos de corte con los ejes, monotonía y extremo relativo.

b) Calcula el área del recinto limitado por la gráfica de la función y los ejes de coordenadas.

3. En una población, de cada 100 consumidores de agua mineral 30 consumen la marca A, 25 la marca B y el resto la marca C. Además, el 30% de consumidores de A, el 20% de consumidores de B y el 40% de consumidores de C son mujeres. **a)** Se selecciona al azar un consumidor de agua mineral de esa población: ¿cuál es la probabilidad de que sea mujer? **b)** Si se ha seleccionado al azar una mujer, halla la probabilidad de que consuma la marca B.

4. Después de años de utilizarlo se sabe que la puntuación de un test de uso habitual en cierta rama industrial sigue una distribución normal de media 74 y desviación típica 16. En una empresa se decide realizarlo a 100 de sus empleados. **a)** ¿Cuál es la probabilidad de que se obtenga una media muestral superior a 78 puntos, de seguirse la pauta general? **b)** ¿Y la probabilidad de que la media muestral sea inferior a 74 puntos?

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA USC	**Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **XUÑO 2019**	**Código: 40**

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responde soamente aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1. Consideramos as matrices $A=\begin{pmatrix}1 & 1\\ 1 & 2\end{pmatrix}$ e $B=\begin{pmatrix}1 & 0 & 1\\ 2 & 1 & 0\end{pmatrix}$

a) Calcula a matriz $B^t \cdot A \cdot B$.
b) Calcula a inversa da matriz $A-I$, onde I é a matriz identidade de orde 2.
c) Despexa a matriz X na ecuación matricial $A \cdot X - B = X$ e calcúlaa.

2. O número de espectadores dunha serie (N), en millóns, en función do tempo (t), en anos, segue un modelo dado pola función: N (t)= N (t)= $K+\frac{8t}{1+t^2}$

a) Calcula o valor de K se se sabe que ao final do segundo ano o número de espectadores era de 4.2 millóns.

b) Estuda o crecemento, o decrecemento e o momento e valor máximo da audiencia.

3. Os videoxogos que se consumen en Galicia xóganse o 45% en consola e o resto no móbil. Dos que se xogan en consola, o 70% son de acción, o 10% de estratexia e o resto doutras categorías. Dos xogos para móbil, un 25% son de acción, outro 25% de estratexia e o resto doutras categorías.
a) Que porcentaxe dos videoxogos consumidos en Galicia son de acción? **b)** Elíxese ao azar un xogador que está xogando a un xogo de estratexia: cal é a probabilidade de que o estea facendo a través do móbil?

4) Un estudo electoral cunha mostra de 400 electores obtén un intervalo para a proporción de votantes dun partido de [0.23, 0.31]. **a)** Canto vale a proporción mostral? **b)** Cal é o nivel de confianza co que se estableceu o intervalo? **c)** Cal é o erro máximo cometido co intervalo dado?

OPCIÓN B

1. Unha tenda deportiva desexa liquidar 2000 camisetas e 1000 chándales da tempada anterior. Para iso lanza dúas ofertas, 1 e 2. A oferta 1 consiste nun lote dunha camiseta e un chándal, que se vende a 30 €; a oferta 2 consiste nun lote de tres camisetas e un chándal, que se vende a 50 €. Non se desexa ofrecer menos de 200 lotes da oferta 1 nin menos de 100 da oferta 2.

a) Formula o problema que permite determinar cantos lotes de cada tipo debe vender para maximizar os ingresos. **b)** Representa a rexión factible. **c)** Cantos lotes ha de vender de cada tipo para maximizar os ingresos? A canto ascenden os ditos ingresos?

2. Dada a función $f(x)=x^2-6x+8$

a) Realiza a súa representación gráfica estudando os seus puntos de corte cos eixes, monotonía e extremo relativo.

b) Calcula a área do recinto limitado pola gráfica da función e os eixes de coordenadas.

3. Nunha poboación, de cada 100 consumidores de auga mineral 30 consumen a marca A, 25 a marca B e o resto a marca C. Ademais, o 30% de consumidores de A, o 20% de consumidores de B e o 40% de consumidores de C son mulleres. **a)** Selecciónase ao azar un consumidor de auga mineral desa poboación: cal é a probabilidade de que sexa muller? **b)** Se se seleccionou unha muller ao azar, acha a probabilidade de que consuma a marca B.

4. Logo de anos de utilizalo sábese que a puntuación dun test de uso habitual en certa rama industrial segue unha distribución normal de media 74 e desviación típica 16. Nunha empresa decídese realizalo a 100 dos seus empregados. **a)** Cal é a probabilidade de que se obteña unha media mostral superior a 78 puntos, de seguirse a pauta xeral? **b)** E a probabilidade de que a media mostral sexa inferior a 74 puntos?

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	**Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade** **Código: 40** **XULLO 2019**

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responde solamente a los ejercicios de una de las opciones. Puntuación máxima de los ejercicios de cada opción: ejercicio 1 = 3 puntos, ejercicio 2 = 3 puntos, ejercicio 3 = 2 puntos, ejercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1. En una caja hay billetes de 5, 10 y 20 por un valor de 400 €. Se sabe que el número de billetes de 20 € es la tercera parte del total y que el número de billetes de 5 € es inferior en 4 unidades al del resto.

a) Escribe un sistema de ecuaciones que represente el problema. **b)** Escríbelo en forma matricial.

c) Calcula la matriz inversa de la matriz de coeficientes y resuelve el sistema.

2. El precio de venta de un electrodoméstico en un centro comercial (en cientos de euros) viene dado por la función:

$P(t)=\dfrac{24}{t^2-4t+16}+2$ siendo t ≥ 0 el tiempo transcurrido en *años* desde el momento en que se puso a la venta

a) Calcula el precio de lanzamiento del producto. ¿En qué momento el precio del electrodoméstico vuelve a ser el mismo que el precio de lanzamiento? **b)** Determina los períodos en los que el precio del electrodoméstico ha aumentado y ha disminuido. ¿Cuál ha sido el precio de venta máximo? ¿En qué momento se ha producido? **c)** Estudia la tendencia del precio de venta del electrodoméstico con el paso del tiempo.

3. En una ciudad, el 20% de las personas que acceden a un centro comercial proceden del centro de la ciudad, el 45% de barrios periféricos y el resto de pueblos cercanos. Efectúan alguna compra el 60%, el 75% y el 50% de cada procedencia respectivamente. **a)** Si un determinado día visitan el centro comercial 2000 personas, ¿cuál es el número esperado de personas que no realizan compras? **b)** Si elegimos al azar una persona que ha realizado alguna compra en ese centro comercial, ¿cuál es la probabilidad de que proceda de un pueblo cercano?

4. Se tomó una muestra aleatoria de 100 jóvenes y se les midió el nivel de glucosa en sangre obteniendo una media muestral de 105 mg/cm^3. Se sabe que la desviación típica en la población es de 15mg/cm^3. **a)** Obtén un intervalo de confianza, al 95%, para el nivel medio de glucosa en sangre en la población. **b)** ¿Cuánto vale el error máximo en el intervalo anterior? **c)** ¿Qué ocurre con la amplitud del intervalo si el nivel de confianza es del 99%?

OPCIÓN B

1. Una bodega produce vinos blancos y tintos. La producción de ambos tipos de vino no debe superar los 90 millones de litros y la producción de vino blanco no debe superar el doble de la de vino tinto ni ser inferior a su mitad. También se sabe que para atender la demanda se deben producir al menos 45 millones de litros. La bodega comercializa el vino blanco a 8€ el litro y el tinto a 6€ el litro. **a)** Plantea y representa gráficamente el problema. **b)** ¿A cuánto ascienden los ingresos máximos y como se consiguen?

2. Considera la función $f(x)=\begin{cases} x^2-4x+3 & \text{si } 0\leq x\leq 4 \\ 7-x & \text{si } 4<x\leq 7 \end{cases}$

a) Representa la función estudiando sus puntos de corte con los ejes, monotonía y extremos relativos. ¿Para qué valores de x es $f(x)\geq 0$? **b)** Calcula el área del recinto limitado por los ejes y la parte de la función tal que $f(x)\geq 0$.

3. Para la construcción de un panel luminoso se dispone de un contenedor con 200 bombillas blancas, 150 bombillas azules y 250 bombillas rojas. La probabilidad de que una bombilla del contenedor no funcione es 0,01 si es blanca, 0,02 si es azul y 0,03 si es roja. Se elige al azar una bombilla del contenedor: **a)** Calcula la probabilidad de que la bombilla no funcione.

b) Sabiendo que la bombilla elegida funciona, calcula la probabilidad de que dicha bombilla no sea roja.

4.a) En una muestra aleatoria de $n=25$ estudiantes de bachillerato, el 75% afirman querer realizar estudios universitarios. Calcula un intervalo de confianza para la proporción de estudiantes de bachillerato que quieren realizar estudios universitarios con un nivel de confianza del 90%.

b) Si se sabe que 8 de cada 10 estudiantes de bachillerato afirman querer realizar estudios universitarios y tomamos una muestra aleatoria de $n=100$ estudiantes, ¿cuál es la probabilidad de que la proporción de estudiantes de la muestra que quieren realizar estudios universitarios sea superior al 65%?

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade **Código: 40**

XULLO 2019

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responde soamente aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1.Nunha caixa hai billetes de 5, 10 e 20 por un valor de 400 €. Sábese que o número de billetes de 20 € é a terceira parte do total e que o número de billetes de 5 € é inferior en 4 unidades ao do resto.

a) Escribe un sistema de ecuacións que represente o problema. **b)** Escríbeo en forma matricial.

c) Calcula a matriz inversa da matriz de coeficientes e resolve o sistema.

2. O prezo de venda dun electrodoméstico nun centro comercial (en centos de euros) vén dado pola función:

$P(t)=\dfrac{24}{t^2-4t+16}+2$ sendo t ≥ 0 o tempo transcorrido, en *anos*, desde o momento en que se puxo á venda

a) Calcula o prezo de lanzamento do produto. En que momento o prezo do electrodoméstico volve ser o mesmo que o prezo de lanzamento?

b) Determina os períodos nos que o prezo do electrodoméstico aumentou e diminuíu. Cal foi o prezo de venda máximo? En que momento se produciu?

c) Estuda a tendencia do prezo de venda do electrodoméstico co paso do tempo.

3. Nunha cidade, o 20% das persoas que acceden a un centro comercial proceden do centro da cidade, o 45% de barrios periféricos e o resto de vilas próximos. Efectúan algunha compra o 60%, o 75% e o 50% de cada procedencia respectivamente. **a)** Se un determinado día visitan o centro comercial 2000 persoas, cal é o número esperado de persoas que non realizan compras? **b)** Se eliximos ao azar unha persoa que realizou algunha compra nese centro comercial, cal é a probabilidade de que proceda dunha vila próxima?

4. Tomouse unha mostra aleatoria de 100 mozos e mediuselles o nivel de glicosa en sangue obténdose unha media mostral de 105 mg/cm^3. Sábese que a desviación típica na poboación é de 15mg/cm^3. **a)** Obtén un intervalo de confianza, ao 95%, para o nivel medio da glicosa en sangue na poboación. **b)** Canto vale o erro máximo no intervalo anterior? **c)** Que ocorre coa amplitude do intervalo se o nivel de confianza é do 99%?

OPCIÓN B

1. Unha adega produce viños brancos e tintos. A produción de ambos os tipos de viño non debe superar os 90 millóns de litros e a produción de viño branco non debe superar o dobre da de viño tinto nin ser inferior á súa metade. Tamén se sabe que para atender a demanda debe producir polo menos 45 millóns de litros. A adega comercializa o viño branco a 8€ o litro e o tinto a 6€ o litro. **a)** Formula e representa graficamente o problema. **b)** A canto ascenden os ingresos máximos e como se conseguen?

2. Considera a función $f(x)=\begin{cases} x^2-4x+3 & \text{se } 0\leq x\leq 4 \\ 7-x & \text{se } 4<x\leq 7 \end{cases}$

a) Representa a función estudando os seus puntos de corte cos eixes, monotonía e extremos relativos. Para que valores de x é f(x) ≥ 0? **b)** Calcula a área do recinto limitado polos eixes e a parte da función tal que f (x) ≥ 0.

3. Para a construción dun panel luminoso disponse dun contedor con 200 lámpadas brancas, 150 lámpadas azuis e 250 lámpadas vermellas. A probabilidade de que unha lámpada do contedor non funcione é 0,01 se é branca, 0,02 se é azul e 0,03 se é vermella. Elíxese ao azar unha lámpada do contedor **a)** Calcula a probabilidade de que a lámpada non funcione. **b)** Sabendo que a lámpada elixida funciona, calcula a probabilidade de que a dita lámpada non sexa vermella.

4.a) Nunha mostra aleatoria de $n=25$ estudantes de bacharelato, o 75% afirman querer realizar estudos universitarios. Calcula un intervalo de confianza para a proporción de estudantes de bacharelato que queren realizar estudos universitarios cun nivel de confianza do 90%.

b) Se se sabe que 8 de cada 10 estudantes de bacharelato afirman querer realizar estudos universitarios e tomamos unha mostra aleatoria de $n=100$ estudantes, cal é a probabilidade de que a proporción de estudantes da mostra que queren realizar estudos universitarios sexa superior ao 65%?

CONVOCATORIA DE XUÑO 2019
MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

(O alumno/a debe responder só os exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1. Consideramos as matrices $A=\begin{pmatrix}1 & 1\\ 1 & 2\end{pmatrix}$ e $B=\begin{pmatrix}1 & 0 & 1\\ 2 & 1 & 0\end{pmatrix}$

a) Calcula a matriz $B^t \cdot A \cdot B$.
b) Calcula a inversa da matriz $A-I$, onde I é a matriz identidade de orde 2.
c) Despexa a matriz X na ecuación matricial $A \cdot X - B = X$ e calcúlaa.

2. O número de espectadores dunha serie (N), en millóns, en función do tempo (t), en anos, segue un modelo dado pola función: N (t)= N (t)= $K+ \frac{8\,t}{1+t^{\,2}}$

a) Calcula o valor de K se se sabe que ao final do segundo ano o número de espectadores era de 4.2 millóns.

b) Estuda o crecemento, decrecemento e o momento e valor máximo da audiencia.

3. Os videoxogos que se consumen en Galicia xóganse o 45% en consola e o resto no móbil. Dos que se xogan en consola, o 70% son de acción, o 10% de estratexia e o resto doutras categorías. Dos xogos para móbil, un 25% son de acción, outro 25% de estratexia e o resto doutras categorías.
a) Que porcentaxe dos videoxogos consumidos en Galicia son de acción? **b)** Elíxese ao azar un xogador que está xogando a un xogo de estratexia cal é a probabilidade de que o estea facendo a través do móbil?

4) Un estudo electoral cunha mostra de 400 electores obtén un intervalo para a proporción de votantes dun partido de [0.23, 0.31]. **a)** Canto vale a proporción muestral? **b)** Cal é o nivel de confianza co que se estableceu o intervalo? **c)** Cal é o erro máximo cometido co intervalo dado?

OPCIÓN B

1. Unha tenda deportiva desexa liquidar 2000 camisetas e 1000 chándales da tempada anterior. Para iso lanza dúas ofertas, 1 e 2. A oferta 1 consiste nun lote dunha camiseta e un chándal, que se vende a 30 €; a oferta 2 consiste nun lote de tres camisetas e un chándal, que se vende a 50 €. Non se desexa ofrecer menos de 200 lotes da oferta 1 nin menos de 100 da oferta 2.

a) Formula o problema que permite determinar cantos lotes de cada tipo debe vender para maximizar os ingresos **b)** Representa a rexión factible **c)** Cantos lotes ha de vender de cada tipo para maximizar os ingresos? A canto ascenden ditos ingresos?

2. Dada a función $f(x)=x^2-6x+8$

a) Realiza a súa representación gráfica estudando os seus puntos de corte cos eixes, monotonía e extremo relativo.

b) Calcula a área do recinto limitado pola gráfica da función e os eixes de coordenadas.

3. Nunha poboación de cada 100 consumidores de auga mineral, 30 consumen a marca A, 25 a marca B e o resto a marca C. Ademais, o 30% de consumidores de A, o 20% de consumidores de B e o 40% de consumidores de C son mulleres. **a)** Selecciónase ao azar un consumidor de auga mineral desa poboación, cal é a probabilidade de que sexa muller? **b)** Se se seleccionou unha muller ao azar acha a probabilidade de que consuma a marca B.

4. Logo de anos de utilizalo sábese que a puntuación dun test de uso habitual en certa rama industrial segue unha distribución normal de media 74 e desviación típica 16. Nunha empresa decídese realizalo a 100 dos seus empregados. **a)** Cal é a probabilidade de que se obteña unha media muestral superior a 78 puntos, de seguirse a pauta xeral? **b)** E a probabilidade de que a media muestral sexa inferior a 74 puntos?

CONVOCATORIA DE XULLO 2019

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

(O alumno/a debe responder só os exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1.Nunha caixa hai billetes de 5, 10 e 20 por un valor de 400 €. Sábese que o número de billetes de 20 € é a terceira parte do total e que o número de billetes de 5 € é inferior en 4 unidades ao do resto.

a) Escribe un sistema de ecuacións que represente o problema. **b)** Escríbeo en forma matricial.

c) Calcula a matriz inversa da matriz de coeficientes e resolve o sistema.

2. O prezo de venda dun electrodoméstico nun centro comercial (en centos de euros), vén dado pola función:

$P(t)=\dfrac{24}{t^2-4t+16}+2$ sendo t ≥ 0 o tempo transcorrido, en *anos*, desde o momento en que se puxo a venda

a) Calcula o prezo de lanzamento do produto En que momento o prezo do electrodoméstico volve ser o mesmo que o prezo de lanzamento?

b) Determina os períodos nos que o prezo do electrodoméstico aumentou e diminuíu. Cal foi o prezo de venda máximo? En que momento produciuse?

c) Estuda a tendencia do prezo de venda do electrodoméstico co paso do tempo.

3. Nunha cidade, o 20% das persoas que acceden a un centro comercial proceden do centro da cidade, o 45% de barrios periféricos e o resto de pobos próximos. Efectúan algunha compra o 60%, o 75% e o 50% de cada procedencia respectivamente. **a)** Se un determinado día visitan o centro comercial 2000 persoas, cal é o número esperado de persoas que non realiza compras? **b)** Se eliximos unha persoa ao azar que realizou algunha compra nese centro comercial cal é a probabilidade de que proceda dun pobo próximo?

4. Tomouse unha mostra aleatoria de 100 mozos e medíuselles o nivel de glicosa en sangue obténdose unha media mostral de 105 mg/cm^3. Sábese que a desviación típica na poboación é de 15mg/cm^3. **a)** Obtén un intervalo de confianza, ao 95%, para o nivel medio da glicosa en sangue na poboación. **b)** Canto vale o erro máximo no intervalo anterior? **c)** Que ocorre co a amplitude do intervalo se o nivel de confianza é do 99%?

OPCIÓN B

1. Unha adega produce viños brancos e tintos. A produción de ambos tipos de viño non debe superar os 90 millóns de litros e a produción de viño branco non debe superar o dobre da de viño tinto nin ser inferior a súa metade. Tamén se sabe que para atender a demanda debe producir ao menos 45 millóns de litros. A adega comercializa o viño branco a 8€ o litro e o tinto a 6€ o litro. **a)** Formula e representa graficamente o problema. **b)** A canto ascenden os ingresos máximos e como se conseguen?

2. Considera a función $f(x)=\begin{cases} x^2-4x+3 & \text{se } 0\leq x\leq 4 \\ 7-x & \text{se } 4<x\leq 7 \end{cases}$

a) Representa a función estudando os seus puntos de corte cos eixes, monotonía e extremos relativos. Para que valores de x é f(x) $\geq$ 0? **b)** Calcula a área do recinto limitado polos eixes e a parte da función tal que f (x) $\geq$ 0.

3. Para a construción dun panel luminoso disponse dun contedor con 200 lámpadas brancas, 150 lámpadas azuis e 250 lámpadas vermellas. A probabilidade de que unha lámpada do contedor non funcione é 0,01 se é branca, 0,02 se é azul e 0,03 se é vermella. Elíxese ao azar unha lámpada do contedor **a)** Calcula a probabilidade de que a lámpada non funcione. **b)** Sabendo que a lámpada elixida funciona, calcula a probabilidade de que dita lámpada non sexa vermella.

4.a) Nunha mostra aleatoria de estudantes $n=25$ de bacharelato, o 75% afirman querer realizar estudos universitarios. Calcula un intervalo de confianza para a proporción de estudantes de bacharelato que queren realizar estudos universitarios cun nivel de confianza do 90%.

b) Se se sabe que 8 de cada 10 estudantes de bacharelato afirman querer realizar estudos universitarios e tomamos unha mostra aleatoria de $n=100$ estudantes, cal é a probabilidade de que a proporción de estudantes da mostra que queren realizar estudos universitarios sexa superior ao 65%?

Exemplos de resposta / Solucións

ABAU

CONVOCATORIA DE XUÑO Ano 2019
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)
OPCIÓN A

1) **a) 1 punto**

- 0,5 puntos pola obtención da matriz $B^t.A$
- 0,5 puntos pola obtención da matriz $B^t.A.B$

b) 1 punto

c) 1 punto

- 0,5 despexar X
- 0,5 calculala

2) **a) 1 punto**

b) 2 puntos

- 1 punto estudo crecemento e decrecemento
- 1 momento e valor máximo

3) **a) 1 punto**

b) 1 punto

4) **a) 0,5 puntos**

- 0,5 puntos calcular proporción mostral

b) 1 punto

c) 0,5 puntos

Exemplos de resposta / Solucións

ABAU

CONVOCATORIA DE XUÑO Ano 2019
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)
OPCIÓN B

1) **a) 1 punto**

b) 1,25 puntos

- 0,75 puntos cálculo vértices
- 0,5 representar

c) 0,75 puntos

2) **a) 2 puntos:**

- 0,5 puntos corte eixes
- 0,5 monotonía
- 0,5 extremo relativo
- 0,5 representación gráfica

b) 1 punto

3) **a) 1 punto**

b) 1 punto

4) **a) 1 punto**

b) 1 punto

Exemplos de resposta / Solucións

ABAU

CONVOCATORIA DE XULLO Ano 2019
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)

OPCIÓN A

1) a) 0,75 puntos

b) 0,75 puntos

c) 0,75 puntos

2) a) 1 punto

b) 1,5 puntos

- 1 punto estudo aumento e diminución do prezo
- 0,5 puntos prezo máximo e momento

c) 0, 5 puntos

3) a) 1,25 puntos

b) 0,75 puntos

4) a) 1 punto

b) 0,5 puntos

c) 0,5 puntos

Exemplos de resposta / Solucións

ABAU

CONVOCATORIA DE XULLO Ano 2019
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40)
OPCIÓN B

1) a) 2,25 puntos

- 1 punto formular problema
- 0,75 cálculo vértices
- 0,5 representar

b) 0,75 puntos

2) a) 2 punto

- 0,5 puntos de corte
- 0,75 puntos monotonía e extremos
- 0,5 puntos pola representación gráfica
- 0,25 x / $f(x) \geq 0$

b) 1 punto

- 0,5 puntos por formular a integral
- 0,25 puntos por resolver a integral
- 0,25 puntos substituír

3) a) 1 punto

b) 1 punto

4) a) 1 punto

b) 1 punto

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO 2019

MATEMÁTICAS APLICADAS CIENCIAS SOCIAIS II (Cód. 40) OPCIÓN A

Exercicio 1:

$$A = \begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 1 & 2 \end{pmatrix} \quad \mathrm{B} = \begin{pmatrix} 1 & 0 & 1 \\ 2 & 1 & 0 \end{pmatrix}$$

(b) Calcula o punto ou puntos desa rexión onde a función alcanza o seu valor máximo e o seu valor mínimo.

2. Os beneficios dunha compañía en millóns de euros, nos seus primeiros sete anos, foron estimados pola función $B(x)=ax^3-3x^2+bx,\ 0\le x\le 7,$ onde x indica o tempo transcorrido en anos, desde a súa fundación.

(a) Calcula os valores de a e b sabendo que a compañía tivo uns beneficios máximos de 8 millóns de euros no segundo ano.

(b) Supoñamos que a = 1/4 e b = 9. Determina cando a empresa non tivo beneficios. Calcula $\int_0^6 B(x)\,dx$.

3. Un artigo distribuído en tres marcas distintas A, B e C véndese nun supermercado. Obsérvase que o 30% das vendas diarias do artigo son da marca A, o 50% son da marca B e o resto son da marca C. Sábese ademais que o 60% das vendas da marca A realízase pola mañá, o 55% das vendas da marca B pola tarde e o 40% da marca C véndese pola mañá.

(a) Calcula a porcentaxe de vendas do artigo efectuadas pola mañá.

(b) Se a venda se efectuou pola tarde, calcula a probabilidade de que o artigo sexa da marca C.

4. Como resultado dunha enquisa na que se utilizou o suposto de máxima indeterminación (p = 1 – p = 1/2) afírmase que, cun 97,56% de confianza, a porcentaxe de individuos dunha poboación que considera o alcol e/ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico, está entre o 57,5% e o 62,5%.

(a) Calcula o número de individuos desa poboación aos que se lles realizou a enquisa.

(b) Dos que se lles realizou a enquisa, ¿cantos contestaron que a causa principal dos accidentes é o alcol e/ou as drogas?

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA
Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade
Código: 40
SETEMBRO 2017

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(*O alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos*)

OPCIÓN A

1. Sexan as matrices $A=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&2&a\\0&1&a\end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&b&1\\0&1&0\end{pmatrix}$ e $C=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&-1&1\\0&c&c\end{pmatrix}$.

(a) Calcula os valores de a, b e c para que se satisfaga a igualdade $A\cdot B+B\cdot C=2I$, I matriz identidade de orde 3.
(b) Para a = 4, b = –3 e c = 1 calcula o rango da matriz $A + B - 2C$.

2. O prezo en euros das accións de certo grupo empresarial ao longo dun ano estimouse pola función:

$$P(t)=\begin{cases}15+2t-t^2, & 0\le t\le 3\\ \frac{1}{3}t+11, & 3<t\le 12\end{cases}$$, sendo t o tempo transcorrido en meses.

(a) Determina os períodos nos que aumentou e nos que diminuíu o prezo e calcula o seu prezo máximo e o seu prezo mínimo.
(b) Determina o período no que o prezo das accións foi inferior ou igual a 13,75 euros. Representa a gráfica da función $P(t)$.

3. O 60% dos individuos dunha poboación está vacinado contra certa enfermidade. Durante unha epidemia sábese que o 20% contraeu a enfermidade e que o 3% está vacinado e contraeu a enfermidade.

(a) Calcula a porcentaxe de individuos que contraeu a enfermidade, entre os que non están vacinados.
(b) Calcula a porcentaxe de individuos vacinados, entre os que contraeron a enfermidade. Xustifica se os sucesos "estar vacinado" e "contraer a enfermidade" son dependentes ou independentes.

4. (a) Nunha mostra aleatoria de 200 clientes dun centro comercial, 150 efectúan as súas compras utilizando a tarxeta propia do centro. Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de clientes que efectúan as compras utilizando a tarxeta propia do centro. Interpreta o intervalo obtido.
(b) Se se sabe que 8 de cada 10 clientes do centro comercial utilizan para as súas compras a tarxeta propia do centro e tomamos unha mostra aleatoria de 100 clientes, ¿cal é a probabilidade de que a proporción de clientes da mostra que utilizan a tarxeta propia do centro sexa superior a 0,75?

OPCIÓN B

1. Unha fábrica de materiais plásticos produce dous tipos de colectores A e B. A súa produción semanal debe de ser de polo menos 10 colectores en total e o número de colectores de tipo B non pode superar en máis de 10 ao número dos de tipo A. Ademais, cada colector de tipo A ten uns custos de produción de 150€ e cada colector de tipo B de 100€, dispoñendo dun máximo de 6000€ semanais para o custo total de produción.

(a) Formula o sistema de inecuacións. Representa a rexión factible e calcula os seus vértices.
(b) Se cada colector de tipo A xera uns beneficios de 130€ e o de tipo B de 140€, ¿cantos colectores de cada tipo terán que producir á semana para que o beneficio total semanal sexa máximo?

2. Sexan as funcións $f(x)=x^2+2x-8$ e $g(x)=-x^2+4$.

(a) Representa o recinto limitado polas gráficas de $f(x)$ e $g(x)$, estudando os puntos de corte cos eixes, máximos, mínimos e os puntos nos que se cortan ambas as funcións.
(b) Calcula a área do devandito recinto.

3. Unha multinacional realiza operacións comerciais en tres mercados A, B e C. O 20% das operacións corresponden ao mercado B e nos mercados A e C realiza o mesmo número de operacións. Prodúcense atrasos no pago no 15%, 10% e 5% das operacións realizadas nos mercados A, B e C, respectivamente.

(a) Calcula a porcentaxe de operacións da multinacional nas que se producen atrasos no pago.
(b) ¿Que porcentaxe das operacións nas que se atrasou o pago foron realizadas no mercado A?

4. O tempo de formación, en horas, que necesita un empregado dunha empresa para poder traballar nunha nova planta segue unha distribución $N(\mu,\ \sigma=15)$.

(a) Elixida unha mostra de 36 empregados da empresa, obtense o intervalo de confianza (321,1, 330,9) para a media μ. Calcula o tempo medio de formación dos empregados da mostra e o nivel de confianza co que se construíu o intervalo.
(b) Supoñamos que o tempo de formación, en horas, que necesita un empregado desa empresa para poder traballar nunha nova planta segue unha distribución $N(\mu=326,\ \sigma=15)$. Calcula a probabilidade de que o tempo medio de formación non supere as 330 horas, en mostras de 36 empregados.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Operar coas matrices e formular as dúas ecuacións: **0,50 puntos**.
- Calcular os valores de x e y: **0,50 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Determinar o rango da matriz A: **0,50 puntos**.
- Determinar o rango da matriz B: **0,50 puntos**.

(c) **1 punto:**
- Despexar a matriz X na ecuación matricial: **0,25 puntos**.
- Operar alxébricamente coas matrices e chegar ao resultado: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **2,25 puntos**:
- Calcular a primeira derivada no primeiro anaco e o punto crítico: **0,25 puntos**.
- Xustificar que nese punto a función presenta un máximo : **0,25 puntos**.
- Calcular, no contexto do exercicio, as vendas máximas e o mes no que se alcanzaron: **0,50 puntos**.
- Xustificar que non foron as máximas vendas alcanzadas pola empresa nese ano: **0,75 puntos**.
- Representación gráfica: **0,50 puntos**.

(b) **0,75 puntos**:
- Calcular o intervalo no que a función é menor ou igual a 32: **0,50 puntos**.
- Responder no contexto do exercicio: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado: **0,50 puntos**.
- Expresar o resultado obtido coma porcentaxe: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Realizar os calculos precisos na probabilidade condicionada anterior e resultado: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **0,75 puntos:**
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**
- Interpretar o intervalo de confianza obtido: **0,25 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Determinar a distribución da media muestral: **0,25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Paso a táboas: **0,25 puntos**.
- Resultado: **0,25 puntos**.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2,25 puntos:**
- Vértices da rexión factible: **1,25 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible: **1 punto** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os catro vértices**)**.

(b) **0´75 puntos**:
- Calcular os valores da función obxectivo en cada un dos catro vértices: **0,25 puntos**.
- Puntos da rexión factible onde a función alcanza o seu valor máximo e o seu valor mínimo: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1,50 puntos:**
- Determinar a primeira derivada da función: **0,25 puntos**.
- Formular as dúas ecuacións coas condicións de máximo no punto dado e de pasar a función por ese punto: **0,75 puntos**.
- Obter o valor de *a* e de *b*: **0,50 puntos**.

(b) **1,50 puntos:**
- Determinar cando a empresa non tivo beneficios: **0,50 puntos**.
- Calcular a integral indefinida: **0,50 puntos**.
- Aplicar a regra de Barrow e resultado: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Aplicar o teorema das probabilidades totais, identificando cada unha das probabilidades do enunciado do exercicio e obter o resultado: **0,75 puntos**.
- Responder á pregunta da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1,25 puntos:**
- Calcular o radio do intervalo de confianza dado: **0,25 puntos**.
- Obter $z_{a/2}$: **0,25 puntos**.
- Identificar o valor do radio coa expresión numérica que lle corresponde e obter o valor de *n*: **0,50 puntos**.
- Responder no contexto do exercicio: **0,25 puntos.**

(b) **0,75 puntos:**
- Calculo do valor da proporción muestral: **0,25 puntos**.
- Calcular cantos, dos que se lles realizou a enquisa, contestaron que a causa principal dos accidentes é o alcol e/ou as drogas: **0,50 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2 puntos:**
- Calcular o produto das matrices $A \cdot B$: **0,50 puntos**.
- Calcular o produto das matrices $B \cdot C$: **0,50 puntos**.
- Formular as ecuacións e calcular os valores de *a*, *b* e *c*: **1 punto**.

(b) **1 punto:**
- Calcular a matriz $A + B - 2C$: **0,25 puntos**.
- Determinar o rango da matriz anterior: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1,75 puntos**:
- Calcular a primeira derivada: **0,25 puntos**.
- Determinar os períodos de crecemento e decrecemento no contexto do enunciado: **0,75 puntos**.
- Calcular o valor da función nos puntos extremos: **0,25 puntos**.
- Obter o prezo máximo e o prezo mínimo: **0,50 puntos**.

(b) **1,25 puntos**:
- Formular a inecuación pedida e resolvela no primeiro anaco: **0,25 puntos**.
- Formular a inecuación pedida e resolvela no segundo anaco: **0,25 puntos**.
- Responder no contexto do exercicio: **0,25 puntos**.
- Representar a gráfica da función: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado: **0,50 puntos**.
- Expresar o resultado obtido coma porcentaxe: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Obter o resultado e expresalo en porcentaxe: **0,25 puntos**.
- Xustificar que os sucesos son dependentes: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Calcular o valor da proporción muestral: **0,25 puntos**.
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**
- Interpretar o intervalo de confianza obtido: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Determinar a distribución da proporción muestral: **0,25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Paso a táboas e resultado: **0,25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2,50 puntos:**
- Formular o sistema de inecuacións: **1 punto**.
- Vértices da rexión factible: **0,75 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible: **0,75 puntos.**

(b) **0,50 puntos:**
- Determinar a función obxectivo a maximizar: **0,25 puntos**.
- Obter o número de colectores de cada tipo que terán que producir á semana para que o beneficio total semanal sexa máximo: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1,75 puntos:**
- Calcular os puntos de corte das funcións cos eixes: **0,50 puntos**.
- Polo cálculo do máximo e do mínimo: **0,50 puntos**.
- Polos puntos nos que se cortan ambas as funcións: **0,25 puntos**.
- Representar o recinto pedido: **0,50 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Expresión da área pedida: **0,50 puntos**.
- Cálculo da integral indefinida: **0,25 puntos**.
- Aplicar a regra de Barrow e resultado: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Aplicar o teorema das probabilidades totais, identificando cada unha das probabilidades do enunciado do exercicio e obter o resultado: **0,75 puntos**.
- Responder á pregunta da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado: **0,50 puntos**.
- Responder á pregunta da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Calcular o valor da media muestral: **0,25 puntos**.
- Identificar o radio do intervalo co valor numérico que lle corresponde: **0,25 puntos**.
- Obter $z_{a/2}$: **0,25 puntos**.
- Uso da táboa e obter o nivel de confianza: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Determinar a distribución da media muestral: **0,25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Uso das táboas e resultado: **0,25 puntos.**

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Dadas as matrices $A=\begin{pmatrix} 3 & 1 & 0 \\ 0 & 3 & 1 \\ 1 & 1 & 2 \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 2 & 0 & -1 \\ 2 & 3 & 2 \\ 0 & 2 & 2 \end{pmatrix}$, $C=\begin{pmatrix} -2 & 3 \\ 1 & -1 \end{pmatrix}$.

(a) **1 punto**. Calcula os valores de x e y para os que se cumpre a igualdade $C\cdot\begin{pmatrix} x \\ -y \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 1 & x \\ y & -1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} -1 \\ 1 \end{pmatrix}$.

- Calcular $\begin{pmatrix} -2 & 3 \\ 1 & -1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} x \\ -y \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} -2x-3y \\ x+y \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- Calcular $\begin{pmatrix} 1 & x \\ y & -1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} -1 \\ 1 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} -1+x \\ -y-1 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- Calcular os valores de x e y $\begin{pmatrix} -2x-3y \\ x+y \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} x-1 \\ -y-1 \end{pmatrix}\Leftrightarrow\begin{cases} -3x-3y=-1 \\ x+2y=-1 \end{cases}\Rightarrow\begin{cases} x=5/3 \\ y=-4/3 \end{cases}$ **0´50 puntos**.

(b) **1 punto.** *Determina o rango das matrices A e B.*

- Calcular o det(A) =16 **0´25 puntos**. Concluír que, como det(A) ≠ 0 entón o rango(A) =3 **0´25 puntos**.
- Calcular $\det(B)=0\Rightarrow$ rango(B) < 3. O menor, por exemplo, $\begin{pmatrix} 2 & 0 \\ 2 & 3 \end{pmatrix}$ ten $\det\begin{pmatrix} 2 & 0 \\ 2 & 3 \end{pmatrix}=6\neq 0$ **0´25 puntos**. Concluír que o rango (B) = 2 **0´25 puntos**.

(c) **1 punto.** *Calcula X na ecuación matricial* $X+A^t=2I+B$, *A^t matriz trasposta de A e I matriz identidade de orde 3.*

- Despexar X na ecuación matricial, $X=2I+B-A^t$ **0´25 puntos**.
- Determinar a trasposta da matriz A, $A^t=\begin{pmatrix} 3 & 0 & 1 \\ 1 & 3 & 1 \\ 0 & 1 & 2 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- Calcular $2I+B=\begin{pmatrix} 4 & 0 & -1 \\ 2 & 5 & 2 \\ 0 & 2 & 4 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- Chegar ao resultado $X=\begin{pmatrix} 1 & 0 & -2 \\ 1 & 2 & 1 \\ 0 & 1 & 2 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O número de unidades en miles vendidas por unha empresa do sector editorial durante o seu primeiro ano de existencia, estimouse pola función $V(t)=\begin{cases} 12t-t^2 & \text{se } 0\leq t\leq 7 \\ t^2-18t+112 & \text{se } 7<t\leq 12 \end{cases}$, t é o tempo transcorrido en meses desde a creación da empresa.

(a) **2´25 puntos**. *Nos primeiros sete meses, calcula as vendas máximas e o mes no que se alcanzaron. Xustifica se estas foron as máximas vendas alcanzadas pola empresa nese ano. Representa a gráfica de V(t).*

– Determinar a primeira derivada da función no primeiro anaco e o punto crítico
No intervalo (0, 7)

$$\left.\begin{array}{l} V'(t) = 12 - 2t;\ V'(t) = 0 \Rightarrow t = 6 \\ V''(t) = -2 < 0,\ \textit{para todo } t \end{array}\right\} \Rightarrow \textit{No punto } t = 6\ V(t) \textit{ presenta un máximo relativo e } V(6) = 36$$ **0´50 puntos**.

"Nos primeiros sete meses, as vendas foron máximas no sexto mes **0´25 puntos**.
"*E foron de 36000 unidades"* **0´25 puntos**.
Xustifiquemos se estas foron ou non as máximas vendas alcanzadas pola empresa nese ano:
– No intervalo (7, 12)

$$\left.\begin{array}{l} V'(t) = 2t - 18;\ V'(t) = 0 \Rightarrow t = 9 \\ V''(t) = 2 > 0,\ \textit{para todo } t \end{array}\right\} \Rightarrow \textit{No punto } t = 9\ V(t) \textit{ presenta un mínimo relativo e } V(9) = 31$$ **0´25 puntos**.

– Estudamos o valor da función no punto extremo da función, $t = 12$ $V(12) = 40$ **0´25 puntos**.
"Non foron as máximas vendas alcanzadas pola empresa nese ano, xa que as vendas máximas nese ano alcanzáronse no último mes e foron 40000 unidades" **0´25 puntos**.
– Representación gráfica de $V(t)$ **0´50 puntos**.



(b) **0´75 puntos**. *A partir do séptimo mes, ¿en que período o número de vendas foi menor ou igual a 32000 unidades?*

– Formulamos a inecuación:

$$t^2 - 18t + 112 \le 32 \Leftrightarrow t^2 - 18t + 80 \le 0$$ **0´25 puntos**.

– Resolvemos a ecuación $t^2 - 18t + 80 = 0 \left\langle \begin{array}{l} t = 8 \\ t = 10 \end{array}\right.$ **0´25 puntos**.

– Responder no contexto do exercicio:
"Entre o oitavo e o décimo mes as vendas foron inferiores ou iguais a 32000 unidades" **0´25 puntos**.

<u>Exercicio 3</u>. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Segundo certo estudo do departamento de vendas duns grandes almacéns, o 30% dos seus clientes son homes, o 25% dos seus clientes adquiren algún produto do departamento de electrónica e o 40% dos que adquiren algún produto do departamento de electrónica son mulleres.

(a) **1 punto.** *¿Que porcentaxe dos seus clientes son mulleres e adquiren algún produto do departamento de electrónica?*

Sexan os sucesos:
"H": un cliente, elexido ao azar, é home; "M": un cliente, elexido ao azar, é muller; "A": un cliente, elexido ao azar, adquire algún produto do departamento de electrónica.
Datos: $P(H) = 0´3;\ P(A) = 0´25;\ P(M/A) = 0´4$.

– Formular a probabilidade pedida: $P(M \cap A)$ **0´25 puntos**.

– Expresión da probabilidade anterior e resultado $P(M \cap A) = P(A) \cdot P(M/A) = 0{,}25 \cdot 0{,}4 = 0{,}1$ **0´50 puntos**.

– Expresar o resultado coma porcentaxe, respondendo á pregunta do exercicio:
"O 10% dos clientes son mulleres e adquiren algún produto do departamento de electrónica" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto.** *Se un cliente elixido ao azar é home, calcula a probabilidade de que non adquira algún produto do departamento de electrónica.*

– Formular a probabilidade pedida: $P\left(\bar{A}/H\right)$ **0´25 puntos**.

– Expresión da probabilidade anterior: $P\left(\bar{A}/H\right)=\dfrac{P\left(\bar{A}\cap H\right)}{P(H)}=\dfrac{P(H)-P\left(A\cap H\right)}{P(H)}=\dfrac{0´3-0´25(1-0´4)}{0´3}=0´5$ **0´75 puntos**.

Este apartado tamén pode resolverse, de maneira moito máis sinxela, construindo a táboa de continxencia, pero para iso é necesario coñecer o resultado do apartado (a),

	A	$\bar{A}$	
H	15	15	30
$\bar{H}\equiv M$	(a) 10	60	70
	25	75	100

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Unha empresa informática lanzou ao mercado un produto do que sabe que a súa vida útil, en anos, segue unha distribución normal de media μ e desviación típica σ = 1´6 anos.

(a) **0´75 puntos.** *Para unha mostra aleatoria de 100 produtos, a vida media útil foi de 4´6 anos. Calcula un intervalo do 95% de confianza para estimar a vida media útil do produto. Interpreta o intervalo obtido*.

– Sexa X : *vida útil, en anos, dun produto informático.*
Sabemos que
$X \sim N(\mu,\sigma=1´6)$
$\downarrow n=100$
$\bar{X}$ *media muestral* : *vida media útil, en mostras de* 100 *produtos* $\xrightarrow[\text{valor particular do estatístico para a mostra dada}]{}$ $\bar{x}=4´6$ *anos*

– Os estatísticos L_1 e L_2, extremo esquerdo e dereito, respectivamente, do intervalo de confianza pedido, avaliados para a mostra dada son.

$L_1:\bar{X}-z_{\alpha/2}\cdot\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}}\rightarrow 4´6-1´96\cdot\dfrac{1´6}{\sqrt{100}}=4´6-0´3136=4´2864$ **0´25 puntos**

$L_2:\bar{X}+z_{\alpha/2}\cdot\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}}\rightarrow 4´6+1´96\cdot\dfrac{1´6}{\sqrt{100}}=4´6+0´3136=4´9136$ **0´25 puntos**

"*Estímase a vida media útil do produto informático entre, aproximadamente, 4´29 anos e 4´91 anos, cun 95% de confianza" (máximo erro cometido nesta estimación 0´31 anos)* **0´25 puntos**.

(b) **1´25 puntos**. *Supoñamos que a vida útil do produto segue unha distribución N(4´6, 1´6) e tómase unha mostra aleatoria de 64 produtos. Calcula a probabilidade de que a vida media útil da mostra estea entre 4´25 e 4´95 anos.*

– Determinamos a distribución da media muestral:
$\bar{X}$: *media muestral* $\sim N\left(\mu,\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}}\right)\equiv N\left(4´6,\dfrac{1´6}{\sqrt{64}}\right)\equiv N(4´6,0´2)$ **0´25 puntos**.

– Formular a probabilidade pedida: $P\left(4´25<\bar{X}<4´95\right)$ **0´25 puntos**.

– Tipificación: $P\left(4´25<\bar{X}<4´95\right)=P\left(\dfrac{4´25-4´6}{0´2}<Z<\dfrac{4´95-4´6}{0´2}\right)=P\left(-1´75<Z<1´75\right)$ **0´25 puntos**.

– Paso a táboas: $P\left(-1´75<Z<1´75\right)=2P\left(Z<1´75\right)-1$ **0´25 puntos**.

– Resultado: $P\left(4´25<\bar{X}<4´95\right)=P\left(-1´75<Z<1´75\right)=2P\left(Z<1´75\right)-1=2\cdot 0´9599-1=0´9198\cong 0´92$ **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexa a función lineal $f(x,y)=2x-3y$ suxeita ás restricións $x+2y\le 40,\ \ x+y\ge 5,\ \ 3x+y\le 45,\ \ x\ge 0.$

(a) **2´25 puntos**. *Representa graficamente a rexión factible e calcula os seus vértices.*

– Representamos as rectas

$x + 2y = 40$, pasa polos puntos (0, 20) e (40, 0).
$x + y = 5$, pasa polos puntos (0, 5) e (5, 0).
$3x + y = 45$, pasa polos puntos (0, 45) e (15, 0).

– Representación gráfica da rexión factible **1 punto**



– Polos vértices: *A*(0, 5) e *B*(0, 20) **0´25 puntos**; *C*(10, 15) **0´50 puntos**; *D*(20, –15) **0´50 puntos**.

(b) **0´75 puntos**. *Calcula o punto ou puntos desa rexión onde a función alcanza o seu valor máximo e o seu valor mínimo.*

– Calcular os valores da función obxectivo en cada un dos catro vértices: **0´25 puntos**.
No *A*(0, 5) *f*(0, 5) = –15; No *B*(0, 20) *f*(0, 20) = –60; No *C*(10, 15) *f*(10, 15) = –25; No *D*(20, –15) *f*(20, –15) = 85
– A función obxectivo alcanza o seu *valor máximo* no punto *D*(20, –15) **0´25 puntos**.
– A función obxectivo alcanza o seu *valor mínimo* no punto *B*(0, 20) **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Os beneficios dunha compañía en millóns de euros, nos seus primeiros sete anos, foron estimados pola función $B(x)=ax^3-3x^2+bx,\ 0\le x\le 7,$ onde *x* indica o tempo transcorrido en anos, desde a súa fundación.

(a) **1´50 puntos**. *Calcula os valores de a e b sabendo que a compañía tivo uns beneficios máximos de 8 millóns de euros no segundo ano.*

– Determinar a primeira derivada da función: $B'(x)=3ax^2-6x+b$ **0´25 puntos**.
– Condicións de máximo no punto (2, 8), $B'(2)=0$ e de pasar polo punto (2, 8), $B(2)=8$ **0´25 puntos**.

– Formular as dúas ecuacións:
$B'(2)=0 \Rightarrow 12a+b=12$ **0´25 puntos**.
$B(2)=8 \Rightarrow 8a+2b=20$ **0´25 puntos**.

– Resolver por calqueira método $\begin{cases} a=1/4 & \textbf{0´25 puntos} \\ b=9 & \textbf{0´25 puntos} \end{cases}$

(b) **1´50 puntos**. *Supoñamos que a = 1/4 e b = 9. Determina cando a empresa non tivo beneficios. Calcula* $\int_0^6 B(x)\,dx$.

– A empresa non tivo beneficios cando
$B(x)=0 \Rightarrow x\left(\frac{1}{4}x^2-3x+9\right)=0 \Rightarrow \left\langle \begin{array}{l} x=0 \\ x^2-12x+36=0 \to x=6 \end{array} \right.$ **0´25 puntos** .
"Non tivo beneficios no sexto ano" **0´25 puntos**.

– Calcular a integral indefinida e aplicar a regra de Barrow:

$$\int_0^6 B(x)\,dx = \int_0^6 \left(\frac{1}{4}x^3-3x^2+9x\right)dx = \underbrace{\left.\frac{x^4}{16}-x^3+\frac{9}{2}x^2\right]_0^6}_{\textbf{0´50 puntos}} = \underbrace{\frac{6^4}{16}-6^3+\frac{9}{2}6^2-0}_{\textbf{0´50 puntos}} = 27\,.$$

Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Un artigo distribuído en tres marcas distintas *A*, *B* e *C* véndese nun supermercado. Obsérvase que o 30% das vendas diarias do artigo son da marca *A*, o 50% son da marca *B* e o resto son da marca *C*. Sábese ademais que o 60% das vendas da marca *A* realízase pola mañá, o 55% das vendas da marca *B* pola tarde e o 40% da marca *C* véndese pola mañá.

(a) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de vendas do artigo efectuadas pola mañá.*

Sexan os sucesos: *"A, B e C" , un artigo seleccionado ao azar é da marca A, B e C, respectivamente.*
"M" un artigo seleccionado ao azar véndese pola mañá.
"T" un artigo seleccionado ao azar véndese pola tarde.

As probabilidades que nos dan no enunciado son:
$P(A)=0´3;\quad P(B)=0´5;\quad P(C)=0´2.$
$P(M/A)=0´6;\ P(T/B)=0´55;\ P(M/C)=0´4.$

– Aplicar o teorema das probabilidades totais, identificando cada unha das probabilidades do enunciado:

$$\underbrace{P(M)}_{\textbf{0´25 puntos}} = P(A\cap M)+P(B\cap M)+P(C\cap M) = \underbrace{0´3\cdot 0´6+0´5\cdot(1-0´55)+0´2\cdot 0,4}_{\textbf{0´50 puntos}} = 0´485$$

– Responder a pregunta da porcentaxe pedida:
"O 48´5% das vendas do artigo efectúanse pola mañá" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Se a venda se efectuou pola tarde, calcula a probabilidade de que o artigo sexa da marca C.*

– Formular a probabilidade pedida: $P(C/T)$ **0´25 puntos**

– Expresión da probabilidade anterior e resultado:

$$P(C/T) = \underbrace{\frac{P(C\cap T)}{P(T)} = \frac{0´2\cdot(1-0´4)}{1-0´485}}_{\textbf{0´50 puntos}} = \underbrace{\frac{0´12}{0´515}}_{\textbf{0´25 puntos}} \cong 0´233\,.$$



– No caso de facelo coa árbore a puntuación sería:

0´75 puntos pola árbora ben feita e despois

$$\begin{cases} (a) \left\langle \begin{array}{l} \text{Cálculos no teorema das probabilidades totais } \textbf{0´25 puntos} \\ \text{Expresión da porcentaxe pedida } \textbf{0´25 puntos} \end{array}\right. \\ (b) \left\langle \begin{array}{l} \text{Formular a probabilidade pedida } \textbf{0´25 puntos} \\ \text{Probabilidade condicionada e resultado final } \textbf{0´50 puntos} \end{array}\right. \end{cases}$$

Exemplos de resposta / Solucións

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Como resultado dunha enquisa na que se utilizou o suposto de máxima indeterminación (p = 1 – p = 1/2) afírmase que, cun 97,56% de confianza, a porcentaxe de individuos dunha poboación que considera o alcol e/ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico, está entre o 57,5% e o 62,5%.

(a) **1´25 puntos**. *Calcula o número de individuos desa poboación aos que se lles realizou a enquisa.*

Sexa
"p : proporción de individuos da poboación, que considera o alcol e/ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico". ***Parámetro poboacional descoñecido***

- Como resultado da enquisa na que se utilizou o suposto de máxima indeterminación, temos que o máximo erro que cometeron na estimación do intervalo ven dado por:
  $$E = z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}} = z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{1}{4n}}$$
- Como consecuencia do intervalo que obtiveron (baixo ese principio), o radio do intervalo foi $\frac{0'625-0'575}{2} = 0'025$ é dicir, que cometeron un erro na estimación dun 2,5% **0´25 puntos**.
- Calculamos, para unha confianza do 97´56%, $z_{\alpha/2} = z_{0'0122} = 2'25$ **0´25 puntos**.
- Resolver $z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{1}{4n}} = 2'25\sqrt{\frac{1}{4n}} = 0'025 \Rightarrow n = 2025$ **0´50 puntos**.
- Responder no contexto do exercio:
  " A enquisa realizóuselles a 2025 individuos desa poboación" **0´25 puntos**.

(b) **0´75 puntos**. *Dos que se lles realizou a enquisa, ¿cantos contestaron que a causa principal dos accidentes é o alcol e/ou as drogas?*

p : *proporción de individuos da poboación, que considera o alcol e / ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico*

$\downarrow n = 2025$

X : *número de individuos, en mostras de 2025 individuos, que considera o alcol e / ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico* $\xrightarrow[\text{para a mostra dada}]{\text{valor particular}} x$

$\widehat{P}$: *proporción de individuos, en mostras de 2025 individuos, que considera o alcol e / ou as drogas como causa principal dos accidentes de tráfico* $\xrightarrow[\text{para a mostra dada}]{\text{valor particular}} \widehat{p} = \frac{x}{2025}$

- Calcular o valor da proporción muestral $\widehat{p} = \frac{0'575+0'625}{2} = 0'6$ **0´25 puntos**.
- Calcular o 60% de 2025 = 1215, ou así $\widehat{p} = \frac{x}{n} = \frac{x}{2025} = 0'6 \Rightarrow x = 1215$ **0´25 puntos**.
  "Contestaron que o alcol e/ou as drogas son a causa principal dos accidentes de tráfico 1215 individuos, da mostra de 2025 enquisados" **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexan as matrices $A=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&2&a\\0&1&a\end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&b&1\\0&1&0\end{pmatrix}$ e $C=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&-1&1\\0&c&c\end{pmatrix}$.

(a) **2 puntos**. *Calcula os valores de a, b e c para que se satisfaga a igualdade* $A\cdot B+B\cdot C=2I$, *I matriz identidade de orde 3.*

- Calcular o produto das matrices $A\cdot B=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&2b+a&2\\0&b+a&1\end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.
- Calcular o produto das matrices $B\cdot C=\begin{pmatrix}1&0&0\\0&-b+c&b+c\\0&-1&1\end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.
- Formular as ecuacións $\begin{cases}a+b+c=2\\b+c=-2\\a+b=1\end{cases}$ **0´25 puntos**.
- Calcular *a* = 4, *b* = –3 e *c* = 1, por calquera método **0´75 puntos** (**0´25 puntos** por cada un dos valores).

(b) **1 punto.** *Para a* = 4, *b* = –3 e *c* = 1 *calcula o rango da matriz A* + *B* – 2*C.*

- Calcular a matriz $A+B-2C=\begin{pmatrix}0&0&0\\0&1&3\\0&0&2\end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- $\det(A+B-2C)=0 \Rightarrow rango(A+B-2C)<3$ **0´25 puntos**.
- O menor $\begin{pmatrix}1&3\\0&2\end{pmatrix}$ ten $\det\begin{pmatrix}1&3\\0&2\end{pmatrix}=2\neq 0 \Rightarrow rango(A+B-2C)=2$ **0´50 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O prezo en euros das accións de certo grupo empresarial ao longo dun ano estimouse pola función:

$$P(t)=\begin{cases}15+2t-t^2, & 0\le t\le 3\\ \frac{1}{3}t+11, & 3<t\le 12\end{cases}$$, sendo *t* o tempo transcorrido en meses.

(a) **1´75 puntos**. *Determina os períodos nos que aumentou e nos que diminuíu o prezo e calcula o seu prezo máximo e o seu prezo mínimo.*

- Calcular a primeira derivada: $P'(t)=\begin{cases}2-2t & \text{se } 0<t<3\\ \frac{1}{3} & \text{se } 3<t<12\end{cases}$ **0´25 puntos**.
- Determinar os intervalos de crecemento e de decrecemento:

No (0, 3) $P'(t)=0 \Leftrightarrow t=1$

No (3, 12) $P'(t)=\frac{1}{3}>0$, para todo *t*

	(0, 1)	(1, 3)	(3, 12)
valor t	*t* = 1/2	*t* = 2	*para todo t*
signo de P´(t)	*P´*(1/2) > 0	*P´*(2)< 0	*P´*(*t*) > 0

"*As accións aumentaron de prezo desde o inicio do ano ata o primeiro mes e desde o terceiro mes ao último mes*". **0´50 puntos**.
"*As accións diminuíron de prezo desde o primeiro mes ata o terceiro mes*" **0´25 puntos**.

- Calcular o valor da función nos puntos extremos: $P(0) = 15$, $P(12) = 15$ **0´25 puntos**.
- Obter o prezo máximo e o prezo mínimo:
  No punto (1, 16) $P(t)$ presenta un máximo absoluto, e no punto (3, 12) un mínimo absoluto
  "*O prezo máximo das accións, nese ano, foi de 16 euros*" **0´25 puntos**.
  "*O prezo mínimo das accións, nese ano, foi de 12 euros*" **0´25 puntos**.

(b) **1´25 puntos**. *Determina o período no que o prezo das accións foi inferior ou igual a 13,75 euros. Representa a gráfica da función P(t).*

- No primeiro intervalo
  $\left[0,3\right]$, $15+2t-t^2 \le 13'75 \Rightarrow t^2-2t-1'25 \le 0$
  Resolvemos $t^2-2t-1'25=0 \Rightarrow \begin{cases} t=-1/2 \text{ (solución non válida)} \\ t=5/2 \end{cases}$ **0´25 puntos**.
- No segundo intervalo $\left[3,12\right]$, $\frac{1}{3}t+11 \le 13'75 \Rightarrow t \le 8'25$ **0´25 puntos**.
- responder no contexto do exercicio
  "*O prezo foi inferior ou igual a 13´75 euros no intervalo* $\left[2'5, 8'25\right]$, *é dicir, desde o segundo mes e medio ata o oitavo e un cuarto de mes*" **0´25 puntos**.
- Representación gráfica **0´50 puntos**.



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

O 60% dos individuos dunha poboación está vacinado contra certa enfermidade. Durante unha epidemia sábese que o 20% contraeu a enfermidade e que o 3% está vacinado e contraeu a enfermidade.

(a) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de individuos que contraeu a enfermidade, entre os que non están vacinados.*

Sexan os sucesos "*V un individuo da poboación, seleccionado ao azar, está vacinado contra certa enfermidade*"
"*C un individuo da poboación, seleccionado ao azar,contraeu a enfermidade*"
Datos $P(V)=0'6$, $P(C)=0'2$, $P\left(V \cap C\right)=0'03$.
Cos datos que nos dan, podemos construír a táboa de continxencia

- Pola táboa **0´50 puntos**.

	V	$\bar{V}$	
C	3	17	20
$\bar{C}$	57	23	80
	60	40	100

- Formular a probabilidade pedida: $P\left(C/\bar{V}\right)$ **0´25 puntos**.
- Cálculo da probabilidade anterior $P\left(C/\bar{V}\right)=\frac{17}{40}=0'425$ e expresar o resultado obtido coma porcentaxe "*O 42´5% dos non vacinados, contraeu a enfermidade*" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de individuos vacinados, entre os que contraeron a enfermidade. Xustifica se os sucesos "estar vacinado" e "contraer a enfermidade" son dependentes ou independentes.*

- Formular a probabilidade pedida: $P(V/C)$ **0´25 puntos**.
- Obter o resultado e expresalo enn porcentaxe: $P(V/C)=\dfrac{3}{20}=0'15$

  "*O 15% dos que contraeron a enfermidade, estaban vacinados*" **0´25 puntos**.
- Xustificar que os sucesos son dependentes, por exemplo, coa definición

  $$\left.\begin{array}{l} P(V/C)=0'15 \\ P(V)=0'6 \end{array}\right\} \Rightarrow P(V/C)\neq P(V)$$ **0´25 puntos**.

  "Os sucesos "*estar vacinado*" e "*contraer a enfermidade*" son sucesos *dependentes*" **0´25 puntos**.

Se non se fai uso da táboa, no apartado (a) teríamos:

- Formular a probabilidade pedida: $P(C/\bar{V})$ **0´25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado:

  $$P(C/\bar{V})=\underbrace{\frac{P(C\cap\bar{V})}{P(\bar{V})}=\frac{P(C)-P(V\cap C)}{1-P(V)}=\frac{0'2-0'03}{0'4}}_{\textbf{0´50 puntos}}=0'425.$$
- Expresar o resultado obtido coma porcentaxe "*O 42´5% dos non vacinados, contraeu a enfermidade*" **0´25 puntos**.

O apartado (b) valoraríase igual que antes.

<u>Exercicio 4</u>. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

(a) **1 punto**. *Nunha mostra aleatoria de 200 clientes dun centro comercial, 150 efectúan as súas compras utilizando a tarxeta propia do centro. Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de clientes que efectúan as compras utilizando a tarxeta propia do centro. Interpreta o intervalo obtido.*

Sexan:

"*p: proporción de clientes dun centro comercial*, *que para as súas compras utiliza a tarxeta propia do centro*"

"$\hat{P}$: *proporción de clientes que utilizan a tarxeta propia do centro, en mostras de 200 clientes*"

- O valor particular do estatístico $\hat{P}$ para a mostra dada é $\hat{p}=\dfrac{150}{200}=0'75$ **0´25 puntos**.
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo de confianza pedido

  $$L_1: \hat{P}-z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}} \xrightarrow[\text{valor particular para a mostra dada}]{} 0'75-1'96\sqrt{\frac{0'75\cdot 0'25}{200}}\cong 0'69$$ **0´25 puntos.**

  $$L_1: \hat{P}+z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}} \xrightarrow[\text{valor particular para a mostra dada}]{} 0'75+1'96\sqrt{\frac{0'75\cdot 0'25}{200}}\cong 0'81$$ **0´25 puntos.**
- Interpretar o intervalo obtido:

  "*Cun 95% de confianza, nese centro comercial entre o 69% e o 81% (aproximadamente) dos seus clientes utilizan para as súas compras a tarxeta propia do centro*" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Se se sabe que 8 de cada 10 clientes do centro comercial utilizan para as súas compras a tarxeta propia do centro e tomamos unha mostra aleatoria de 100 clientes, ¿cal é a probabilidade de que a proporción de clientes da mostra que utilizan a tarxeta propia do centro sexa superior a 0,75?*

Coñecemos o valor da *proporción poboacional* $p=\dfrac{8}{10}=0'8$ e, neste caso, a proporción muestral é

"$\hat{P}$: *proporción de clientes que utilizan a tarxeta propia do centro, en mostras de 100 clientes*"

- Determinar a distribución da proporción muestral $\hat{P}$:

  $$\hat{P}\sim N\left(p,\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}}\right)\equiv N\left(0'8,\sqrt{\frac{0'8\cdot 0'2}{100}}\right)=N(0'8,0'04)$$ **0´25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida $P(\hat{P}>0'75)$ **0´25 puntos**.
- Tipificación $P(\hat{P}>0'75)=P\left(Z>\dfrac{0'75-0'8}{0'04}\right)=P(Z>-1,25)$ **0´25 puntos**.
- Uso das táboas e resultado $P(\hat{P}>0'75)=P(Z>-1'25)=P(Z<1'25)=0'8944$ **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Unha fábrica de materiais plásticos produce dous tipos de colectores A e B. A súa produción semanal debe de ser de polo menos 10 colectores en total e o número de colectores de tipo B non pode superar en máis de 10 ao número dos de tipo A. Ademais, cada colector de tipo A ten uns custos de produción de 150€ e cada colector de tipo B de 100€, dispoñendo dun máximo de 6000€ semanais para o custo total de produción.

(a) **2´50 puntos**. *Formula o sistema de inecuacións. Representa a rexión factible e calcula os seus vértices.*

Sexan "*x: número de colectores tipo A que producen á semana*"
"*y: número de colectores tipo B que producen á semana*"

- Formulamos as inecuacións $\underbrace{x+y\geq 10,}_{\textbf{0´25 puntos}}$ $\underbrace{y\leq x+10}_{\textbf{0´25 puntos}}$, $\underbrace{150x+100y\leq 6000}_{\textbf{0´25 puntos}}$, $\underbrace{x\geq 0,\ \ y\geq 0}_{\textbf{0´25 puntos}}$
- Representamos as rectas
  $x + y = 10$, pasa polos puntos (0, 10) e (10, 0)
  $y - x = 10$ pasa polos puntos (0, 10) e (–10, 0)
  $150x + 100y = 6000 \leftrightarrow 3x + 2y = 120$, pasa polos puntos (0, 60) e (40, 0)
- Vértices da rexión factible
  polos vértices: *A* (10, 0), *B* (0, 10), *D* (40, 0) **0´25 puntos**.
  polo vértice *C* (20, 30) **0´50 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os tres vértices) **0´75 puntos**:



(b) **0´50 puntos**. *Se cada colector de tipo A xera uns beneficios de 130€ e o de tipo B de 140€, ¿cantos colectores de cada tipo terán que producir á semana para que o beneficio total semanal sexa máximo?*

- Determinar a función obxectivo a maximizar: $f(x,y)=130x+140y$ **0´25 puntos**.
- A función alcanza o seu valor máximo no vértice *C*(20, 30).
- Responder á pregunta do exercicio:
  "*Terán que producir á semana 20 contenedores do tipo A e 30 do tipo B para que o seu beneficio total semanal sexa máximo*" **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexan as funcións $f(x)=x^2+2x-8$ e $g(x)=-x^2+4$.

(a) **1´75 puntos**. *Representa o recinto limitado polas gráficas de f(x) e g(x), estudando os puntos de corte cos eixes, máximos, mínimos e os puntos nos que se cortan ambas as funcións.*

Exemplos de resposta / Solucións

– Calcular os puntos de corte das funcións cos eixes:
A función $f(x) = x^2 + 2x - 8$ corta aos eixes nos puntos (0, –8), (–4, 0) e (2, 0) **0´25 puntos**.
A función $g(x) = -x^2 + 4$ corta aos eixes nos puntos (0, 4), (2, 0) e (–2, 0) **0´25 puntos**.
– Cálculo do máximo e o mínimo:
A función $f(x)$ presenta un mínimo no punto (–1, –9) **0´25 puntos**.
A función $g(x)$ presenta un máximo no punto (0, 4) **0´25 puntos**.
– Puntos nos que se cortan ambas as funcións:

$$f(x) = g(x) \Leftrightarrow 2x^2 + 2x - 12 = 0 \left\langle \begin{array}{ll} x = -3 & (-3,-5) \\ x = 2 & (2,0) \end{array} \right.$$ **0´25 puntos**

– Representar o recinto pedido **0´50 puntos**



(b) **1´25 puntos**. *Calcula a área do devandito recinto.*

– Expresión da área pedida, cálculo da integral indefinida, regra de Barrow e resultado

$$A = \underbrace{\int_{-3}^{2}(-x^2 + 4 - x^2 - 2x + 8)\,dx}_{0´50\ \text{puntos}} = \int_{-3}^{2}(-2x^2 - 2x + 12)\,dx = \underbrace{-\frac{2}{3}x^3 - x^2 + 12x\Big]_{-3}^{2}}_{0´50\ \text{puntos}}$$

$$= \underbrace{-\frac{16}{3} - 4 + 24 + \frac{2}{3}(-3)^3 + (-3)^2 - 12(-3)}_{0´50\ \text{puntos}} = \frac{125}{3}u^2$$

Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Unha multinacional realiza operacións comerciais en tres mercados *A*, *B* e *C*. O 20% das operacións corresponden ao mercado *B* e nos mercados *A* e *C* realiza o mesmo número de operacións. Prodúcense atrasos no pago no 15%, 10% e 5% das operacións realizadas nos mercados *A*, *B* e *C*, respectivamente.

(a) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de operacións da multinacional nas que se producen atrasos no pago.*

Sexan os sucesos:
"A, B e C" , *a multinacional realiza operacións comerciais nos mercados A, B e C, respectivamente.*
"R" prodúcese atraso no pago .
As probabilidades que nos dan no enunciado son:
$P(A) = 0´4$; $P(B) = 0´2$; $P(C) = 0´4$.
$P(R/A) = 0´15$; $P(R/B) = 0´10$; $P(R/C) = 0´05$.

– Aplicar o teorema das probabilidades totais, identificando cada unha das probabilidades do enunciado:

$$\underbrace{P(R)}_{0´25\ \text{puntos}} = P(A \cap R) + P(B \cap R) + P(C \cap R) = \underbrace{0´4 \cdot 0´15 + 0´2 \cdot 0´1 + 0´4 \cdot 0´05}_{0´50\ \text{puntos}} = 0´1$$

– Responder a pregunta da porcentaxe pedida:
"No 10% das opracións comerciais da multinacional prodúcense atrasos no pago" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *¿Que porcentaxe das operacións nas que se atrasou o pago foron realizadas no mercado A?*

- Formular a probabilidade pedida: $P\left(A/R\right)$ **0´25 puntos**
- Expresión da probabilidade anterior e resultado:

$$P\left(A/R\right)=\underbrace{\frac{P\left(A\cap R\right)}{P(R)}=\frac{0'4\cdot 0'15}{0'1}}_{\textbf{0´50 puntos}}=0'6$$

- Responder a pregunta da porcentaxe pedida:
  "O 60% das operacións comerciais nas que se atrasou o pago, foron realizadas no mercado A" **0´25 puntos**.

- No caso de facelo coa árbore a puntuación sería:

0´75 puntos pola árbora ben feita e despois



(a) Cálculos no teorema das probabilidades totais **0´25 puntos**
Expresión da porcentaxe pedida **0´25 puntos**

(b) Formular a probabilidade pedida **0´25 puntos**
Expresión da probabilidade anterior e porcentaxe pedida **0´50 puntos**

<u>Exercicio 4</u>. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

O tempo de formación, en horas, que necesita un empregado dunha empresa para poder traballar nunha nova planta segue unha distribución $N(\mu,\ \sigma=15)$.

(a) **1 punto**. *Elixida unha mostra de 36 empregados da empresa, obtense o intervalo de confianza (321,1, 330,9) para a media μ. Calcula o tempo medio de formación dos empregados da mostra e o nivel de confianza co que se construíu o intervalo.*

Definimos X : *tempo de formación, en horas, dun empregado da empresa.*

Sabemos que

$X \sim N(\mu,\sigma=15)$

$\downarrow n=36$

$\bar{X}$ *media muestral* : *tempo medio de formación, en mostras de* 36 *empregados* $\xrightarrow[\text{valor particular do estatístico para a mostra dada}]{}$ $\bar{x}$?

- Expresión dos extremos do intervalo de confianza para a media poboacional μ e cálculo do valor observado da media mostral $\bar{x}$:

$$\begin{cases} \bar{x}-z_{\alpha/2}\cdot\dfrac{15}{\sqrt{36}}=321'1 \\ \bar{x}+z_{\alpha/2}\cdot\dfrac{15}{\sqrt{36}}=330'9 \end{cases} \Rightarrow \bar{x}=\frac{321'1+330'9}{2}=326 \ \textbf{0´25 puntos}$$

O tempo medio de formación na mostra de 36 empregados é de 326 horas.

- Identificar o radio do intervalo co valor numérico que lle corresponde $z_{\alpha/2}\cdot\dfrac{15}{\sqrt{36}}=4'9$ **0´25 puntos**.
- Despexar e calcular o valor do punto crítico $z_{\alpha/2}=1'96$ **0´25 puntos**.
- Uso da táboa e obter o nivel de confianza $1-\alpha=0'95$ **,** sendo o *intervalo dun 95% de confianza* **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Supoñamos que o tempo de formación, en horas, que necesita un empregado desa empresa para poder traballar nunha nova planta segue unha distribución* $N(\mu = 326,\ \sigma = 15)$. *Calcula a probabilidade de que o tempo medio de formación non supere as 330 horas, en mostras de 36 empregados.*

– Determinamos a distribución da media muestral:

$$\bar{X} : \textit{media muestral} \sim N\left(\mu, \frac{\sigma}{\sqrt{n}}\right) \equiv N\left(326, \frac{15}{\sqrt{36}}\right) \equiv N(326, 2'5)$$ **0´25 puntos**.

– Formular a probabilidade pedida $P\left(\bar{X} \leq 330\right)$ **0´25 puntos**.

– Tipificación $P\left(\bar{X} \leq 330\right) = P\left(Z \leq \frac{330 - 326}{2'5}\right) = P\left(Z \leq 1'6\right)$ **0´25 puntos**.

– Uso das táboas e resultado $P\left(Z \leq 1'6\right) = 0'9452$ **0´25 puntos**.

CiUG — Comisión Interuniversitaria de Galicia	PAU XUÑO 2016	Código: 36

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(***O alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos***)

OPCIÓN A

1. Dadas as matrices $A=\begin{pmatrix} 1 & 1 \\ -1 & 0 \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 2 & -1 \\ -1 & 1 \end{pmatrix}$ e $C=\begin{pmatrix} 3 & 1 \\ 2 & -1 \end{pmatrix}$

(a) Calcula as matrices B^{-1} e C^{-1}, inversas das matrices B e C respectivamente.

(b) Despexa e calcula a matriz X que verifica $A^t + B\cdot X = 5C^{-1}$, A^t matriz trasposta de A.

2. (a) Calcula os valores de a e b para que a función $f(x)=ax^2+bx^3$ teña un punto de inflexión en (2, 16).

(b) Consideremos a función $f(x)=-x^3+6x^2$. Calcula e clasifica os seus extremos relativos. Determina o punto ou puntos nos que a recta tanxente á gráfica da función ten pendente igual a 9.

3. Segundo os datos do ano 2013 relativos ás pensións básicas en alta da Seguridade Social na nosa Comunidade Autónoma, sábese que o 49,5% dos pensionistas son homes e deles o 11% ten 85 ou máis anos. Ademais sábese tamén que o 16% do total de pensionistas teñen 85 ou máis anos.

(a) Calcula a porcentaxe de homes entre os pensionistas de 85 ou máis anos.

(b) Elíxese un pensionista ao azar e resulta ser muller, calcula a probabilidade de que teña 85 ou máis anos.

4. Un fabricante garante a un laboratorio farmacéutico que as súas máquinas producen comprimidos cun diámetro medio non superior a 13 milímetros, que é o tope admitido polo laboratorio. Sábese que o diámetro dos comprimidos do fabricante segue unha distribución normal con desviación típica 0,6 milímetros. O laboratorio comproba unha mostra aleatoria de 100 comprimidos dese fabricante e obtén que o diámetro medio é 13,12 milímetros.

(a) Formula un test para contrastar que o diámetro medio dos comprimidos é o que afirma o fabricante, fronte a que é superior. ¿A que conclusión se chega cun 5% de nivel de significación?

(b) Calcula un intervalo do 95% de confianza para o diámetro medio dos comprimidos dese fabricante. Interpreta o intervalo obtido.

OPCIÓN B

1. Sexa a función $f(x,y)=x+2y$ suxeita ao conxunto de restricións $y\le x+2,\ x+y\le 10,\ x\ge -1,\ y\ge -2$.

(a) Representa graficamente a rexión factible e calcula os seus vértices.

(b) Determina entre que meses as vendas son superiores a 500 e inferiores a 800 unidades.

(c) ¿As vendas tenden a estabilizarse arredor dalgunha cantidade? Xustifica a resposta.

3) Sexan A e B dous sucesos tales que a probabilidade de que ambos os dous acontezan simultaneamente é 1/10 e a probabilidade de que non aconteza ningún dos dous é 1/5. Ademais sábese que P(A / B) = 1/4.

(a) Calcula a probabilidade de que aconteza algún dos dous sucesos.

(b) Calcula a probabilidade de que aconteza o suceso A.

4) Nun recente estudo afírmase que hai un 5% de lesións de xeonllo entre futbolistas que xogan sobre céspede e calzan un novo modelo de botas de fútbol. De 250 futbolistas que xogan sobre céspede e que calzan botas de fútbol convencionais déronse 20 de tales lesións.

(a) Formula un test para contrastar a hipótese de que a proporción de lesións de xeonllo xogando con botas convencionais non supera á de tales lesións xogando co novo modelo, fronte a hipótese de que si a supera.

(b) ¿A que conclusión se chega cun 5% de nivel de significación? ¿Chégase á mesma conclusión cun 1% de nivel de significación?

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA USC	PAU SETEMBRO 2014	Código: 36

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(*O alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos*)

OPCIÓN A

1) Dadas as matrices $A=\begin{pmatrix} a & 2 \\ 1 & b \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 3 & 1 \\ 4 & 2 \end{pmatrix}$ e $C=\begin{pmatrix} 0 & -1 \\ 2 & 3 \end{pmatrix}$.

(a) Calcula B^{-1}, matriz inversa de B.

(b) Determina os valores que deben tomar a e b para que se verifique $A \cdot B^{-1} + 2 \cdot I = C^t$, I é a matriz identidade de orde 2 e C^t é a matriz trasposta de C.

2) O beneficio B (en miles de euros) para unha compañía que gasta unha cantidade x (en miles de euros) en publicidade estímase por: $B(x) = -0{,}1x^3 + 6x^2 + 400, \ \ 0 \le x \le 60$.

(a) Calcula a cantidade de diñeiro que a compañía debe gastar en publicidade para que lle produza un beneficio máximo e calcula o devandito beneficio. ¿Que cantidade de diñeiro en publicidade lle produce un beneficio mínimo?

(b) Representa a gráfica da función, utilizando os resultados anteriores e calculando concavidade, convexidade e punto de inflexión.

3) Certa poboación de persoas maiores de 70 anos está formada por un 40% de homes e un 60% de mulleres. A porcentaxe de persoas dependentes nesa poboación é do 10% entre os homes e do 20% entre as mulleres.

(a) Calcula a porcentaxe de persoas dependentes nesa poboación de maiores de 70 anos.

(b) Elexida unha persoa ao azar da citada poboación, ¿cal é a probabilidade de que sexa muller ou non sexa dependente?

4) A proporción de mulleres dunha poboación portadoras de hemofilia é descoñecida. Para estimala elíxese unha mostra aleatoria de 500 mulleres entre as que se encontran 80 portadoras da enfermidade.

(a) Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de mulleres portadoras de hemofilia desa poboación.

(b) Supoñendo que aínda non se tomou a mostra e queremos facer a estimación cometendo un erro non superior ao 2%, cun 95% de confianza, ¿de que tamaño debería ser a devandita mostra?

OPCIÓN B

1) (a) Representa a rexión do plano definida polo sistema de inecuacións: $y + 2x \le 6, \ \ y \le x, \ \ 4y \ge x - 3$, e calcula os seus vértices . Xustifica se os puntos $P(1, -1/2)$ e $Q(1/2, 1)$ pertencen ou non a esta rexión.

(b) Calcula en que punto ou puntos desta rexión a función $f(x,y) = y + 2x$ alcanza o valor máximo.

2) Os ingresos (en millóns de euros) obtidos por certa factoría no período comprendido dende o ano 2000 ao 2010, estimáronse pola función

$I(x) = \begin{cases} \dfrac{1}{4}(x-5)^2 + 17, & 1 \le x < 7 \\ -x^2 + 18x - 59, & 7 \le x \le 11 \end{cases}$, onde x é o tempo transcorrido en anos (x = 1 corresponde ao ano 2000)

(a) Calcula os ingresos obtidos no ano 2002 e no ano 2007.

(b) Determina a evolución dos ingresos no período comprendido dende o 2000 ata o 2010 (crecemento e decrecemento da función $I(x)$). Calcula os ingresos máximo e mínimo.

(c) Determina entre que anos dese período os ingresos non superaron os 18 millóns.

3) Sábese que $P(B/A) = 0{,}7$, $P(A/B) = 0{,}4$ e $P(A) = 0{,}2$.

(a) Calcula $P(A \cap B)$ e $P(B)$. Xustifica se son independentes ou non os sucesos A e B.

(b) Calcula $P(A \cup \bar{B})$, onde $\bar{B}$ representa o suceso complementario ou contrario de B.

4) Nun estudo sociolóxico afirmábase que o tempo medio que os mozos están conectados á Rede non supera as 60 horas mensuais. Deséxase contrastar se actualmente segue en vigor ese estudo e, para iso, entrevístanse 400 mozos seleccionados ao azar e obtense que o tempo medio é de 62 horas. Supoñemos que o tempo dedicado polos mozos a conectarse á Rede segue unha distribución normal, de desviación típica 15 horas mensuais.

(a) Formula un test para contrastar a hipótese de que o tempo medio mensual dedicado actualmente polos mozos a conectarse á Rede e o que afirma o estudo, fronte á alternativa de que aumentou. ¿A que conclusión se chega cun 1% de nivel de significación?

(b) Usando a información recollida na mostra, calcula o intervalo do 95% de confianza para o tempo medio mensual dedicado actualmente pola poboación de mozos a conectarse á Rede.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2 puntos**:
- Expresar o sistema en forma matricial: **0,50 puntos**.
- Calcular a inversa da matriz pedida: **1,50 puntos**.

(b) **1 punto**:
- Expresión da matriz dos prezos: **0,25 puntos**.
- Polo cálculo dos prezos de equilibrio: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **0,50 puntos:**
- Por solucións da ecuación: **0,25 puntos**.
- Por resposta: **0,25 puntos**.

(b) **1,75 puntos:**
- Determinar a primeira derivada: **0,25 puntos**.
- Intervalos de crecemento e de decrecemento: **0,50 puntos**.
- Información sobre a evolución dos beneficios nos catro anos: **0,50 puntos**.
- Beneficios máximo e mínimo e anos nos que se produciron: **0,50 puntos**.

(c) **0,75 puntos**.
- Punto de inflexión: **0,25 puntos**.
- Representación gráfica da función: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **0,50 puntos:**
- Polo cálculo do número esperado pedido: **0,50 puntos**.

(b) **1,50 puntos:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Paso da binomial á normal: **0,50 puntos**.
- Corrección de medio punto: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Paso a táboas e resultado final: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **0,75 puntos:**
- Formular a condición imposta no enunciado do exercicio: **0,25 puntos**.
- Buscar o punto crítico na táboa: **0,25 puntos**.
- Polo cálculo da media: **0,25 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Determinar a distribución de $\bar{X}$: **0,25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Paso a táboas: **0,25 puntos**.
- Resultado final: **0,25 puntos**.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **1,5 puntos:**
- Vértices da rexión factible: **0,75 puntos** (**0,25 puntos** por cada un deles).
- Representación gráfica da rexión factible: **0,75 puntos** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os tres vértices).

(b) **0,75 puntos:**
- Punto da rexión no que a función obxectivo alcanza o valor máximo: 0,25 puntos.
- Puntos da rexión nos que alcanza o valor mínimo: **0,50 puntos**.

(c) **0,75 puntos:**
- Nova rexión factible: **0,25 puntos**.
- Punto da nova rexión no que a función obxectivo alcanza o valor máximo: **0,25 puntos**.
- Puntos da nova rexión nos que alcanza o valor mínimo: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1,25 puntos:**
- Determinar a primeira derivada: **0,75 puntos**.
- Xustificar que o número de unidades vendidas aumenta: **0,50 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Solución para a primeira desigualdade: **0,50 puntos**.
- Solución para a segunda desigualdade: **0,50 puntos**.
- Especificar o intervalo de tempo pedido: **0,25 puntos**.

(c) **0,50 puntos:**
- Resolver o límite da función dada: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Relacionar a probabilidade da intersección de contrarios coa da unión, e identificar na expresión obtida a probabilidade dada no enunciado : **0,50 puntos**.
  Obter o resultado: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Calcular $P(B)$, partindo do dato da probabilidade condicionada: **0,50 puntos**.
- Formular a probabilidade da unión de sucesos e chegar ao resultado pedido: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **0,75 puntos:**
- Cálculo da proporción mostral: **0,25 puntos**.
- Especificar as hipóteses nula e alternativa: **0,50 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Avaliar o estatístico de contraste para a mostra dada: **0,25 puntos**.
- Establecer a rexión crítica, para o 5% de nivel de significación: **0,25 puntos.**
- Conclusión: **0,25 puntos**.
- Establecer a rexión crítica, para o 1% de nivel de significación: **0,25 puntos.**
- Conclusión: **0,25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **1 punto**:
- Calcular a inversa da matriz *B*: **1 punto**.

(b) **2 puntos**:
- Operar alxébricamente coas matrices dadas: **1,25 puntos**.
- Resolver a igualdade de matrices, obtendo os valores de *a* e *b*: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **2 puntos:**
- Determinar a primeira derivada: **0,25 puntos**.
- Calcular os puntos críticos: **0,25 puntos**.
- Comprobar en que punto se presenta o máximo e en cal o mínimo: **0,50 puntos**.
- Polo beneficio máximo e especificar a cantidade de diñeiro que debe gastar en publicidade para que lle produza ese beneficio máximo: **0,50 puntos**.
- Determinar as cantidades de diñeiro para que lle produzan un beneficio mínimo: **0,50 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Estudo da concavidade, convexidade e punto de inflexión: **0,50 puntos**.
- Representar a gráfica da función: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Aplicar o teorema das probabilidades totais identificando cada unha das probabilidades do enunciado do exercicio e resultado: **0,75 puntos**.
- Expresión da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade da unión anterior, identificando as probabilidades da fórmula: **0,50 puntos**.
- Resultado final: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Expresión do intervalo de confianza: **0,25 puntos.**
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**
- Expresar o intervalo de confianza pedido: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Identificar o radio do intervalo cos valores numéricos que lle corresponden: **0,50 puntos**.
- Cálculo de *n*: **0,50 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2,25 puntos:**
- Vértices da rexión factible: **0,75 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible: **1 punto** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os tres vértices).
- Xustificar se os puntos *P* e *Q* pertencen ou non a esta rexión: **0,50 puntos**.

(b) **0,75 puntos:**
- Puntos da rexión no que a función obxectivo alcanza o valor máximo: **0,75 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **0´50 puntos:**
- Determinar os ingresos no ano 2002: **0,25 puntos**.
- Determinar os ingresos no ano 2007: **0,25 puntos**.

(b) **1,75 puntos:**
- Determinar a primeira derivada en cada un dos anacos da función: **0,50 puntos**.
- Determinar os intervalos de crecemento e de decrecemento: **0,50 puntos**
- Responder á pregunta de evolución dos ingresos no período comprendido dende o 2000 ata o 2010: **0,25 puntos**.
- Ingresos máximo e mínimo: **0,50 puntos**

(c) **0,75 puntos:**
- Solución para as desigualdades: **0,50 puntos**.
- Especificar o intervalo de tempo pedido: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Formular a probabilidade condicionada: **0,25 puntos**.
- Calcular a probabilidade da intersección dos sucesos *A* e *B*: **0,25 puntos**.
- Calcular a probabilidade do suceso *B* : **0,25 puntos**.
- Xustificar que os sucesos non son independentes: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formular a probabilidade da unión de sucesos e chegar ao resultado pedido: **1 punto**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1,25 puntos:**
- Especificar as hipóteses nula e alternativa: **0,25 puntos**.
- Establecer a rexión crítica: **0,25 puntos**.
- Avaliar o estatístico de contraste para a mostra dada: **0,25 puntos**.
- Decidir se aceptamos ou rexeitamos a hipótese nula: **0,25 puntos**.
- Conclusión: **0,25 puntos**.

(b) **0,75 puntos:**
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**
- Especificar, cun 95% de confianza, o tempo medio mensual dedicado actualmente pola poboación de mozos a conectarse á Rede: **0,25 puntos.**

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexa o seguinte sistema de ecuacións lineais $x+y+z=6;\ x+y-z=0;\ 2x-y+z=3$, sendo x, y e z os prezos dos produtos P_1, P_2 e P_3, respectivamente.

(a) **2 puntos**. *Expresa o sistema en forma matricial AX = B. Calcula a matriz inversa de A, sendo A a matriz cadrada de orde 3 dos coeficientes.*

- Expresar o sistema en forma matricial $\begin{pmatrix} 1 & 1 & 1 \\ 1 & 1 & -1 \\ 2 & -1 & 1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 6 \\ 0 \\ 3 \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.
- Calcular $A^{-1}=\begin{pmatrix} 0 & 1/3 & 1/3 \\ 1/2 & 1/6 & -1/3 \\ 1/2 & -1/2 & 0 \end{pmatrix}$ **1´50 puntos**.

(b) **1 punto**. *Calcula os prezos de equilibrio para eses tres produtos x, y, z.*

- Expresión da matriz dos prezos, $\begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 0 & 1/3 & 1/3 \\ 1/2 & 1/6 & -1/3 \\ 1/2 & -1/2 & 0 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 6 \\ 0 \\ 3 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.
- Resolver, obtendo os prezos de equilibrio, $x=1,\ y=2\ e\ z=3$, e polo tanto o prezo dos produtos P_1, P_2 e P_3 é 1, 2 e 3 unidades monetarias, respectivamente. **0´75 puntos** (**0´25 puntos** por cada un deles).

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Os beneficios (en centos de miles de euros anuais) estimados por unha pequena empresa durante un período de catro anos, axustáronse á función $B(x)=x^3-6x^2+9x,\ 0\le x\le 4$, onde $B(x)$ representa os beneficios da empresa aos x anos transcorridos dende a súa constitución (x = 0 corresponde ao ano 2006).

(a) **0´50 puntos**. *¿Nalgún ano a empresa non tivo beneficios? Xustifica a resposta.*

- Solucións da ecuación $B(x)=0 \Leftrightarrow x\left(x^2-6x+9\right)=0 \Rightarrow x=0$ e $x=3$ **0´25 puntos**.
- Responder á pregunta do exercicio "*A empresa non tivo beneficios no ano 2006 e no 2009*" **0´25 puntos**.

(b) **1´75 puntos**. *Determina os intervalos de tempo nos que os beneficios aumentaron e nos que diminuíron. ¿Que información nos proporcionan sobre a evolución dos beneficios neses catro anos? Calcula os beneficios máximo e mínimo e os anos en que se produciron.*

- Determinar a primeira derivada: $B'(x)=3x^2-12x+9$ **0´25 puntos**.
- Calcular os puntos críticos: $B'(x)=0 \Leftrightarrow 3x^2-12x+9=0 \Rightarrow x=1$ e $x=3$ e facer o estudo do crecemento e do decrecemento da función

	(0, 1)	(1, 3)	(3, 4)
x	*x* = 1/2	*x* = 2	*x* = 7/2
signo de B´(x)	*B*´(1/2) > 0	*B*´(2) < 0	*B*´(7/2) > 0

- No intervalo (0, 1) e no (3, 4) os beneficios aumentaron **0´25 puntos**.
- No intervalo (1, 3) os beneficios diminuíron **0´25 puntos**.
- Información sobre a evolución dos beneficios neses catro anos:

“*A empresa foi aumentando os seus beneficios dende o instante da súa constitución, ano 2006, ata o ano 2007. Os beneficios diminuíron entre o 2007 e o 2009, volvendo aumentar ata o ano 2010*” **0´50 puntos**.

– *No ano 2007 e no 2010, tiveron un beneficio máximo anual de 400.000 euros. No 2009 (e no 2006) o seu beneficio foi mínimo de 0 euros, é dicir, non tiveron beneficios”.* **0´50 puntos**.

(c) **0´75 puntos**. *Utilizando os resultados anteriores e calculando, se o hai, o punto de inflexión, representa a gráfica de B(x)*

– $B''(x) = 6x - 12,\ B''(x) = 0 \Rightarrow x = 2$, polo que o punto de inflexión preséntase no (2, 2) **0´25 puntos**.
– Representación gráfica da función **0´50 puntos**.

Recuperamos toda a información que tiñamos sobre $B(x)$ e representamos a súa gráfica



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Estase a planificar levar a cabo unha enquisa con pequenas empresas dunha poboación. Por experiencia, sábese que só a metade das empresas coas que se contacta responden. Se se contacta con 150 empresas,

(a) **0´50 puntos**. *¿Cal é o número esperado de empresas que responden?*

– Definimos a variable aleatoria binomial X = número de empresas que responden, en mostras de 150 empresas. $X \sim B(n = 150,\ p = 0'5)$ **0´25 puntos**.
– $E(X) = n \cdot p = 150 \cdot 0'5 = 75$. “*En mostras de 150 empresas, espérase que respondan 75 delas* ” **0´25 puntos**.

(b) **1´50 puntos**. *¿Cal é a probabilidade de que como máximo respondan 70 empresas?*

– Formular a probabilidade pedida: $P(X \le 70)$ **0´25 puntos**.
– Paso da binomial á normal:
$$X \sim B(n = 150,\ p = 0'5) \Rightarrow X' \sim N\left(\mu = n \cdot p = 75,\ \sigma = \sqrt{n \cdot p(1-p)} = 6'12\right)$$ **0´50 puntos**.
– Corrección de medio punto: $P(X \le 70) = P(X' < 70'5)$ **0´25 puntos**.
– Tipificación: $P(X \le 70) = P\left(X' < 70'5\right) = P\left(Z < \dfrac{70'5 - 75}{6'12}\right) = P(Z < -0'73)$ **0´25 puntos**.
– Paso a táboas e resultado final: $P(Z < -0'73) = 1 - P(Z < 0'73) = 1 - 0'7673 = 0'2327$ **0´25 puntos**.

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Supoñamos que o IMC (índice de masa corporal) en nenas de 13 anos dunha poboación segue unha distribución normal, $N(\mu, \sigma = 4)$

(a) **0´75 puntos**. *Se o 6´68% das citadas nenas está en risco de sobrepeso, é dicir, o seu IMC é superior a 22´5, calcula o valor do IMC medio, μ, para as nenas de 13 anos da poboación.*

Exemplos de resposta / Solucións

Definimos *"X* = índice de masa corporal, IMC, dunha nena de 13 anos desa poboación*",* $X \sim N(\mu, \sigma = 4)$.

Pódese facer directamente sobre as gráficas da distribución normal *X* e a da súa tipificación *Z*,



0´25 puntos.



- $\frac{22'5-\mu}{4} = z_{0'9332} = 1'5$ **0´25 puntos**
- Despexando $\mu = 16'5$ **0´25 puntos**

Ou tamén así

- Formular a condición imposta no enunciado do exercicio: $P\left(X > 22{,}5\right) = 0'068$ **0´25 puntos**.
- Tipificar e buscar o punto crítico na táboa: $P\left(Z > \frac{22'5-\mu}{4}\right) = 0'068 \xrightarrow[\text{Táboas}]{} \frac{22'5-\mu}{4} = 1'5$

  0´25 puntos.
- Cálculo da media: $\mu = 22'5 - 4 \cdot 1'5 = 16'5$ **0´25 puntos**.

(b) **1´25 puntos**. *Se o IMC para as nenas de 13 anos da poboación segue unha distribución N(16´5, 4) e se extrae unha mostra aleatoria de 64 nenas de 13 anos desa poboación, calcula a probabilidade de que o IMC medio da mostra estea por debaixo de 15´3 (por debaixo do peso axeitado)*

- Determinar a distribución de $\bar{X}$, $\bar{X} \sim N\left(\mu = 16'5, \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 0'5\right)$ **0,25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: $P(\bar{X} < 15'3)$ **0,25 puntos**.
- Tipificación: $P(\bar{X} < 15'3) = P\left(Z < \frac{15'3-16'5}{0'5}\right) = P(Z < -2'4)$ **0,25 puntos**.
- Paso a táboas: $P(Z < -2'4) = P(Z > 2'4) = 1 - P(Z < 2'4)$ **0,25 puntos**.
- Resultado final: $1 - P(Z < 2'4) = 1 - 0'9918 = 0'0082$ **0,25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Cosideremos o seguinte sistema de inecuacións: $y - x - 2 \le 0$; $y + x - 6 \le 0$; $2y \ge 5 - x$.

(a) **1´50 puntos**. *Representa graficamente a rexión factible e calcula os seus vértices.*

- Vértices da rexión factible **0´75 puntos**, polos vértices: *A* (1/3, 7/3); *B* (2, 4); *C* (7, –1) (**0´25 puntos** por cada un deles).
- Representación gráfica da rexión factible (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os tres vértices) **0´75 puntos**:

A rexión factible está delimitada polos vértices *A*, *B* e *C* (gráfico (1)).



gráfico (1)



gráfico (2)

(b) **0´75 puntos**. *Calcula en que punto ou puntos desa rexión alcanza os valores máximo e mínimo a función* $f(x,y) = x + 2y$.

- A función obxectivo alcanza o *valor máximo* no punto *B* (2, 4) **0´25 puntos**.
- A función obxectivo alcanza o *valor mínimo* nos puntos *A* (1/3, 7/3), *C* (7, –1) **0´25 puntos,** e nos infinitos puntos do segmento *AC* **0´25 puntos**.

(c) **0´75 puntos**. *Responde ao apartado anterior se se engade y* ≥ 0 *ao sistema de inecuacións anterior*.

- Identificar a nova rexión factible (ver gráfico (2)), que está limitada polos vértices *A* (1/3, 7/3), *B* (2, 4), *D* (6, 0) e *E* (5, 0) **0´25 puntos**.
- A función obxectivo alcanza o *valor máximo* no punto *B* (2, 4) **0´25 puntos**.
- A función obxectivo alcanza o *valor mínimo* nos puntos *A* (1/3, 7/3), *E* (5, 0) e nos infinitos puntos do segmento *AE* **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Estímase que o número de unidades vendidas de certo produto *N*, aos *t* meses de introducilo no mercado, vén dado por: $N(t) = 200\left(5 - \dfrac{10}{2+t}\right)$, $t \ge 0$.

(a) **1´25 puntos**. *O número de unidades vendidas ¿aumenta ou diminúe ao transcorrer os meses*? *Xustifica a resposta, estudando o crecemento ou decrecemento da función N*(*t*).

- Determinar a primeira derivada: $N'(t) = \dfrac{2000}{(2+t)^2}$ **0´75 puntos**.
- Xustificar que o número de unidades vendidas *aumenta* ao transcorrer os meses, estudando o signo da primeira derivada: $N'(t) > 0$, para todos os valores de *t*, logo *N*(*t*) é crecente en todo $\mathbb{R}$, e en particular no intervalo $(0,+\infty)$ **0´50 puntos**.

(b) **1´25 puntos**. *Determina entre que meses as vendas son superiores a 500 e inferiores a 800 unidades.*

- Primeira desigualdade: $N(t) > 500 \Leftrightarrow 200\left(5 - \dfrac{10}{2+t}\right) > 500 \Rightarrow \dfrac{10}{2+t} < \dfrac{5}{2} \Rightarrow 2 + t > 4 \Rightarrow t > 2$ **0´50 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

- Segunda desigualdade: $N(t) < 800 \Leftrightarrow 200\left(5 - \frac{10}{2+t}\right) < 800 \Rightarrow \frac{10}{2+t} > 1 \Rightarrow 2+t < 10 \Rightarrow t < 8$ **0´50 puntos**.
- Especificar o intervalo de tempo pedido, *"Entre o segundo e o oitavo mes as vendas superan as 500 unidades e son inferiores a 800 unidades"* **0´25 puntos**.

(c) **0´50 puntos**. *¿As vendas tenden a estabilizarse arredor dalgunha cantidade? Xustifica a resposta.*

- Resolver o límite da función dada, $\lim_{t\to+\infty} N(t) = \lim_{t\to+\infty} 200\left(5 - \frac{10}{2+t}\right) = \lim_{t\to+\infty} 1000 - \lim_{t\to+\infty} \frac{2000}{2+t} = 1000$

  "*As vendas tenden a estabilizarse arredor das 1000 unidades*" **0´50 puntos**.

(Tamén se podería resolver representando a gráfica da función)



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Sexan *A* e *B* dous sucesos tales que a probabilidade de que ambos os dous acontezan simultaneamente é 1/10 e a probabilidade de que non aconteza ningún dos dous é 1/5. Ademais sábese que P(A / B) = 1/4.

(a) **1 punto**. *Calcula a probabilidade de que aconteza algún dos dous sucesos.*

As probabilidades que nos están dando no enunciado son $P(A \cap B) = 1/10$, $P(\bar{A} \cap \bar{B}) = 1/5$

- Formular a probabilidade pedida: $P(A \cup B)$ **0´25 puntos**.
- Relacionar a probabilidade da intersección de contrarios coa da unión:

  $P(\bar{A} \cap \bar{B}) = P(\overline{A \cup B}) = 1 - P(A \cup B)$ **0´25 puntos**.

- Identificar na expresión obtida a probabilidade dada no enunciado: $\frac{1}{5} = 1 - P(A \cup B)$ **0´25 puntos**.
- Resultado $P(A \cup B) = \frac{4}{5}$ **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Calcula a probabilidade de que aconteza o suceso A.*

- Calcular a probabilidade do suceso *B*, partindo dos datos da probabilidade condicionada e da intersección $P(A/B) = \frac{P(A \cap B)}{P(B)} \Rightarrow \frac{1}{4} = \frac{1/10}{P(B)} \Rightarrow P(B) = \frac{2}{5}$ **0´50 puntos**.
- Formular a probabilidade da unión de sucesos,

  $P(A \cup B) = P(A) + P(B) - P(A \cap B) \Leftrightarrow 4/5 = P(A) + 2/5 - 1/10$ **0´25 puntos**.
- Chegar ao resultado pedido *P*(*A*) = 1/2 **0´25 puntos**.

Pódese responder coa táboa, pero para iso é necesario calcular primeiro *P*(*B*) coa definición de probabilidade condicionada, como fixemos no apartado (b), $P(B) = 2/5$ **0´50 puntos** + pola táboa **1 punto** + polo apartado (a) **0´50 puntos** (formular a unión + resultado). O apartado (b) xa está evaluado na táboa.

	B	$\bar{B}$	
A	1/10	2/5	1/2
$\bar{A}$	3/10	1/5	1/2
	2/5	3/5	1

Exemplos de resposta / Solucións

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Nun recente estudo afírmase que hai un 5% de lesións de xeonllo entre futbolistas que xogan sobre céspede e calzan un novo modelo de botas de fútbol. De 250 futbolistas que xogan sobre céspede e que calzan botas de fútbol convencionais déronse 20 de tales lesións.

(a) **0´75 puntos**. *Formula un test para contrastar a hipótese de que a proporción de lesións de xeonllo xogando con botas convencionais non supera á de tales lesións xogando co novo modelo, fronte a hipótese de que si a supera.*

Sexan

"p : proporción de lesións de xeonllo entre xogadores de fútbol que calzan botas convencionais"
Parámetro poboacional descoñecido (é o que nos mandan contrastar)

$\hat{P}$: *proporción de lesións de xeonllo entre futbolistas que calzan botas convencionais*, *en mostras de* 250 *deses futbolistas* (*estimador puntual de* "p")

$\downarrow$

$\hat{p} = 20/250 = 0´08$ (*estimación puntual de* p) **0´25 puntos**

– Formulación das hipóteses $\begin{cases} H_0 : p \le 0´05 \\ H_1 : p > 0´05 \end{cases}$ **0´50 puntos.**

(b) **1´25 puntos**. *¿A que conclusión se chega cun 5% de nivel de significación? ¿Chégase á mesma conclusión cun 1% de nivel de significación?*

– Estatístico de proba: $\dfrac{\hat{P} - p}{\sqrt{\dfrac{p(1-p)}{n}}} \sim N(0,1)$

– Avaliar o estatístico de proba, *"baixo a hipótese H_0 certa"*, para a mostra dada:

$$z_{ob} = \frac{0´08 - 0´05}{\sqrt{\dfrac{0´05 \cdot 0´95}{250}}} = 2´176 \quad \textbf{0´25 puntos}.$$

– Establecer a rexión crítica, *para* $\alpha = 0´05$, $(1´645, +\infty)$ (ver gráfica (1)) **0´25 puntos**.

– Decisión $z_{ob} = 2´176 > z_{crit} = 1´645 \Rightarrow$ *Rexeito* H_0, polo tanto

"Cun risco de equivocarnos dun 5% concluiremos que, sobre a base da mostra dada, a proporción de lesións de xeonllo con botas convencionais é maior que co novo modelo de botas" **0´25 puntos**.



gráfica (1)



gráfica (2)

– Establecer a nova rexión crítica, *para* $\alpha = 0´01$, $(2´33, +\infty)$ (ver gráfica (2)) **0´25 puntos**.

– Decisión $z_{ob} = 2´176 < z_{crit} = 2´33 \Rightarrow$ *Acepto* H_0, polo tanto

"Non chegariamos á mesma conclusión, xa que cun 1% de risco de equivocarnos non poderiamos rexeitar H_0, co que non poderiamos concluír que se supera a proporción de lesións de xeonllo" **0´25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Dadas as matrices $A=\begin{pmatrix} a & 2 \\ 1 & b \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 3 & 1 \\ 4 & 2 \end{pmatrix}$ e $C=\begin{pmatrix} 0 & -1 \\ 2 & 3 \end{pmatrix}$

(a) **1 punto**. *Calcula B^{-1}, matriz inversa de B.*

- Calcular a inversa de *B*, por calquera método $B^{-1}=\begin{pmatrix} 1 & -1/2 \\ -2 & 3/2 \end{pmatrix}$.

(b) **2 puntos**. *Determina os valores que deben tomar a e b para que se verifique $A\cdot B^{-1}+2\cdot I=C^t$, I é a matriz identidade de orde 2 e C^t é a matriz trasporta de C.*

- Operar alxébricamente coas matrices dadas:

  $2\cdot I=\begin{pmatrix} 2 & 0 \\ 0 & 2 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**. $C^t=\begin{pmatrix} 0 & 2 \\ -1 & 3 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

  $A\cdot B^{-1}=\begin{pmatrix} a-4 & -\frac{a}{2}+3 \\ 1-2b & -\frac{1}{2}+\frac{3b}{2} \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**. $A\cdot B^{-1}+2\cdot I=\begin{pmatrix} a-2 & -\frac{a}{2}+3 \\ 1-2b & \frac{3}{2}(b+1) \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

- Resolver a igualdade de matrices, obtendo os valores de *a* e *b:*

  $a-2=0 \Rightarrow a=2$ **0´25 puntos**. $1-2b=-1 \Rightarrow b=1$ **0´25 puntos**.

- Comprobar a compatibilidade do valor de *a* = 2 na outra igualdade $-\frac{a}{2}+3=2$ e do valor de *b* = 1 na igualdade $\frac{3}{2}(b+1)=3$ **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O beneficio *B* (en miles de euros) para unha compañía que gasta unha cantidade *x* (en miles de euros) en publicidade estímase por $B(x)=-0´1x^3+6x^2+400,\ 0\le x\le 60$.

(a) **2 puntos**. *Calcula a cantidade de diñeiro que a compañía debe gastar en publicidade para que lle produza un beneficio máximo e calcula o devandito beneficio. ¿Que cantidade de diñeiro en publicidade lle produce un beneficio mínimo?*

- Determinar a primeira derivada $B'(x)=-0´3x^2+12x$ **0´25 puntos**.
- Calcular os puntos críticos *x* = 0, *x* = 40 **0´25 puntos**.
- Comprobar en que puntos se presentan o máximo e o mínimo $B''(x)=-0´6x+12 \to \begin{cases} B''(0)>0 \\ B''(40)<0 \end{cases}$, deducindo que en *x* = 0 *B*(*x*) presenta un mínimo **0´25 puntos** e en *x* = 40 *B*(*x*) presenta un máximo **0´25 puntos**.
- Polo beneficio máximo e especificar a cantidade de diñeiro que debe gastar en publicidade para que lle produza ese beneficio máximo: "*Deben gastar 40.000 euros en publicidade* (**0´25 puntos**), *para que o seu beneficio sexa máximo, sendo o devandito beneficio de 3.600.000 euros* (**0´25 puntos**)

- Determinar que cantidade de diñeiro en publicidade lle produce un beneficio mínimo:

  Para $x = 0$ $B(0) = 400$ e para $x = 60$ $B(60) = 400$, polo tanto
  "*Se non gastan nada en publicidade* (**0´25 puntos**), *ou se gastan 60.000 euros* (**0´25 puntos**) *o beneficio que obteñen é mínimo*"

(b) **1 punto**. *Representa a gráfica da función, utilizando os resultados anteriores e calculando concavidade, convexidade e punto de inflexión.*

- $B''(x) = 0 \Leftrightarrow x = 20$, no intervalo (0, 20) a función é cóncava cara arriba (convexa), no intervalo (20, 60) é cóncava cara abaixo (cóncava) **0´25 puntos.**
- O punto (20, 2000) é o punto de inflexión **0´25 puntos**.
- Representación gráfica **0´50 puntos**.



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Certa poboación de persoas maiores de 70 anos está formada por un 40% de homes e un 60% de mulleres. A porcentaxe de persoas dependentes nesa poboación é do 10% entre os homes e do 20% entre as mulleres.

(a) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de persoas dependentes nesa poboación de maiores de 70 anos.*
Denominamos aos sucesos "*H*": *unha persoa (> de 70 anos) desa poboación é home*, "*M*": *unha persoa (> de 70 anos) desa poboación é muller, "D": unha persoa (> de 70 anos) desa poboación é dependente.*
Os datos que recollemos do enunciado son: $P(H) = 0´4$; $P(M) = 0´6$; $P(D/H) = 0´1$; $P(D/M) = 0´2$.

- Formular a probabilidade pedida: $P(D)$ **0´25 puntos**.
- Utilizar o teorema das probabilidades totais e sustituir os valores de cada probabilidade na fórmula anterior: $P(D) = P(H)\cdot P(D/H) + P(M)\cdot P(D/M) = 0´4\cdot 0´1 + 0´6\cdot 0´2 = 0´16$ **0´50 puntos**.
- Expresión da porcentaxe pedida: "*O 16% desa poboación de persoas maiores de 70 anos é dependente*" **0´25 puntos**.



- No caso de facelo co diagrama de árbore, a puntuación sería: **0´50 puntos** pola árbore + **0´25 puntos** por chegar ao resultado final+ **0´25 puntos** pola expresión da porcentaxe.

(b) **1 punto**. *Elixida unha persoa ao azar da citada poboación, ¿cal é a probabilidade de que sexa muller ou non sexa dependente?*

- Formular a probabilidade pedida $P\left(M \cup \bar{D}\right)$ **0´25 puntos**.

- Expresión da probabilidade da unión anterior $P\left(M \cup \bar{D}\right) = P(M) + P(\bar{D}) - P(M \cap \bar{D})$ **0´25 puntos**.
- Identificar as probabilidades da fórmula
  $P\left(M \cup \bar{D}\right) = P(M) + P(\bar{D}) - P(M \cap \bar{D}) = 0'6 + (1 - 0'16) - 0'6 \cdot 0'8$ **0´25 puntos**.
- Resultado final $P\left(M \cup \bar{D}\right) = 0'96$ **0´25 puntos**.

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

A proporción de mulleres dunha poboación portadoras de hemofilia é descoñecida. Para estimala elíxese unha mostra aleatoria de 500 mulleres entre as que se encontran 80 portadoras da enfermidade.

(a) **1 punto**. *Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de mulleres portadoras de hemofilia desa poboación.*

Sexan

"p : proporción de mulleres portadoras de hemofilia desa poboación
(parámetro poboacional descoñecido)

$\hat{P}$: *proporción mostral de mulleres desa poboación portadoras de hemofilia, en mostras de* 500 *mulleres* (*estimador puntual de* "p")

$\downarrow$

$\hat{p} = 80/500 = 0'16$ (*estimación puntual de* p)

- Expresión do intervalo de confianza: $P\left(\underbrace{\hat{P} - z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}}}_{L_1} \le p \le \underbrace{\hat{P} + z_{\alpha/2}\sqrt{\frac{p(1-p)}{n}}}_{L_2}\right) = 1-\alpha$ **0´25 puntos**.
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo, avaliando para a mostra dada os estatísticos L_1 e L_2, de forma que, o parámetro "p" decoñecido estimámolo polo valor particular de $\hat{P}$ para a mostra dada, resultando:

$L_1 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 0'16 - 1'96\sqrt{\frac{0'16 \cdot 0'84}{500}} = 0'16 - 0'032 = 0'128$ **0´25 puntos**.

$L_2 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 0'16 + 1'96\sqrt{\frac{0'16 \cdot 0'84}{500}} = 0'16 + 0'032 = 0'192$ **0´25 puntos**.

- Responder á pregunta no contexto do problema, concluíndo que
  "en base a mostra dada, estímase cun 95% de confianza, que a proporción de mulleres portadoras de hemofilia desa poboación, está entre un 12´8% e un 19´2%" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Supoñendo que aínda non se tomou a mostra e queremos facer a estimación cometendo un erro non superior ao 2%, cun 95% de confianza, ¿de que tamaño debería ser a devandita mostra?*

O estatístico a utilizar é $\frac{\hat{P} - p}{\sqrt{p(1-p)/n}} \sim N(0,1)$.

Como nos din que non se tomou ningunha mostra, entón non coñecemos unha estimación puntual previa de "p", polo que teremos que tomar, obrigatoriamente, o caso máis desfavorable para "p", p = 1/2, xa que a función f(p) = p(1–p) se maximiza para p = 1/2.

- Formulamos a marxe de erro non superior ao 2%: $z_{\alpha/2} \cdot \sqrt{\frac{p(1-p)}{n}} \le 0'02$ **0´25 puntos**.
- Substituímos na fórmula: $1'96\sqrt{\frac{1}{4n}} \le 0'02$ **0´25 puntos**.
- Despexamos $n \ge 2401$
- Concluímos
  "*Para garantir ese erro, con ese nivel de confianza, necesitamos tomar mostras de 2401 ou máis mulleres desa poboación*" **0´50 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

(a) **2´25 puntos**. *Representa a rexión do plano definida polo sistema de inecuacións:* $y+2x \le 6$, $y \le x$, $4y \ge x-3$ *e calcula os seus vértices. Xustifica se os puntos P*(1, –1/2) *e* Q(1/2, 1) *pertencen ou non a esta rexión.*

- Vértices da rexión factible **0´75 puntos**, polos vértices: *A* (–1, –1); *B* (2, 2); *C* (3, 0) (**0´25 puntos** por cada un deles).
- Representación gráfica da rexión factible (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os tres vértices) **1 punto**:



- O punto P(1, –1/2) si pertence á rexión factible (está na recta AC) **0´25 puntos**.
- O punto Q(1/2, 1) non pertence á rexión factible, xa que non verifica a desigualdade $y \le x$ **0´25 puntos**.

(b) **0´75 puntos**. *Calcula en que punto ou puntos desta rexión a función* $f(x,y)=y+2x$ *alcanza o valor máximo.*

- A función obxectivo alcanza o *valor máximo* nos puntos *B* (2, 2) **0´25 puntos,** *C* (3, 0) **0´25 puntos,** e nos infinitos puntos do segmento *BC* **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Os ingresos (en millóns de euros) obtidos por certa factoría no período comprendido dende o ano 2000 ao 2010, estimáronse pola función

$$I(x)=\begin{cases}\frac{1}{4}(x-5)^2+17, & 1\le x<7\\ -x^2+18x-59, & 7\le x\le 11\end{cases}$$

, onde *x* é o tempo transcorrido en anos (*x* = 1 corresponde ao ano 2000)

(a) **0´50 puntos**. *Calcula os ingresos obtidos no ano 2002 e no ano 2007.*

- No ano 2002, $I(3)=18$, "*18 millóns de euros*" **0´25 puntos**.
- No ano 2007, $I(8)=21$, "*21 millóns de euros*" **0´25 puntos**.

(b) **1´75 puntos**. *Determina a evolución dos ingresos no período comprendido dende o ano 2000 ata o ano 2010* (*crecemento e decrecemento da función I*(*x*)). *Calcula os ingresos máximo e mínimo.*

Exemplos de resposta / Solucións

– Determinar a primeira derivada en cada un dos anacos da función $I'(x) = \begin{cases} \frac{1}{2}(x-5), & 1 < x < 7 \\ -2x+18, & 7 < x < 11 \end{cases}$

0´50 puntos.

– Determinar os intervalos de crecemento e de decrecemento

No (1, 7) $I'(x) = 0 \Leftrightarrow x = 5$

No (7, 11) $I'(x) = 0 \Leftrightarrow x = 9$

	(1, 5)	(5, 7)
valor x	*x* = 2	*x* = 6
signo de I´(x)	*I´*(2) < 0	*I´*(6) > 0

	(7, 9)	(9, 11)
valor x	*x* = 8	*x* = 10
signo de I´(x)	*I´*(8) > 0	*I´*(10) < 0

– Nos intervalos (1, 5) e (9, 11) *I*(*x*) é decrecente **0´25 puntos**.
– Nos intervalos (5, 7) e (7, 9) *I*(*x*) é crecente **0´25 puntos**.
– Evolución dos ingresos no período comprendido dende o ano 2000 ata o 2010:
"*Os ingresos diminuíron dende o ano 2000 ata o 2004 e tamén dende o ano 2008 ata o ano 2010. Dende o ano 2004 ata o 2008 os ingresos aumentaron.* " **0´25 puntos**.

En *x* = 5 *I*(*x*) presenta un mínimo; *I*(5) = 17
En *x* = 9 *I*(*x*) presenta un máximo; *I*(9) = 22
Valoramos a función a función nos extremos: en *x* = 1 *I*(1) = 21; en *x* = 11 *I*(11) = 18. Polo tanto o 5 é un mínimo absoluto e o 9 un máximo absoluto. Concluímos :
"*A factoría tivo uns ingresos mínimos de 17 millóns de euros* **0´25 puntos**.
"*A factoría tivo uns ingresos máximos de 22 millóns de euros* **0´25 puntos.**

(c) **0´75 puntos**. *Determina entre que anos dese período os ingresos non superaron os 18 millóns de euros.*

– No primeiro anaco $\frac{1}{4}(x-5)^2 + 17 \le 18 \Rightarrow (x-5)^2 \le 4 \Rightarrow 3 \le x \le 7$ **0´25 puntos**.
– No segundo anaco $-x^2 + 18x - 59 \le 18$ non ten solución no intervalo [7, 11] **0´25 puntos**.
– Contextualizar "*A factoría non superou os 18 millóns de euros entre os anos 2002 e 2006*" **0´25 puntos**.
Tamén se pode contestar a este apartado buscando as interseccións da recta *y* = 18 coa gráfica da función *I*(*x*).



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Sábese que $P(B/A) = 0´7$, $P(A/B) = 0´4$ e $P(A) = 0´2$

(a) **1 punto**. *Calcula* $P(A \cap B)$ *e* $P(B)$. *Xustifica se son independentes ou non os sucesos A e B.*

– Formular a probabilidade condicionada $P(B/A) = \frac{P(A \cap B)}{P(A)}$ **0´25 puntos**.
– Calcular a probabilidade da intersección dos sucesos $P(A \cap B) = 0´7 \cdot 0´2 = 0´14$ **0´25 puntos**.
– Calcular a probabilidade do suceso B, $P(A/B) = 0´4 = \frac{0´14}{P(B)} \Rightarrow P(B) = 0´35$ **0´25 puntos**.
– Xustificar que *A* e *B* non son independentes, por exemplo, coa definición: $P(A/B) \neq P(A)$ **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

(b) **1 punto**. *Calcula* $P(A\cup\bar{B})$, *onde* $\bar{B}$ *representa o suceso complementario ou contrario de B.*

- Formular a prababilidade da unión $P(A\cup\bar{B})=P(A)+P(\bar{B})-P(A\cap\bar{B})$ **0´25 puntos**.
- Expresión na fórmula anterior da probabilidade do suceso contrario e da intersección de sucesos dependentes

  $P(A\cup\bar{B})=0´2+0´65-P(A)\cdot P(\bar{B}/A)=0´85-0´2\cdot(1-0´7)$ **0´50 puntos**.
- Resultado $P(A\cup\bar{B})=0´79$ **0´25 puntos**.

Pódese responder coa táboa, pero para iso é necesario ter os resultados do apartado (a) para poder completala, repartíndose os puntos: **0´50** pola táboa + **0´25** por formular a unión + **0´25** resultado final.

	B	$\bar{B}$	
A	14	6	20
$\bar{A}$	21	59	80
	35	65	100

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Nun estudo sociolóxico afirmábase que o tempo medio que os mozos están conectados á Rede non supera as 60 horas mensuais. Deséxase contrastar se actualmente segue en vigor ese estudo e, para iso, entrevístanse 400 mozos seleccionados ao azar e obtense que o tempo medio é de 62 horas. Supoñemos que o tempo dedicado polos mozos a conectarse á Rede segue unha distribución normal, de desviación típica 15 horas mensuais.
Sexan:

"X = tempo, en horas/mes, que un mozo está conectado á Rede no momento actual" $X\sim N(\mu,\sigma=15h/mes)$.

$\bar{X}$: *media mostral* $:\equiv$ *tempo medio que un mozo está conectado á Rede* (*no momento actual*),

en mostras de 400 *mozos* $\xrightarrow[\text{valor particular para a mostra dada}]{} \bar{x}=62$ *horas / mes*

(a) **1´25 puntos**. *Formula un test para contrastar a hipótese de que o tempo medio mensual dedicado actualmente polos mozos a conectarse á Rede e o que afirma o estudo, fronte á alternativa de que aumentou. ¿A que conclusión se chega, cun 1% de nivel de significación?*

- Especificar as hipótesis nula e alternativa: $\begin{cases} H_0: \mu\le 60 \\ H_1: \mu>60\end{cases}$ **0´25 puntos**.
- Estatístico de proba: $\dfrac{\bar{X}-\mu}{\sigma/\sqrt{n}}\sim N(0,1)$
- Esteblecer a rexión crítica: $(2´33,\infty)$ **0´25 puntos**.



- Avaliar o estatístico de proba, *"baixo a hipótese H₀ certa"*, para a mostra dada: $z_{ob}=\dfrac{62-60}{15/\sqrt{400}}\cong 2´67$

  0´25 puntos.
- Decisión: $z_{ob}=2´67\in(2´33,\infty)\Rightarrow$ *Rexeito* H_0 **0´25 puntos**.
- Conclusión: *Cos datos desta mostra e con risco de equivocarnos dun 1%, concluiriamos que o tempo medio mensual que dedican os mozos, actualmente, a conectarse á Rede, aumentou* **0´25 puntos**.

(b) **0´75 puntos**. *Usando a información recollida na mostra, calcula o intervalo do 95% de confianza para o tempo medio mensual dedicado actualmente pola poboación de mozos a conectarse á Rede.*

- Calcular numéricamente os extremos do intervalo 60´53 e 63´47 **0´50 puntos**
- Responder á pregunta no contexto do problema:
  "En base á mostra dada, estímase cun 95% de confianza, que a media de horas mensuais que os mozos dedican actualmente a conectarse á Rede, está entre 60´53 horas e 63´47 horas" **0´25 puntos**.

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU **Código: 36**

XUÑO 2013

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(***O alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos***)

OPCIÓN A

1) Sexan as matrices $A=\begin{pmatrix} 5 & 3 \\ 3 & 2 \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 2 & x \\ x & 1 \end{pmatrix}$, $C=\begin{pmatrix} 0 & -1 \\ -1 & 4 \end{pmatrix}$

(a) Determina o valor de x para que se verifique $B^2 = A$.

(b) Calcula o valor de x para que $B+C=A^{-1}$, (A^{-1} é a matriz inversa de A).

(c) Calcula o valor de x para que se verifique $A-B+\frac{1}{2}C=3I_2$, sendo I_2 a matriz identidade de orde 2.

2) A cantidade de madeira (en metros cúbicos) que se extrae dunha explotación forestal durante un período de cinco días vén dada pola función: $M(t)=t^3-9t^2+24t,\ \ 0\le t\le 5$, onde t é o tempo transcorrido en días.

(a) Estuda en que períodos se rexistrou un aumento e nos que se rexistrou unha diminución da cantidade de madeira extraida.

(b) ¿En que día ou días se extraeu a máxima cantidade de madeira?, ¿e a mínima? Calcular a cantidade máxima e mínima de metros cúbicos de madeira extraida.

(c) Representa graficamente a función $M(t)$, calculando, se os hai, os puntos de inflexión.

3) Un control de calidade é superado por catro de cada cinco artigos de pesca. Sométense ao devandito control un total de 225 artigos,

(a) ¿cantos artigos de pesca se espera que superen o control de calidade?

(b) ¿cal é a probabilidade de que superen o control de calidade entre 170 e 187 (incluídos) artigos?

4) No proceso industrial de envasado dun produto, o peso dos envases aproxímase a unha Normal de media 500 gramos e desviación típica 4 gramos. Os directivos da empresa sospeitan que a maquinaria de envasado está avariada e decidirán cambiala se o peso medio dos envases é superior a 500 gramos. Para iso, analizan unha mostra aleatoria de 30 envases e obteñen un peso medio de 501´5 gramos.

(a) Formula un test para contrastar a hipótese de que non é necesario cambiar a maquinaria fronte a que sí o é, tal como sospeitan os directivos, ¿a que conclusión se chega cun nivel de significación do 5%?

(b) Explica o tipo de erro que cometerían se decidisen erroneamente non cambiar a maquinaria.

OPCIÓN B

1) Sexa a función $f(x,y)=-0{,}8x+1{,}5y$ suxeita ás restricións: $x+y\le 10;\ \ x+2y\ge 8;\ \ 2\le y\le x+6;\ \ x\le 6$.

(a) Representa a rexión R do plano determinado polo conxunto de restricións e calcula os seus vértices.

(b) Calcula os puntos de R onde a función alcanza os seus valores máximo e mínimo.

2) O prezo de venda (en euros) dun artigo deportivo dende o momento inicial da súa comercialización axústase á función

$$P(t)=\begin{cases} -\dfrac{1}{5}t^2+4t+80, & 0\le t<15 \\ 87+\dfrac{32}{t-11}, & t\ge 15 \end{cases}$$, onde t é o tempo transcorrido en meses.

(a) ¿Cal é o prezo inicial do artigo? ¿E despois de transcorridos 15 meses?

(b) Estuda en que meses se produce un aumento e nos que se produce unha diminución do prezo do artigo. ¿Cal é o prezo máximo que alcanza o artigo? ¿E o prezo mínimo?

(c) Despois de transcorridos 15 meses, ¿haberá algún mes no que o prezo sexa inferior a 85 euros? Razoa a resposta.

3) Unha fábrica produce CDs en dúas quendas. A primeira quenda produce 2000 discos diarios e a segunda quenda produce 3000. Pola experiencia pasada, sábese que na primeira quenda e na segunda quenda prodúcense 1% e 2% de discos defectuosos, respectivamente. Ao final do día seleccionouse ao azar un disco da produción total.

(a) Determina a probabilidade de que o CD sexa defectuoso.

(b) Se o CD non é defectuoso, calcula a probabilidade de que proveña da primeira quenda.

4) Un estudo sobre o hábito de fumar entre os habitantes adultos dunha cidade informa que o intervalo da proporción de fumadores se estima entre un 30% e un 40%.

(a) Determina a proporción mostral de fumadores observada, segundo o devandito estudo.

(b) O estudo engade que os datos obtéñenos dunha enquisa aleatoria realizada a 364 habitantes adultos da cidade, ¿cal é entón o nivel de confianza do devandito intervalo de estimación da proporción de fumadores?

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(***O alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos***)

OPCIÓN A

1) O dono dunha tenda de fotografía desexa comercializar dous tipos de cámaras de fotos *A* e *B* cun prezo de venda ao público de 210 e 300 euros a unidade, respectivamente. Para a compra de ambos os dous tipos dispón dun máximo de 2760 euros e fará o pedido a un almacén que lle cobra 120 euros por cada cámara do tipo *A* e 180 euros por cada cámara do *B*. O dono fará o pedido coa condición de que: polo menos 3 cámaras sexan do tipo *A*, entre 4 e 12 sexan do *B* e o número de cámaras do tipo *A* non debe superar en máis de tres unidades ao número de cámaras do tipo *B*.

(a) Formula o sistema de inecuacións asociado ao problema. Representa a rexión factible, calcula os seus vértices.
(b) ¿Cantas cámaras de cada tipo deberá adquirir para que os beneficios obtidos sexan máximos?

2) Sexa a función $f(x) = ax^3 + bx^2 + cx + d$.

(a) Calcula *a*, *b*, *c* e *d*, sabendo que a función presenta os seus extremos relativos nos puntos (0, 0), e (1, 1).
(b) Determina que tipo de extremos relativos son cada un dos puntos anteriores.
(c) Representa a gráfica da función, determinando os puntos de corte cos eixes e o punto de inflexión.

3) Estímase que un tercio das empresas nun sector da economía, terán un aumento nas súas ganancias trimestrais. Declara un dividendo un 60% das empresas que teñen aumento e un 10% das que non o teñen.

(a) ¿Que porcentaxe das empresas que declaren un dividendo terán un aumento nas súas ganancias trimestrais?
(b) ¿Que porcentaxe de empresas nin teñen aumento nas súas ganancias nin declaran un dividendo?

4) En certo país, a renda anual familiar segue unha distribución normal de media 16260 euros e desviación típica 6320 euros. Un estudo realizado con 200 familias elexidas ao azar nunha comarca proporcionou unha renda media de 15308 euros. Supoñendo que se mantén a desviación típica,

(a) calcula un intervalo de confianza do 95% para a renda media anual das familias da comarca
(b) formula un test para contrastar a hipótese de que a renda media anual das familias da comarca é a mesma, fronte a hipótese de que é menor que a global para todo o país. ¿Cal é a conclusión á que se chega, cun nivel de significación do 5%? ¿Chegaríase á mesma conclusión se o nivel é do 1%?

OPCIÓN B

1) (a) Calcula as matrices X e Y que verifican o sistema $3X + 2Y = \begin{pmatrix} 5 & 6 \\ -2 & 5 \end{pmatrix}$; $X - 5Y = \begin{pmatrix} -4 & 2 \\ -12 & -4 \end{pmatrix}$.

(b) Calcula a matriz inversa de $X \cdot Y$.

2) O número de nacementos anuais (en centos) que se producen nunha cidade a partir do ano 2000 vén dado pola función

$$N(t) = \begin{cases} \frac{1}{4}t^2 - 3t + 15, & 0 \le t < 8 \\ 10 - \frac{6}{t-6}, & t \ge 8 \end{cases}$$

, *t* é o tempo transcorrido en anos (*t* = 0 corresponde ao ano 2000).

(a) ¿Cantos nacementos se produciron no ano 2000?
(b) Estuda entre que anos se produciu un decrecemento da natalidade. Determina en que ano se produciu o menor número de nacementos e cal foi ese número.
(c) ¿Cal é a tendencia do número de nacementos no futuro? Razoa a resposta.

3) Un estudo realizado por unha entidade bancaria informa que o 60% dos seus clientes ten un préstamo hipotecario, o 50% ten un préstamo persoal e o 40% dos que teñen un préstamo persoal tamén ten un préstamo hipotecario.

(a) Calcula a porcentaxe de clientes que teñen ambos os dous tipos de préstamos.
(b) Calcula a porcentaxe de clientes que non teñen ningún dos dous tipos de préstamos.

4) Nun estudo sobre hixiene dental, a porcentaxe de nenos que presentaron indicios de carie utilizando un dentífrico tradicional foi de, polo menos, o 10%. Nun grupo de 500 nenos elexidos aleatoriamente que utilizaron un novo dentífrico, presentaron indicios de carie 35 deles.

(a) Formula un test para contrastar a hipótese de que a proporción de nenos con indicios de carie usando o novo dentífrico é a mesma que co tradicional fronte a hipótese de que se reduce ¿A que conclusión se chega cun nivel de significación do 5%?
(b) Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de nenos con indicios de carie utilizando o novo dentífrico.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **0,75 puntos:**
- Calcular a matriz B^2: **0,25 puntos**.
- Resolver a igualdade de matrices, obtendo o valor de "x": **0,50 puntos**.

(b) **1,50 puntos:**
- Calcular a matriz inversa de A: **1 punto**.
- Calcular $B + C$: **0,25 puntos**.
- Resolver, obtendo o valor pedido: **0,25 puntos**.

(c) **0´75 puntos:**
- Operar alxébricamente coas matrices dadas: **0,50 puntos**.
- Obter o valor de "x" : **0,25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Determinar a primeira derivada: **0,25 puntos**.
- Calcular os puntos críticos: **0,25 puntos**.
- Polos períodos nos que se rexistrou un aumento e nos que se rexistrou unha diminución da cantidade de madeira: **0,50 puntos**.

(b) **1,25 puntos:**
- Días nos que se extraeu a máxima cantidade de madeira: **0,50 puntos**.
- Día no que se extraeu a mínima cantidade de madeira: **0,25 puntos**.
- Cantidade máxima e mínima: **0,50 puntos**.

(c) **0,75 puntos**:
- Polo punto de inflexión: **0,25 puntos**.
- Representación gráfica da función: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **0,50 puntos:**
- Polo cálculo do número esperado de artigos de pesca que superan o control de calidade: **0,50 puntos**.

(b) **1,50 puntos:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Paso da binomial a normal: **0,50 puntos**.
- Corrección de medio punto: **0,25 puntos**.
- Tipificación: **0,25 puntos**.
- Paso a táboas e resultado final: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1,50 puntos:**
- Especificar as hipóteses nula e alternativa: **0,50 puntos**.
- Establecer a rexión crítica: **0,25 puntos**.
- Avaliar o estatístico de contraste para a mostra dada: **0,25 puntos**.
- Decidir se aceptamos ou rexeitamos a hipótese nula: **0,25 puntos**.
- Concluír se é preciso ou non cambiar a maquinaria: **0,25 puntos**.

(b) **0´50 puntos:**
- Explicar o tipo de erro que se comete: **0,50 puntos**.

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2,50 puntos:**
- Vértices da rexión factible: **1,25 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible: **1,25 puntos** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os catro vértices**)**.

(b) **0,50 puntos:**
- Punto da rexión no que a función obxectivo alcanza o valor máximo: **0,25 puntos**.
- Punto da rexión no que alcanza o valor mínimo: **0´25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **0´50 puntos:**
- Determinar o prezo inicial: **0,25 puntos**.
- Determinar o prezo aos 15 meses: **0,25 puntos**.

(b) **2 puntos:**
- Determinar a primeira derivada en cada un dos anacos da función: **0,50 puntos**.
- Determinar o intervalo de crecemento: **0,25 puntos**.
- Determinar os intervalos de decrecemento: **0,50 puntos**
- Responder á pregunta: en que momento se produce un aumento e unha diminución do prezo do artigo: **0,25 puntos**.
- Prezo máximo e prezo mínimo: **0,50 puntos**

(c) **0,50 puntos**:
- Calcular o límite da función: **0´50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Aplicar o teorema das probabilidades totais identificando cada unha das probabilidades do enunciado do exercicio: **0,75 puntos**.
- Resultado final: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade condicionada anterior: **0,25 puntos**.
- Identificar as probabilidades da fórmula anterior: **0,25 puntos**.
- Resultado final: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **0,50 puntos:**
- Calcular a proporción da mostra: **0,50 puntos.**

(b) **1,50 puntos:**
- Identificar o radio do intervalo co valor numérico que lle corresponde: **0,50 puntos**.
- Obter $z_{\alpha/2}$: **0,25 puntos**.
- Uso da táboa e obter o valor de $1 - \alpha/2$: **0,25 puntos**.
- Obter o nivel de confianza: **0,50 puntos**.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **2,50 puntos:**
- Formular o sistema de inecuacións: **1 punto**.
- Vértices da rexión factible: **1 punto**.
- Representación gráfica da rexión factible: **0,50 puntos** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os cinco vértices**)**.

(b) **0,50 puntos:**
- Función beneficio a maximizar: **0,25 puntos**.
- Pola solución óptima: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **1,50 puntos:**
- Calcular "*c*" e "*d*": **0,50 puntos**.
- Formular o sistema das dúas ecuacións coas dúas incógnitas "*a*" e "*b*": **0,50 puntos**.
- Determinar o valor de "a" e o valor de "*b*": **0,50 puntos**.

(b) **0,50 puntos:**
- Por determinar o máximo: **0,25 puntos**.
- Por determinar o mínimo: **0´25 puntos**.

(c) **1 punto**:
- Puntos de corte cos eixes: **0,25 puntos.**
- Punto de inflexión: **0,25 puntos**.
- Representación gráfica da función: **0,50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1,25 puntos:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior, identificar cada unha das probabilidades da fórmula e cálculos: **0,75 puntos**.
- Responder á pregunta da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

(b) **0,75 puntos:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión da probabilidade anterior e resultado: **0,25 puntos**.
- Responder á porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **0,75 puntos:**
- Expresión do intervalo de confianza: **0,25 puntos.**
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**

(b) **1,25 puntos:**
- Especificar as hipóteses nula e alternativa: **0,25 puntos**.
- Establecer a rexión crítica: **0,25 puntos**.
- Avaliar o estatístico de contraste para a mostra dada: **0,25 puntos**.
- Conclusión para o 5% de nivel de significación: **0,25 puntos**.
- Conclusión para o 1% de nivel de significación: **0,25 puntos**.

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**

(a) **1,50 puntos:**
- Calcular a matriz X: **0,75 puntos**.
- Calcular a matriz Y: **0,75 puntos**.

(b) **1,50 puntos:**
- Calcular a matriz $X \cdot Y$: **0,50 puntos**.
- Cálculo da matriz inversa de $X \cdot Y$: **1 punto**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**

(a) **0,25 puntos:**
- Determinar o número de nacementos pedido: **0,25 puntos**.

(b) **2 puntos:**
- Determinar a primeira derivada nos dous anacos da función: **0,75 puntos**.
- Estudo do decrecemento da función: **0,50 puntos**.
- Entre que anos se produciu o decrecemento da natalidade: **0,25 puntos**.
- Determinar o ano en que se produciu o menor número de nacementos: **0,25 puntos**.
- Determinar o número mínimo de nacementos: **0,25 puntos**.

(c) **0´75 puntos**:
- Calcular o límite da función: **0,50 puntos.**
- Tendencia do número de nacementos: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**

(a) **1 punto:**
- Formular a probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión e cálculos na probabilidade anterior, identificando as probabilidades do enunciado: **0,50 puntos**.
- Expresión da porcentaxe pedida: **0,25 puntos**.

(b) **1 punto:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0,25 puntos**.
- Expresión e cálculos na probabilidade anterior: **0,50 puntos**.
- Resultado pedido: **0,25 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**

(a) **1,25 puntos:**
- Especificar as hipóteses nula e alternativa: **0,25 puntos**.
- Establecer a rexión crítica: **0,25 puntos**.
- Avaliar o estatístico de contraste para a mostra dada: **0,25 puntos**.
- Decidir se aceptamos ou rexeitamos a hipótese nula: **0,25 puntos**.
- Conclusión sobre se se reduce (ou non) a carie usando o novo dentífrico: **0,25 puntos**.

(b) **0,75 puntos:**
- Expresión do intervalo de confianza: **0,25 puntos.**
- Calcular numéricamente os extremos do intervalo: **0,50 puntos.**

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexan as matrices $A=\begin{pmatrix} 5 & 3 \\ 3 & 2 \end{pmatrix}$, $B=\begin{pmatrix} 2 & x \\ x & 1 \end{pmatrix}$, $C=\begin{pmatrix} 0 & -1 \\ -1 & 4 \end{pmatrix}$

(a) **0´75 puntos**. *Determina o valor de x para que se verifique* $B^2 = A$

– Calcular a matriz $B^2=\begin{pmatrix} 4+x^2 & 3x \\ 3x & x^2+1 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

– Resolver a igualdade de matrices, obtendo o valor da solución

$$\begin{pmatrix} 4+x^2 & 3x \\ 3x & x^2+1 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 5 & 3 \\ 3 & 2 \end{pmatrix}\Rightarrow \left\{\begin{matrix} 4+x^2=5 \\ 3x=3 \\ x^2+1=2 \end{matrix}\right\}\Rightarrow x=1,$$

a solución $x = -1$ non é válida, xa que aínda que é solución das ecuacións $x^2 + 1 = 2$ e da $4 + x^2 = 5$, non o é da ecuación $3x = 3$ **0´50 puntos**.

(b) **1´50 puntos**. *Calcula o valor de x para que* $B+C=A^{-1}$

– Calcular a matriz inversa de A, $A^{-1}=\begin{pmatrix} 2 & -3 \\ -3 & 5 \end{pmatrix}$ **1 punto**.

– Calcular $B + C$, $B+C=\begin{pmatrix} 2 & x-1 \\ x-1 & 5 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

– Resolver, obtendo o valor pedido $\begin{pmatrix} 2 & x-1 \\ x-1 & 5 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 2 & -3 \\ -3 & 5 \end{pmatrix}\Rightarrow\ x=-2$ **0´25 puntos**.

(c) **0´75 puntos**. *Calcula o valor de x para que se verifique* $A-B+\frac{1}{2}C=3I_2$

– Operar alxébricamente coas matrices dadas $A-B+\frac{1}{2}C=\begin{pmatrix} 3 & 3-x-1/2 \\ 3-x-1/2 & 3 \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.

– Obter o valor de x, $\begin{pmatrix} 3 & 3-x-1/2 \\ 3-x-1/2 & 3 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 3 & 0 \\ 0 & 3 \end{pmatrix}\Rightarrow 3-x-1/2=0\Rightarrow x=5/2$ **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

A cantidade de madeira (en metros cúbicos) que se extrae dunha explotación forestal durante un período de cinco días vén dada pola función: $M(t)=t^3-9t^2+24t,\ \ 0\le t\le 5$, onde t é o tempo transcorrido en días.

(a) **1 punto**. *Estuda en que períodos se rexistrou un aumento e nos que se rexistrou unha diminución da cantidade de madeira extraida.*

– Determinar a primeira derivada: $M'(t) = 3t^2 - 18t + 24$ **0´25 puntos**.

– Calcular os puntos críticos: $M'(t) = 0 \Leftrightarrow 3t^2 - 18t + 24 = 0 \Rightarrow t = 2$ *e* $t = 4$ **0´25 puntos**.

– Estudo do crecemento e do decrecemento da función:

	(0, 2)	(2, 4)	(4, 5)
t	$t = 1$	$t = 3$	$t = 4´5$
signo de $M´(t)$	$M´(1) > 0$	$M´(3) < 0$	$M´(4´5) > 0$

Concluír, respondendo aos períodos preguntados no exercicio:
"*dende o instante inicial ao segundo día e dende o cuarto ao quinto día, rexistrouse un aumento da cantidade de madeira extraida*" **0´25 puntos**.
" *dende o segundo ao cuarto día rexitrouse unha diminución*" **0´25 puntos**.

(b) **1´25 puntos**. *¿En que día ou días se extraeu a máxima cantidade de madeira?, ¿e a mínima? Calcular a cantidade máxima e mínima de metros cúbicos de madeira extraida.*

– En t = 2, $M(t)$ presenta un máximo; $M(2)$ = 20.
– En t = 4, $M(t)$ presenta un mínimo; $M(4)$ = 16.

– Estudamos a función nos extremos do intervalo de definición: $\begin{cases} M(0) = 0 \\ M(5) = 20 \end{cases}$. Entón podemos concluír:

" *No segundo e no quinto día extraeuse a máxima cantidade de madeira*" **0´50 puntos** (**0´25 puntos** por cada un dos resultados).
"*a cantidade mínima extraeuse no instante inicial*" **0´25 puntos**.
– "*A cantidade máxima extraida foi 20 metros cúbicos de madeira*" **0´25 puntos**.
– "*A cantidade mínima extraida foi 0 metros cúbicos de madeira*" **0´25 puntos**.

(c) **0´75 puntos**. *Representa graficamente a función M(t), calculando, se os hai, os puntos de inflexión.*

– O punto de inflexión preséntase no (3, 18) **0´25 puntos**.
– Representación gráfica da función **0´50 puntos**.
Recuperamos toda a información que tiñamos sobre $M(t)$ e representamos a súa gráfica



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Un control de calidade é superado por catro de cada cinco artigos de pesca. Sométense ao devandito control un total de 225 artigos,

(a) **0´50 puntos**. *¿Cantos artigos de pesca se espera que superen o control de calidade?*

– Definimos a variable aleatoria binomial X = número de artigos de pesca "que superan" o control de calidade, en mostras de 225 artigos. $X \sim B(n = 225,\ p = 4/5 = 0´8)$ **0´25 puntos**.

– $E(X) = n \cdot p = 225 \cdot 0´8 = 180$. "*Espérase que, en mostras de 225 artigos de pesca, 180 superen o control de calidade*" **0´25 puntos**.

(b) **1´50 puntos**. *¿Cal é a probabilidade de que superen o control de calidade entre 170 e 187 (incluídos) artigos?*

– Formular a probabilidade pedida: $P(170 \le X \le 187)$ **0´25 puntos**.

– Paso da binomial á normal: $X \sim B(n = 225,\ p = 0'8) \Rightarrow X' \sim N\left(\mu = n \cdot p = 180,\ \sigma = \sqrt{n \cdot p(1-p)} = 6\right)$ **0´50 puntos**.

– Corrección de medio punto: $P(170 \le X \le 187) = P(169'5 < X' < 187'5)$ **0´25 puntos**.

– Tipificación:

$$P(170 \le X \le 187) = P\left(169'5 < X' < 187'5\right) = P\left(\frac{169'5 - 180}{6} < Z < \frac{187'5 - 180}{6}\right) = P(-1'75 < Z < 1'25)$$ **0´25 puntos**.

– Paso a táboas e resultado final: $P(-1'75 < Z < 1'25) = P(Z < 1'25) + P(Z < 1'75) - 1 = 0'8543$ **0´25 puntos**.

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Sexa *"X = peso, en gramos, dun envase"*, $X \sim N(\mu = 500, \sigma = 4)$. Os directivos da empresa sospeitan que a maquinaria de envasado está avariada, e decidirán cambiala se o peso medio dos envases é superior a 500 gramos, é dicir se $\mu > 500$. Para iso, analizan unha mostra aleatoria de 30 envases e obteñen un peso medio de 501´5 gramos.

$\bar{X}$: *estatístico media mostral* $\xrightarrow[\text{valor particular para a mostra dada}]{} \bar{x} = 501'5$ (*gramos*)

Estatístico de proba: $\dfrac{\bar{X} - \mu}{\sigma / \sqrt{n}} \sim N(0,1)$

(a) **1´50 puntos**. *Formula un test para contrastar a hipótese de que non é necesario cambiar a maquinaria fronte a que si o é, tal como sospeitan os directivos, ¿a que conclusión se chega cun nivel de significación do 5%*

– Especificar as hipótesis nula e alternativa: $\begin{cases} H_0 : \mu \le 500 \ (\textit{non é necesario cambiar a maquinaria}) \\ H_1 : \mu > 500 \ (\textit{si é necesario cambiar a maquinaria}) \end{cases}$ **0´50 puntos**.

– Establecer a rexión crítica: (1´645, + ∞) **0´25 puntos**.

– Avaliar o estatístico de proba, *"baixo a hipótese H_0 certa"*, para a mostra dada:

$z_{ob} = \dfrac{501'5 - 500}{4/\sqrt{30}} = 2'05$ **0´25 puntos**.



– Decisión: $z_{ob} = 2'05 \in (1'645, +\infty) \Rightarrow$ *Rexeito H_0*. **0´25 puntos**.

– Conclusión: *Cos datos desta mostra e con risco de equivocarnos dun 5%, concluiriamos que o peso medio dos envases supera os 500 gramos, tal como sospeitaban os directivos, co cal decidirían cambiar a maquinaria* **0´25 puntos**. (o último risco de equivocarnos, ante esta afirmación, é o valor–P = P(Z > 2´05) = 0´0202, é dicir, aproximadamente dun 2%, sendo polo tanto o test significativo).

(b) **050 puntos**. *Explica o tipo de erro que cometerían se decidisen erroneamente non cambiar a maquinaria.*

– Erro tipo II = Aceptar H_0, sendo H_0 falsa **0´25 puntos**.

– Decidirían non cambiar a maquinaria, sendo o peso medio dos envases superior aos 500 gramos **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexa a función $f(x,y) = -0{,}8x + 1{,}5y$ suxeita ás restricións: $x + y \leq 10$; $x + 2y \geq 8$; $2 \leq y \leq x + 6$; $x \leq 6$.

(a) **2´50 puntos**. *Representa a rexión R do plano determinado polo conxunto de restricións e calcula os seus vértices.*

– Vértices da rexión factible **1´25 puntos**, polos vértices: *A* (–4/3, 14/3); *B* (2, 8); *C* (6, 4); *D* (6, 2); *E* (4, 2) **0´25 puntos** por cada un deles.
– Representación gráfica da rexión factible (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os cinco vértices) **1´25 puntos**:

(b) **0´50 puntos**. *Calcula os puntos de R onde a función alcanza os seus valores máximo e mínimo.*

– A función obxectivo alcanza o *valor máximo* no punto *B* (2, 8) **0´25 puntos**.
– A función obxectivo alcanza o *valor mínimo* no punto *D* (6, 2) **0´25 puntos**.



Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O prezo de venda (en euros) dun artigo deportivo dende o momento inicial da súa comercialización axústase á función $P(t) = \begin{cases} -\dfrac{1}{5}t^2 + 4t + 80, & 0 \leq t < 15 \\ 87 + \dfrac{32}{t-11}, & t \geq 15 \end{cases}$, onde *t* é o tempo transcorrido en meses.

(a) **0´50 puntos**. *¿Cal é o prezo inicial do artigo*? *¿E despois de transcorridos 15 meses*?

– Prezo inicial do artigo = *P*(0) = 80 euros **0´25 puntos**.
– Prezo despois de transcorridos 15 meses = *P*(15) = 95 euros **0´25 puntos**.

(b) **2 puntos**. *Estuda en que meses se produce un aumento e nos que se produce unha diminución do prezo do artigo. ¿Cal é o prezo máximo que alcanza o artigo? ¿E o prezo mínimo?*

– Determinar a primeira derivada en cada un dos anacos da función:

No intervalo (0, 15), $P'(t) = -\dfrac{2}{5}t + 4$ **0´25 puntos**. No (15, +∞), $P'(t) = -\dfrac{32}{(t-11)^2}$ **0´25 puntos**.

– Determinar os intervalos de crecemento e de decrecemento da función:
No intervalo (0, 15) $P'(t) = 0 \Leftrightarrow t = 10$ punto crítico

	(0, 10)	(10, 15)
t	$t = 5$	$t = 12$
signo de $P'(t)$	$P'(5) > 0$	$P'(12) < 0$

No intervalo (15, +∞) $P'(t) < 0$, xa que a función $P'(t) = -\dfrac{32}{(t-11)^2}$ é menor que 0 para todo *t.*

- No (0, 10), $P(t)$ é crecente **0´25 puntos**. No (10, 15), $P(t)$ é decrecente **0´25 puntos**.
- No (15, +∞) $P(t)$ é decrecente **0´25 puntos**.

– Responder á pregunta, en que momento se produce un aumento e unha diminución do prezo do artigo: "*Prodúcese un aumento do prezo nos dez primeiros meses da súa comercialización e a partir do décimo mes o prezo do artigo diminúe*" **0´25 puntos**.
– O prezo máximo que alcanza o artigo: P(10) = 100 euros **0´25 puntos**.
– O prezo mínimo que alcanza o artigo: P(0) = 80 euros **0´25 puntos**.

(c) **0´50 puntos**. *Despois de transcorridos 15 meses, ¿haberá algún mes no que o prezo sexa inferior a 85 euros? Razoa a resposta.*

Pódese responder de distintas formas:

- Así: $87 + \dfrac{32}{t-11} < 85$ é imposible, xa que $t > 15$, **0´25 puntos**. "*logo despois de transcorridos 15 meses, o prezo non será nunca inferior a 85 euros*" **0´25 puntos**.
- Ou tamén así: $\lim\limits_{t\to+\infty} P(t) = \lim\limits_{t\to+\infty}\left(87 + \dfrac{32}{t-11}\right) = 87$ **0´25 puntos**.

$P(t) = 87$ é asíntota horizontal; partindo de $t \geq 15$, P(15) = 95, a función vai decrecendo e tendendo a 87, logo o prezo non será inferior a 85 euros **0´25 puntos**.

- Tamén se podería facer un esbozo da gráfica da función $P(t)$ e chegaríase ao mesmo resultado



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Unha fábrica produce CDs en dúas quendas. A primeira quenda produce 2000 discos diarios e a segunda quenda produce 3000. Pola experiencia pasada, sábese que na primeira quenda e na segunda quenda prodúcense 1% e 2% de discos defectuosos, respectivamente. Ao final do día seleccionouse ao azar un disco da produción total.

(a) **1 punto**. *Determina a probabilidade de que o CD sexa defectuoso.*

Denominamos aos sucesos "*A*": *o CD prodúcese na primeira quenda,* "*B*": *o CD prodúcese na segunda quenda e* "*D*": *o CD é defectuoso.*
Os datos que recollemos do enunciado son: $P(A) = 2/5$; $P(B) = 3/5$; $P(D/A) = 0{'}01$; $P(D/B) = 0{'}02$
– Formular a probabilidade pedida: $P(D)$ **0´25 puntos**.
– Utilizar o teorema das probabilidades totais e sustituír os valores de cada probabilidade na fórmula anterior: $P(D) = P(A)\cdot P(D/A) + P(B)\cdot P(D/B) = 0{'}4\cdot 0{'}01 + 0{'}6\cdot 0{'}02$ **0´50 puntos**.
– Resultado $P(D)$ = 0´016 **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Se o CD non é defectuoso, calcula a probabilidade de que proveña da primeira quenda.*

– Formular a probabilidade pedida $P\left(A/\bar{D}\right)$ **0´25 puntos**.

– Expresión da probabilidade condicionada anterior $P\left(A/\bar{D}\right)=\dfrac{P\left(A\cap\bar{D}\right)}{P(\bar{D})}=\dfrac{P(A)\cdot P\left(\bar{D}/A\right)}{1-P(D)}$ **0´25 puntos**.

– Sustituír os valores de cada probabilidade e resultado final $P\left(A/\bar{D}\right)=\dfrac{0´4\cdot 0´99}{1-0´016}=0´402$ **0´50 puntos**.

Tamén podemos facer o exercicio construíndo o diagrama de árbore, nese caso, a árbore ben feito puntúase con **0´50 puntos** e os apartados (a) e (b) con **0´75 puntos** cada un deles.



Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Un estudo sobre o hábito de fumar entre os habitantes adultos dunha cidade informa que o intervalo da proporción de fumadores se estima entre un 30% e un 40%.

(a) **0´50 puntos**. *Determina a proporción mostral de fumadores observada, segundo o devandito estudo*

Sexan

"p : proporción de fumadores entre os habitantes adultos da cidade (parámetro poboacional)

$\hat{P}$: *proporción mostral de fumadores* (*entre habitantes adultos*), *en mostras de tamaño n* (*estimador puntual de* "p")

$\downarrow$

$\hat{p}=x/n$ (*estimación puntual de p*)

- $$\left.\begin{array}{l}\hat{p}-z_{\alpha/2}\sqrt{\dfrac{\hat{p}(1-\hat{p})}{n}}=0´30\\[2ex] \hat{p}+z_{\alpha/2}\sqrt{\dfrac{\hat{p}(1-\hat{p})}{n}}=0´40\end{array}\right\}\Rightarrow \hat{p}=\dfrac{0´30+0´40}{2}=0´35$$

- *A proporción mostral de fumadores no estudo dado é do 35%.* **0´50 puntos**.

(b) **1´50 puntos**. *O estudo engade que os datos obtéñenos dunha enquisa aleatoria realizada a 364 habitantes adultos da cidade, ¿cal é entón o nivel de confianza do devandito intervalo de estimación da proporción de fumadores?*

– Identificar o radio do intervalo co valor numérico que lle corresponde:

$z_{\alpha/2}\cdot\sqrt{\dfrac{0´35\cdot 0´65}{364}}=0´05$ **0´50 puntos**.

– Obter $z_{\alpha/2}=2$ **0´25 puntos**.

– Uso da táboa e obter o valor de $1-\alpha/2=0´9772$ **0´25 puntos**.

– Obter o valor de α = 0´0456 **0´25 puntos**.

– Por último, obter o nivel de confianza $1-\alpha=0´9544$. "*Cun 95´44% de confianza, estimamos que a proporción de fumadores entre os habitantes adultos da cidade está entre un 30% e un 40%, en base aos datos obtidos coa enquisa feita a 364 habitantes adultos da cidade*" **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O dono dunha tenda de fotografía desexa comercializar dous tipos de cámaras de fotos *A* e *B* cun prezo de venda ao público de 210 e 300 euros a unidade, respectivamente. Para a compra de ambos os dous tipos dispón dun máximo de 2760 euros e fará o pedido a un almacén que lle cobra 120 euros por cada cámara do tipo *A* e 180 euros por cada cámara do *B*. O dono fará o pedido coa condición de que: polo menos 3 cámaras sexan do tipo *A*, entre 4 e 12 sexan do *B* e o número de cámaras do tipo *A* non debe superar en máis de tres unidades ao número de cámaras do tipo *B*.

(a) **2´50 puntos**. *Formula o sistema de inecuacións asociado ao problema. Representa a rexión factible, calcula os seus vértices.*

Sexan *x* o número de cámaras do tipo *A* e *y* o número de cámaras do tipo *B.*

– Formular o sistema de inecuacións $\begin{cases} 120x + 180y \le 2760 & \textbf{0´25 puntos} \\ x \ge 3 & \textbf{0´25 puntos} \\ 4 \le y \le 12 & \textbf{0´25 puntos} \\ x \le y + 3 & \textbf{0´25 puntos} \end{cases}$

– Vértices da rexión factible *A* (3, 4) e *B* (3, 12) **0´25 puntos**, *C* (5, 12) **0´25 puntos**, *D* (11, 8) **0´25 puntos**, *E* (7, 4) **0´25 puntos**.
– Representación gráfica da rexión factible (debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os cinco vértices) **0´50 puntos**



(b) **0´50 puntos**. *¿Cantas cámaras de cada tipo deberá adquirir para que os beneficios obtidos sexan máximos?*

– Función beneficio a maximizar: $f(x, y) = (210 – 120)x + (300 – 180)y = 90x + 120y$ **0´25 puntos**.
– Solución óptima: "*Deberá adquirir 11 cámaras do tipo A e 8 cámaras do tipo B para que os beneficios obtidos sexan máximos*" **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexa a función $f(x) = ax^3 + bx^2 + cx + d$.

(a) **1´50 puntos**. *Calcula a, b, c e d, sabendo que a función presenta os seus extremos relativos nos puntos* (0, 0), *e* (1, 1).

– *f*(*x*) pasa polo (0, 0): *f*(0) = 0 $\Rightarrow$ *d* = 0 **0´25 puntos**. Calculamos a derivada de *f*(*x*), $f'(x) = 3ax^2 + 2bx + c$.
– Por ter un extremo no punto (0, 0): $f'(0) = 0 \Rightarrow c = 0$ **0´25 puntos**.
– Por ter un extremo no punto (1, 1): $f'(1) = 0 \Rightarrow 3a + 2b = 0$ **0´25 puntos**.
– *f*(*x*) pasa polo (1, 1): $f(1) = 1 \Rightarrow a + b = 1$ **0´25 puntos**.
– Resolvemos o sistema anterior, obtendo *a* = –2 **0´25 puntos** e *b* = 3 **0´25 puntos**.

(b) **0´50 puntos**. *Determina qué tipo de extremos relativos son cada un dos puntos anteriores.*

Substituíndo na función *f*(*x*) os valores de *a*, *b*, *c* e *d* obtidos no apartado anterior, resulta: $f(x) = -2x^3 + 3x^2$
e derivando $f'(x) = -6x^2 + 6x,\ f''(x) = -12x + 6$
– Para $x = 0$; $f''(0) = 6 > 0 \Rightarrow$ "$x = 0$ *é un mínimo*" **0´25 puntos**. (0, 0) é un mínimo relativo.
– Para $x = 1$; $f''(1) = -6 < 0 \Rightarrow$ "$x = 1$ *é un máximo*" **0´25 puntos**. (1, 1) é un máximo relativo.

(c) **1 punto**. *Representa a gráfica da función, determinando os puntos de corte cos eixes e o punto de inflexión.*

– Puntos de corte cos eixes: (0, 0) e (3/2, 0) **0´25 puntos**.
– Punto de inflexión: (1/2, 1/2) **0´25 puntos**.
– Representación gráfica da función **0´50 puntos**.



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Estímase que un tercio das empresas nun sector da economía, terán un aumento nas súas ganancias trimestrais. Declara un dividendo un 60% das empresas que teñen aumento e un 10% das que non o teñen.

(a) **1´25 puntos**. ¿*Que porcentaxe das empresas que declaren un dividendo terán un aumento nas súas ganancias trimestrais*?

– Denominamos aos sucesos "*A*": *unha empresa terá aumento nas súas ganancias trimestrais e* "*D*": *unha empresa declara un dividendo*
Os datos que nos dan son: $P(A) = 1/3$, $P\left(D/A\right) = 0'6$, $P\left(D/\overline{A}\right) = 0'1$
– Formular a probabilidade $P\left(A/D\right)$ **0´25 puntos**.
– Expresión da probabilidade anterior e identificar cada unha das probabilidades da fórmula e cálculos

$$\underbrace{\frac{P(A)\cdot P\left(D/A\right)}{P(A)\cdot P\left(D/A\right)+P(\bar{A})\cdot P\left(D/\bar{A}\right)}}_{0{\acute{}}25\ \text{puntos}}=\underbrace{\frac{\frac{1}{3}\cdot 0{\acute{}}6}{\frac{1}{3}\cdot 0{\acute{}}6+\frac{2}{3}\cdot 0{\acute{}}1}}_{0{\acute{}}25\ \text{puntos}}=\underbrace{0{\acute{}}75}_{0{\acute{}}25\ \text{puntos}}$$

– Responder á pregunta da porcentaxe pedida "*O 75% das empresas que declaren un dividendo, terán un aumento nas súas ganancias trimestrais*" **0´25 puntos**.

(b) **0´75 puntos**. ¿*Que porcentaxe de empresas nin teñen aumento nas súas ganancias nin declaran un dividendo*?

– Formulación da probabilidade $P\left(\bar{A}\cap\bar{D}\right)$ **0´25 puntos**.

– Expresión da probabilidade anterior e resultado $P\left(\bar{A}\cap\bar{D}\right)=P(\bar{A})\cdot P\left(\bar{D}/\bar{A}\right)=\frac{2}{3}\cdot 0{\acute{}}9=0{\acute{}}6$ **0´25 puntos.**

– Responder á porcentaxe pedida "*O 60% das empresas nin teñen aumento nin declaran un dividendo*" **0´25 puntos**.

Tamén podemos facer o exercicio construíndo o diagrama de árbore, nese caso, a árbore ben feito puntúase con **0´75 puntos**, sumándolle **0´50 puntos** do apartado (a) e o resto do apartado (b).



Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

En certo país, a renda anual familiar = X_P, segue unha distribución normal de media 16260 euros e desviación típica 6320 euros, é dicir $X_P \sim N\left(\mu_P = 16260\ euros, \sigma = 6320\ euros\right)$.

Un estudo realizado con 200 familias elexidas ao azar nunha comarca proporcionou unha renda media de 15308 euros. Definimos

"X = renda anual familiar, en euros, dunha familia da comarca", $X \sim N\left(\mu, \sigma = 6320\right)$.

$\bar{X}$: *estatístico media mostral* $\xrightarrow[\text{valor particular para a mostra dada}]{} \bar{x} = 15308$ (*euros*)

Estatístico de proba $\dfrac{\bar{X}-\mu}{\sigma/\sqrt{n}} \sim N(0,1)$

(a) **0´75 puntos**. *Calcula un intervalo de confianza do 95% para a renda media anual das familias da comarca.*

– Expresión do intervalo de confianza: $P\left(\underbrace{\bar{X}-z_{\alpha/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}}}_{L_1}\le\mu\le\underbrace{\bar{X}+z_{\alpha/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}}}_{L_2}\right)=1-\alpha$. **0´25 puntos**.

– Calcular numericamente os extremos do intervalo, avaliando para a mostra dada os estatísticos L_1 e L_2, de forma que,

$$L_1 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 15308-1{\acute{}}96\frac{6320}{\sqrt{200}}=15308-875{\acute{}}9=14432{\acute{}}1 \quad \textbf{0´25 puntos}$$

$$L_2 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 15308+1{\acute{}}96\frac{6320}{\sqrt{200}}=15308+875{\acute{}}9=16183{\acute{}}9 \quad \textbf{0´25 puntos}$$

"Cun 95% de confianza, estímase que a renda media anual das familias da comarca, está entre 14432´1 euros e 16183´9 euros"

(b) **1´25 puntos**. *Formula un test para contrastar a hipótese de que a renda media anual das familias da comarca é a mesma, fronte a hipótese de que é menor que a global para todo o país. ¿Cal é a conclusión á que se chega, cun nivel de significación do 5%? ¿Chegaríase á mesma conclusión se o nivel é do 1%?*

– Especificar as hipótesis nula e alternativa: $\begin{cases} H_0 : \mu \geq 16260 \\ H_1 : \mu < 16260 \end{cases}$ **0´25 puntos**.

– Establecer a rexión crítica: $(-\infty\, , -1´645)$ **0´25 puntos**.

– Avaliar o estatístico de proba, *"baixo a hipótese H_0 certa"*, para a mostra dada:

$z_{ob} = \dfrac{15308 - 16260}{6320/\sqrt{200}} = -2´13$ **0´25 puntos**.



– Decisión: $z_{ob} = -2´13 \in (-\infty, -1´645) \Rightarrow$ *Rexeito H_0*.

– *Conclusión: "cos datos da mostra e con risco de equivocarnos dun 5%, concluiriamos que a media da comarca é menor que a media global para todo o pais"* **0´25 puntos**.

(o último risco de equivocarnos, ante esta afirmación, é o valor-*P* = $P(Z < -2´13) = 0´0166$, é dicir, dun 1´6%, máis baixo que o erro do 5% de partida).

– *Conclusión para o 1% de nivel de significación*:

– Rexión crítica $(-\infty, -2´33)$; $z_{ob} = -2´13 \in (-2´33, +\infty) \Rightarrow$ *Acepto H_0*,

"*Con risco de equivocarnos dun 1%, non poderiamos asegurar que a media da comarca fose menor que a global do pais*" **0´25 puntos**.



OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

(a) **1´50 puntos**. *Calcula as matrices X e Y que verifican o sistema*

$$3X + 2Y = \begin{pmatrix} 5 & 6 \\ -2 & 5 \end{pmatrix}; \quad X - 5Y = \begin{pmatrix} -4 & 2 \\ -12 & -4 \end{pmatrix}.$$

– Multiplicando a segunda matriz, $X - 5Y$, por -3 e sumando o resultado obtido coa primeira, $3X + 2Y$, resulta:

$17 \cdot Y = \begin{pmatrix} 17 & 0 \\ 34 & 17 \end{pmatrix} \Rightarrow Y = \begin{pmatrix} 1 & 0 \\ 2 & 1 \end{pmatrix}$ **0´75 puntos**. $X = \begin{pmatrix} 5 & 0 \\ 10 & 5 \end{pmatrix} + \begin{pmatrix} -4 & 2 \\ -12 & -4 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 1 & 2 \\ -2 & 1 \end{pmatrix}$ **0´75 puntos**.

(b) **1´50 puntos**. *Calcula a matriz inversa de $X \cdot Y$*

Exemplos de resposta / Solucións

Calcular a matriz $X \cdot Y = \begin{pmatrix} 5 & 2 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.

– Cálculo da matriz inversa, $\left(X \cdot Y\right)^{-1} = \begin{pmatrix} 1/5 & -2/5 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$ **1 punto**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

O número de nacementos anuais (en centos) que se producen nunha cidade a partir do ano 2000 vén dado pola función

$$N(t) = \begin{cases} \frac{1}{4}t^2 - 3t + 15, & 0 \le t < 8 \\ 10 - \frac{6}{t-6}, & t \ge 8 \end{cases}$$, *t* é o tempo transcorrido en anos (*t* = 0 corresponde ao ano 2000).

(a) **0´25 puntos**. *¿Cantos nacementos se produciron no ano 2000*?

– *N*(0) = 15; "*No ano 2000 producíronse 1500 nacementos*" **0´25 puntos**.

(b) **2 puntos**. *Estuda entre que anos se produciu un decrecemento da natalidade. Determina en que ano se produciu o menor número de nacementos e cal foi ese número.*

– Determinar a primeira derivada en cada un dos anacos da función:

No intervalo (0, 8), $N'(t) = \frac{1}{2}t - 3$ **0´25 puntos**. No (8, +∞), $N'(t) = \frac{6}{(t-6)^2}$ **0´50 puntos**.

– Estudo do decrecemento da función:
No intervalo (0, 8) $N'(t) = 0 \Leftrightarrow t = 6$ punto crítico

	(0, 6)	(6, 8)
t	*t* = 1	*t* = 7
signo de N´(t)	*N*´(1) < 0	*N*´(7) > 0

No intervalo (8, +∞) $N'(t) > 0$, xa que a función $P'(t) = \frac{6}{(t-6)^2}$ é maior que 0 para todo *t.*

- No (0, 6), *N*(*t*) é decrecente **0´25 puntos**.
- *Dende o ano* 2000 *ata o* 2006 *produciuse un decrecemento da natalidade* **0´25 puntos**.
- *Non hai decrecemento dende o ano 2006* **0´25 puntos**.

– Ano no que se produciu o menor número de nacementos, en *t* = 6 *N*(t) é mínimo **0´25 puntos**.
– Número mínimo de nacementos: "*O menor número de nacimentos produciuse no 2006 e foron 600 nacementos*" **0´25 puntos**.

(c) **0´75 puntos**. *¿Cal é a tendencia do número de nacementos no futuro*? *Razoa a resposta*.

Pódese responder de distintas formas:

- Así: $\lim_{t\to+\infty} N(t) = \lim_{t\to+\infty}\left(10 - \frac{6}{t-6}\right) = 10$ **0´50 puntos**.

  Polo tanto, a tendencia é de 1000 nacementos **0´25 puntos**.
- Tamén se podería facer un esbozo da gráfica da función *N*(*t*) e chegaríase ao mesmo resultado



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Un estudo realizado por unha entidade bancaria informa que o 60% dos seus clientes ten un préstamo hipotecario, o 50% ten un préstamo persoal e o 40% dos que teñen un préstamo persoal tamén ten un préstamo hipotecario.

(a) **1 punto**: *Calcula a porcentaxe de clientes que teñen ambos os dous tipos de préstamos*.

Denominamos aos sucesos "*H*": *un cliente ten un préstamo hipotecario,* "*A*": *un cliente ten un préstamo persoal.*
Os datos que recollemos do enunciado son: $P(H)=0'6$; $P(A)=0'5$; $P(H/A)=0'4$

– Formular a probabilidade pedida $P(A\cap H)$ **0´25 puntos**.

– Expresión e cálculos na probabilidade anterior, identificando as probabilidades do enunciado $P(A\cap H)=\underbrace{P(A)\cdot P(H/A)}_{\textbf{0´25 puntos}}=\underbrace{0'5\cdot 0'4}_{\textbf{0´25 puntos}}=0'2$

– Expresión da porcentaxe pedida "*O 20% dos clientes teñen ambos os dous tipos de préstamos*" **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Calcula a porcentaxe de clientes que non teñen ningún dos dous tipos de préstamos.*

– Formular a probabilidade pedida $P(\bar{A}\cap\bar{H})$ **0´25 puntos**.

– Expresión e cálculos na probabilidade anterior $P(\bar{A}\cap\bar{H})=\underbrace{1-P(A\cup H)}_{\textbf{0´25 puntos}}=\underbrace{1-(0'5+0'6-0'2)}_{\textbf{0´25 puntos}}=0'1$

– Resultado pedido "*O 10% dos clientes non teñen ningún dos dous tipos de préstamos*" **0´25 puntos**.

Tamén podemos facer o exercicio construíndo a táboa, pero para elo, é imprescindible ter o resultado do apartado (a). *A táboa puntúase entón para o apartado* (b) con **0´50 puntos**, formular o enunciado **0´25 puntos** e expresión da porcentaxe **0´25 puntos**.

	A	$\bar{A}$	
H	20 (a)	40	60
$\bar{H}$	30	10	40
	50	50	100

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Nun estudo sobre hixiene dental, a porcentaxe de nenos que presentaron indicios de carie utilizando un dentífrico tradicional foi de, polo menos, o 10%. Nun grupo de 500 nenos elexidos aleatoriamente que utilizaron un novo dentífrico, presentaron indicios de carie 35 deles.

(a) **1´25 puntos**. *Formula un test para contrastar a hipótese de que a proporción de nenos con indicios de carie usando o novo dentífrico é a mesma que co tradicional fronte a hipótese de que se reduce ¿A que conclusión se chega cun nivel de significación do 5%?*

Sexan
"p : proporción de nenos con indicios de carie usando o novo dentífrico (parámetro poboacional)

$\hat{P}$: *proporción de nenos con indicios de carie* (*co novo dentífrico*),
en mostras de 500 *nenos* (*estimador puntual de* "*p*")
$\downarrow$ *avaliamos para a mostra dada*

$\hat{p}=\dfrac{35}{500}=0'07$ (*estimación puntual de p*)

– Especificar as hipóteses nula e alternativa: $\begin{cases} H_0: p\geq 0'10 \\ H_1: p<0'10 \end{cases}$ **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

– Estatístico de proba: $\dfrac{\hat{P}-p}{\sqrt{\dfrac{p(1-p)}{n}}} \sim N(0,1)$

– Establecer a rexión crítica: $(-\infty,-1'645)$ **0´25 puntos**.

– Avaliar o estatístico de proba, *"baixo H_0 certa"*, para a mostra dada:

$$z_{ob}=\frac{0'07-0'1}{\sqrt{\dfrac{0'1\cdot 0'9}{500}}}=-2'236$$ **0´25 puntos**.

– Decisión: $z_{ob}=-2'236\in(-\infty,-1'645)\Rightarrow$ *Rexeito H_0* **0´25 puntos**.



– Conclusión sobre se se reduce (ou non) a carie usando o novo dentífrico:
"Cun risco de equivocarnos dun 5%, concluiríamos que, en base á mostra dada, o novo dentífrico reduce a carie dental, con respecto ao tradicional" **0´25 puntos**. (O último risco de equivocarnos, ante esta afirmación, é o valor-P = $P(Z < -2'236) = 0'009$, é dicir, dun 0´9%).

(b) **0´75 puntos**. *Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de nenos con indicios de carie utilizando o novo dentífrico.*

– Expresión do intervalo de confianza: $P\left(\underbrace{\hat{P}-z_{\alpha/2}\sqrt{\dfrac{p(1-p)}{n}}}_{L_1}\leq p\leq \underbrace{\hat{P}+z_{\alpha/2}\sqrt{\dfrac{p(1-p)}{n}}}_{L_2}\right)=1-\alpha$ **0´25 puntos**.

– Calculamos numéricamente os extremos do intervalo avaliando, para a mostra dada, os estatísticos L_1 e L_2, de tal forma que o parámetro "p" decoñecido estimámolo polo seu estimador puntual coñecido $\hat{p}$, resultando:

$$L_1 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 0'07-1'96\sqrt{\frac{0'07\cdot 0'93}{500}}=0'07-0'022=0'048$$ **0´25 puntos**

$$L_2 \xrightarrow[\text{avaliamos para a mostra dada}]{} 0'07+1'96\sqrt{\frac{0'07\cdot 0'93}{500}}=0'07+0'022=0'092$$ **0´25 puntos**

– Responder á pregunta no contexto do problema, concluíndo que: *"en base a mostra dada, estímase cun 95% de confianza, que a proporción nenos con carie, usando o novo dentífrico, está entre un 4´8% e un 9´2%* (erro máximo cometido na estimación dun 2´2%)

CiUG	PAU XUÑO 2012	Código: 36

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1) Decidimos investir unha cantidade de 15000 euros en bolsa, comprando accións de tres entidades *A*, *B* e *C*. Investimos en *A* o dobre que en *B* e en *C* xuntas. Transcorrido un ano, as accións da entidade *A* revalorizáronse un 3%, as de *B* un 4% e as de *C* perderon un 2% e, como consecuencia, obtivemos un beneficio de 380 euros. Determina canto investimos en cada unha das entidades.

2) A ganancia producida por unha máquina que durou 6 anos estímase pola función $f(x) = ax^3 + bx^2,\ 0 \le x \le 6$.
($f(x)$ representa a ganancia (en miles de euros) aos x anos de funcionamento, a e b son constantes)

(a) Determina o valor de a e b , se se sabe que a función $f(x)$ ten un punto de inflexión no punto (2, 32).

(b) Se $a = -2$ e $b = 12$, calcula o ano no que a máquina produciu a maior ganancia, ¿cal foi o valor da devandita ganancia? Para estes valores, representa a gráfica da función $f(x)$ en [0, 6].

3) Trátase contra unha determinada enfermidade ao 40% das árbores dunha parcela. Sábese que enferman o 5% das árbores tratadas e o 30% das non tratadas contra a enfermidade.

(a) Calcula a probabilidade de que non enferme unha árbore calquera da parcela.

(b) Supoñamos que un 80% das árbores non están enfermas e que na parcela hai 625 árbores, ¿cal é a probabilidade de que máis de 475 árbores desta parcela non estean enfermas?

4) Suponse que o número de telespectadores (en millóns) dun programa semanal de televisión, aproxímase a unha distribución normal, con desviación típica de 0´5 (millóns). A dirección do programa afirma que a media semanal de telespectadores que ven o citado programa é de, polo menos, 7 millóns. Para contrastar tal afirmación, obsérvase unha mostra de 10 semanas, obténdose unha media semanal de 6´54 millóns de telespectadores.

(a) Utilizando a mostra dada, calcula un intervalo do 95% de confianza para a media semanal de telespectadores dese programa.

(b) Formula un test para contrastar que a media semanal de telespectadores que ven o programa é a que afirma a dirección, fronte á alternativa de que é menor, ¿cal é a conclusión á que se chega, cun nivel de significación do 5%?

OPCIÓN B

1) Consideremos o seguinte sistema de inecuacións $x \ge 1,\quad y \ge x,\quad x + y \le 10,\quad 3y - 2x \le 10$.

(a) Representa graficamente a rexión factible e calcula os seus vértices.

(b) ¿En que punto ou puntos desa rexión alcanza os valores máximo e mínimo a función $f(x,y) = 2x - 2y + 7$?

2) Nun ámbito controlado, o tamaño dunha poboación de aves, $P(t)$ (en centos), axústase á función

$$P(t) = \begin{cases} t^2 - 8t + 50, & 0 \le t \le 10 \\ 95 - \dfrac{250}{t}, & t > 10 \end{cases}$$, onde t é o tempo transcorrido en anos.

(a) ¿A partir de que ano crecerá a poboación $P(t)$? ¿Nalgún ano a poboación é mínima?

(b) Determina o valor ao que tende a poboación de aves co paso do tempo.

(c) Calcula o intervalo de tempo no que a poboación se mantén entre 5000 e 7500 aves.

3) O 40% dos aspirantes a un posto de traballo superou unha determinada proba de selección. Terminan sendo contratados o 80% dos aspirantes que superan esa proba e o 5% dos que non a superan.

(a) Calcula a porcentaxe de aspirantes ao posto de traballo que terminan sendo contratados.

(b) Se un aspirante non é contratado, ¿cal é a probabilidade de que superase a proba de selección?

4) Realízase unha enquisa para determinar a intención de voto ao partido político MLM. Dos 2000 entrevistados, 600 din que votarán ao MLM.

(a) Calcula un intervalo do 95% de confianza para a proporción de futuros votantes a favor dese partido.

(b) Unha información publicada por certa prensa afirma que "a intención de voto para ese partido é de, polo menos, o 33%". Formula un test para contrastar a devandita afirmación fronte a que a proporción de futuros votantes é inferior, tal como parece prognosticar a enquisa. ¿A que conclusión se chega, cun nivel de significación do 1%

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	**PAU**	**Código: 36**
	SETEMBRO 2012	

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II

(Responder só aos exercicios dunha das opcións. Puntuación máxima dos exercicios de cada opción: exercicio 1 = 3 puntos, exercicio 2 = 3 puntos, exercicio 3 = 2 puntos, exercicio 4 = 2 puntos)

OPCIÓN A

1) (a) Determina a matriz X sabendo que $X^{-1} \cdot B^t = A + B$, sendo $A = \begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 0 & -1 \end{pmatrix}$, $B = \begin{pmatrix} -1 & 1 \\ 1 & 1 \end{pmatrix}$, B^t a matriz trasposta de B e X^{-1} a matriz inversa de X.

- Formulación do enunciado: **0´25 puntos**.
- Expresar o teorema das probabilidades totais e identificar cada unha das probabilidades da fórmula anterior: **0´50 puntos**.
- Resultado final: **0´25 puntos**.

(b)**1 punto:**
- Formulación da probabilidade pedida: **0´25 puntos**.
- Expresión e cálculos na probabilidade anterior: **0´75 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**
(a)**1 punto:**
- Cálculo de $\overline{X}$: **0´5 puntos**.
- Cálculo de $1-\alpha$: **0´5 puntos**.

(b)**1 punto:**
- Formulación: **0´25 puntos**.
- Obter $z_{\alpha/2}$: **0´25 puntos**.
- Cálculo de n: **0´25 puntos**.
- Expresión do valor (e valores) enteiro de n: **0´25 puntos**

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**
(a)**2´25 puntos:**
- Formular o sistema de inecuacións: **1 punto**.
- Vértices da rexión factible: **0´75 puntos**.
- Representación gráfica da rexión factible: **0´5 puntos** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por elas e os seis vértices).

(b)**0´75 puntos:**
- Por cada unha das tres solucións factibles: **0´25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**
1´75 puntos:
- Derivada da función no primeiro anaco: **0´25 puntos**.
- Derivada no segundo anaco: **0´5 puntos**.
- Intervalos de crecemento e resposta aos períodos nos que aumentan as vendas: **0´5 puntos**.
- Intervalos de decrecemento e resposta aos períodos nos que diminúen as vendas: **0´5 puntos**.

Criterios de Avaliación / Corrección

0´5 puntos:

- Por determinar o máximo: **0´25 puntos**.
- Comprobar se é absoluto: **0´25 puntos**.

0´25 puntos: calcular as vendas máximas.
0´5 puntos: pola asíntota horizontal: valor ao que tenden as vendas co paso do tempo.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**
(a)**1 punto:**

- Polo cálculo de $P(B)$: **0´5 puntos**.
- Polo cálculo de $P(A \cup B)$: **0´5 puntos**.

(b)**1 punto:**

- Determinar a probabilidade ou probabilidades precisas para probar a dependencia ou independencia dos sucesos: **0´5 puntos**.
- Xustificar coa definición apropiada se son ou non independentes: **0´5 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**
(a)**1 punto:**

- Determinar a distribución de $\overline{X}$: **0´25 puntos**.
- Formular a probabilidade pedida: **0´25 puntos**.
- Tipificación: **0´25 puntos**.
- Uso das táboas e resultado final: **0´25 puntos**.

(b)**1 punto:**

- Formulación: **0´25 puntos**.
- Calcular $z_{\alpha/2}$: **0´25 puntos**.
- Cálculo de n: **0´25 puntos**.
- Expresión do valor (e valores) enteiro de n: **0´25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**
(a) **2 puntos:**

- Despexar a matriz X: **0´75 puntos**.
- Calcular $A-I$: **0´25 puntos**.
- Calcular a matriz inversa de $A-I$: **1 punto**.

(b) **1 punto:**

- Calcular $B=A^2$: **0´50 puntos**.
- Calcular X : **0´50 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**
(a) **1´25 puntos:**

- Determinar a primeira derivada: **0´25 puntos**.
- Calcular os puntos críticos: **0´25 puntos**.
- Determinar os intervalos de tempo pedidos: **0´75 puntos**.

(b) **0´75 puntos:**

- Máximo absoluto: **0´25 puntos**.
- Mínimo absoluto: **0´25 puntos**.
- Cotizacións máxima e mínima: **0´25 puntos**.

(c) **1 punto:**

- Determinar a segunda derivada: **0´25 puntos**.
- Calcular o punto de inflexión: **0´25 puntos**.
- Representación gráfica: **0´50 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**
(a) **0´75 puntos:**

- Formular a probabilidade pedida: **0´25 puntos**.

Criterios de Avaliación / Corrección

– Calcular a probabilidade condicionada anterior: **0´25 puntos**.
– Resultado final: **0´25 puntos**.
(b) **0´75 puntos:**
– Definición de sucesos independentes (ou dependentes): **0´25 puntos**.
– Cálculo das probabilidades que interveñan na definición anterior: **0´25 puntos**.
– Dedución final: **0´25 puntos**.
(c) **0´50 puntos:**
– Formular a probabilidade da unión: **0´25 puntos.**
– Resultado final: **0´25 puntos.**

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**
(a) **1 punto:**
– Cálculo da media da mostra: **0´50 puntos**.
– Formular a ecuación que corresponde ao raio do intervalo: **0´25 puntos**.
– Resultado para a desviación típica: **0´25 puntos**.
(b) **1 punto:**
– Determinar a distribución de $\bar{x}$: **0´25 puntos**.
– Formular a probabilidade pedida: **0´25 puntos**.
– Tipificación e paso a táboas: **0´25 puntos**.
– Resultado final: **0´25 puntos**.

OPCIÓN B

EXERCICIO 1 **(3 puntos)**
(a) **2´50 puntos:**
– Formular o sistema de inecuacións: **1 punto**(**0´25 puntos** por cada unha das catro inecuacións).
– Vértices da rexión factible: **0´75 puntos** (**0´25 puntos** polos dous puntos de corte co eixe x + **0´50 puntos** polos dous que resultan da intersección das rectas correspondentes).
– Representación gráfica da rexión factible: **0´75 puntos** (por debuxar as rectas e a rexión do plano limitada por estas e os catro vértices).
(b) **0´50 puntos:**
– Pola función obxectivo: **0´25 puntos**.
– Pola solución óptima: **0´25 puntos**.

EXERCICIO 2 **(3 puntos)**
– Expresar unha das variables en función da outra: **0´25 puntos**.
– Determinar a función custo para minimizar: **0´75 puntos**.
– Cálculo da súa derivada primeira: **0´75 puntos**.
– Obter o punto crítico válido: **0´25 puntos**.
– Comprobar que é mínimo: **0´25 puntos**.
– Especificar o número de modelos de cada tipo que minimizan o custo: **0´50 puntos** (**0´25 puntos** por cada un deles)
– Calcular o custo de produción mínimo: **0´25 puntos**.

EXERCICIO 3 **(2 puntos)**
(a) **1 punto:**
– Formulación da probabilidade pedida: **0´25 puntos**.
– Expresión e cálculos na probabilidade anterior:**0´75 puntos**.
(b) **1 punto:**
– Formulación da probabilidade pedida: **0´50 puntos**.
– Expresión e cálculos na probabilidade anterior:**0´50 puntos**.

EXERCICIO 4 **(2 puntos)**
(a) **1 punto:**
– Expresión do intervalo de confianza: **0´50 puntos**.
– Calcular numericamente os extremos do intervalo: **0´50 puntos**.
(b) **1 punto:**
– Formulación: **0´25 puntos**.
– Calcular $z_{\alpha/2}$: **0´25 puntos**.
– Cálculo de n: **0´25 puntos**.
– Expresión do valor (e valores) enteiro de n: **0´25 puntos**.

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE XUÑO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

– *Calcular a inversa da matriz D,* $D^{-1}=\begin{pmatrix}1&1&5\\0&1&6\\0&0&1\end{pmatrix}$ **1´50 puntos**.

– *Calcular* $2A-4B+3C=\begin{pmatrix}1&4y+3z&4x+3z\\0&1&2x-4y\\0&0&1\end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.

– *Formulación do sistema de ecuacións* $\begin{cases}4y+3z=1\\4x+3z=5\\2x-4y=6\end{cases}$ **0´25 puntos**.– *Resolución do sistema*, por calquera método, obtendo a solución $x=-1$, $y=-2$, $z=3$ **0´75 puntos** (**0´25 puntos** por cada incógnita).

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

A empresa vende "cada bicicleta" a un prezo (en euros) $P(x)=384-\dfrac{2x^2}{75}$, sendo $0<x\le 60$ e "x" o número de bicicletas que teña fabricado. Na fabricación das "x" bicicletas prodúcese un: gasto fixo + gasto variable.
(a) **1 punto**: A función a determinar é a función beneficio obtido pola empresa na fabricación de "x" bicicletas = $B(x)$ = Función ingreso nas "x" bicicletas – Función gasto nas "x" bicicletas, sendo

– Función ingreso nas "x" bicicletas = $I(x)=x\cdot P(x)=384x-\dfrac{2}{75}x^3$ **0´25 puntos**.

– Función gasto nas "x" bicicletas = $G(x)=100+256x$ **0´25 puntos**. Restando ámbalas funcións resulta que a función que nos piden é $B(x)=-\dfrac{2}{75}x^3+128x-100$ **0´50 puntos**.

(b) **1´25 puntos**: Determinar a *derivada da función beneficio* $B'(x)=-\dfrac{2}{25}x^2+128$ **0´75 puntos**.

– Calcular os *puntos críticos* $B'(x)=0 \Leftrightarrow x^2=1600 \Rightarrow x=40$ (solución válida) **0´25 puntos**.

– *Xustificar* que en x = 40 hai un *máximo absoluto*, calculando $B''(x)=-\dfrac{4}{25}x,\ B''(40)<0$ (Comprobar o valor de B nos extremos da función ou ben observar que entre 40 e 60 non hai un mínimo) **0´25 puntos**.
(c) **0´75 puntos**: Para x = 40, calcula o gasto, o ingreso e o beneficio máximo:
$G(40)$ = 10.340 euros **0´25 puntos**.– $I(40)$ = 13.653´33 euros **0´25 puntos**.– $B(40)$ = 3.313´33 euros **0´25 puntos**.

Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Denominamos aos sucesos *O: unha persoa desa poboación é obesa, D: unha persoa desa poboación segue unha dieta*. Os datos que recollemos do enunciado son: $P(O)=0'3,\ P\left(D/O\right)=0'6,\ P\left(\bar{O}\cap\bar{D}\right)=0'63$.

(a) **1 punto**: *¿Que porcentaxe da poboación segue unha dieta?*
– Formular o enunciado $P(D)$ **0´25 puntos**.– Expresión de $P(D)=P(O)P\left(D/O\right)+P(\bar{O})P\left(D/\bar{O}\right)$ **0´25 puntos**.

– Calcular $P\left(D/\bar{O}\right)=1-P\left(\bar{D}/\bar{O}\right)=1-\dfrac{P(\bar{D}\cap\bar{O})}{P(\bar{O})}=1-\dfrac{0'63}{0'7}=0'1$ **0´25 puntos**.

– Resultado final $P(D)$ = 0´25, é dicir, *o 25% desa poboación segue unha dieta* **0´25 puntos**.
(b) **1 punto**: *Se unha persoa elexida ao chou segue unha dieta, ¿cal é a probabilidade de que sexa obesa?*
– Formulación da probabilidade pedida $P\left(O/D\right)$ **0´25 puntos**.– Expresión da probabilidade condicionada anterior $\dfrac{P(O\cap D)}{P(D)}$ **0´25 puntos**.– Cálculo de $P(O\cap D)=P(O)\cdot P\left(D/O\right)=0'18$ **0´25 puntos**.

– Resultado final $P\left(O/D\right)=0'72$ **0´25 puntos**.

Tamén podemos facer o exercicio construíndo unha táboa de continxencia ou ben un diagrama de árbore, avaliándose con **1 punto** (ou a táboa ou o diagrama). Os apartados (a) e (b) puntúanse agora con **0´50 puntos** cada un deles, repartindo **0´25 puntos** pola formulación do enunciado máis **0´25 puntos** polo resultado final.



	O	$\bar{O}$	
D	18	7	25
$\bar{D}$	12	63	75
	30	70	100

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Sexa *"X = peso, en gramos, dun polo que chega a un matadoiro"* $X: N(\mu,\ \sigma = 320)$.

(a) **1 punto**. *A partir dunha mostra de n = 64 polos estableceuse o intervalo* (2990, 3130) *como intervalo de confianza para a media* μ, *¿cal é o valor de* $\bar{X}$ *?, ¿con que nivel de confianza se construíu o intervalo?*

– Igualando os extremos do intervalo de confianza para a media cos do enunciado: $\begin{cases} \bar{x} - z_{\alpha/2}\dfrac{320}{\sqrt{64}} = 2990 \\ \bar{x} + z_{\alpha/2}\dfrac{320}{\sqrt{64}} = 3130 \end{cases}$

e resolvendo, obtense que a media mostral toma o valor particular, para a mostra dada, $\bar{x} = 3060$ gramos **0´50 puntos**. Deducimos tamén que $z_{\alpha/2} = 1´75$ **0´25 puntos**, usando as táboas resulta $1 - \alpha/2 = 0´9599$ e operando obtemos que o *nivel de confianza* é $1 - \alpha = 0´9198$ **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *¿Cantos polos deberiamos pesar para que o nivel de confianza do intervalo anterior sexa do* 97%?

– Formulación: $z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 70$ **0´25 puntos**.– Obter $z_{\alpha/2} = 2´17$ a partir de que $1 - \alpha = 0´97$ **0´25 puntos**.

– Cálculo de "*n*" despexando na ecuación anterior $2´17 \cdot \dfrac{320}{\sqrt{n}} = 70 \Rightarrow n = 98´4064$ **0´25 puntos**.– Expresión do valor enteiro de *n*, *"deberiamos pesar, a lo menos, 99 polos"* **0´25 puntos**.

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)
Sexan "*x*" o número de camións de tipo *A* e "*y*" o número camións de tipo *B*, que a empresa utilizará no transporte.

(a) **2´25 puntos**:

– Formular o sistema *de inecuacións:* $0 \le x \le 8$; $0 \le y \le 12$; **0,25 puntos**. $x + 2y \ge 15$; $24x + 12y \ge 108$; $x \le y$; **0,75** puntos (**0,25 puntos** por cada unha delas).

– *Vértices da rexión factible* **0´75 puntos**, obter os catro vértices: *A* (0, 9); *B* (0, 12); *C* (8, 12); *D* (8, 8) **0´25 puntos**, polo punto *E* (5, 5) **0´25 puntos** e polo *F* (1, 7) **0´25 puntos**.

– *Representación gráfica da rexión factible* **0,50 puntos**:



(b) **0´75 puntos**.– *Optimización*: A función obxectivo $f(x, y) = 150x + 300y$ minimízase nos vértices E (5, 5), tamén no F (1, 7) e no punto G (3, 6), xa que os vértices E e F están sobre a recta $x + 2y = 15$ que é paralela á función obxectivo, entón calquera punto do segmento EF é unha solución válida sempre que as súas coordenadas sexan enteiras e o dito punto G satisface esta condición. As tres posibilidades que ten a empresa de distribuír os camións para minimizar o gasto son: "con 5 camións de tipo A e 5 camións de tipo B" **0´25 puntos**, "con 1 camión de tipo A e 7 camións de tipo B" **0´25 puntos**, e "con 3 camións de tipo A e 6 camións de tipo B" **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)
1´75 puntos: *Determinar os períodos nos que aumentan e nos que diminúen as vendas da revista.*
– Derivada da función no primeiro trozo: No intervalo (0, 8) $N'(t) = 30 - 6t$ **0´25 puntos**.

– Derivada da función no segundo trozo: No intervalo $(8, +\infty)$ $N'(t) = \dfrac{624\left(144 - t^2\right)}{\left(t^2 + 144\right)^2}$ **0´50 puntos**.

– Intervalos de crecemento: os puntos críticos válidos son $t = 5$ e $t = 12$. Estudando o signo da derivada primeira obtense que nos intervalos (0, 5) e (8, 12) a función $N(t)$ é crecente **0´25 puntos**.
– Resposta aos períodos nos que aumentan as vendas, "*As vendas aumentan dende o inicio á 5ª semana e dende a 8ª á 12ª semana*" **0´25 puntos**.
– Intervalos de decrecemento: a función $N(t)$ é decrecente nos intervalos (5, 8) e (12, +∞) **0´25 puntos**.
– Resposta aos períodos nos que diminúen as vendas, "*As vendas diminúen dende a 5ª semana á 8ª semana e a partir da 12ª semana*" **0´25 puntos**.
0´75 puntos: *¿Cando se acada o maior número de vendas e a canto ascenden?*
– Por determinar que o máximo se presenta no punto (5, 75) **0´25 puntos**.
– Comprobar que é un máximo absoluto, esbozando a gráfica da función ou ben estudando o comportamento da función no punto $t = 12$ $N(12) = 50$ **0´25 puntos**.
– Especificar que *as vendas máximas ascenden a 75.000 exemplares* **0´25 puntos**.
0´50 puntos: *¿A que valor tende o número de vendas co paso do tempo?*

– Calcular $\lim\limits_{t\to\infty}\left(\dfrac{624t}{t^2 + 144} + 24\right) = 24$ **0´25 puntos**.

– "*As vendas no futuro aproxímanse a 24.000 exemplares*" **0´25 puntos**.

Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Sexan A e B sucesos que verifican $P(A \cap B) = 0'1;\ P(\bar{A} \cap \bar{B}) = 0'6;\ P(A/B) = 0'5$
(a) **1 punto**:

– Para calcular $P(B)$ utilizamos a definición de probabilidade condicionada $P(A/B) = \dfrac{P(A \cap B)}{P(B)}$ **0´25 puntos**.

– Utilizando os datos dos que dispoñemos $0'5 = \dfrac{0'1}{P(B)} \Rightarrow P(B) = 0'2$ **0´25 puntos**.

– Para calcular $P(A \cup B)$ utilizamos as leis de Morgan e a definición de probabilidade do suceso contrario $P\left(\bar{A} \cap \bar{B}\right) = P\left(\overline{A \cup B}\right) = 1 - P\left(A \cup B\right) \Rightarrow P\left(A \cup B\right) = 1 - 0'6 = 0'4$ **0´50 puntos**.

(b) **1 punto**:
– Para probar a dependencia ou independencia dos sucesos A e B, calculamos $P(A)$ utilizando a probabilidade da unión coñecida no apartado anterior $P\left(A \cup B\right) = 0'4 = P(A) + 0'2 - 0'1 \Rightarrow P(A) = 0'3$ **0´50 puntos**.

– Xustificar coa definición apropiada se son ou non independentes: $P\left(A/B\right) = 0'5 \neq P(A)$ polo tanto A e B son dependentes **0´50 puntos**.

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Sexa *"X = puntuación dun test de aptitude feito por un alumno dun centro de ensino"*
$X:\ N(\mu = 1000,\ \sigma = 600)$
(a) **1 punto**. *Calcula a probabilidade de que a puntuación media, para unha mostra de 64 alumnos, estea comprendida entre 964 e 1036 puntos*.

– Determinar a distribución de $\bar{X}$, $\bar{X}:\ N\left(\mu = 1000, \dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = \dfrac{600}{8} = 75\right)$ **0´25 puntos**.

– Formular a probabilidade pedida: $P(964 < \bar{X} < 1036)$ **0´25 puntos**.

– Tipificación: $P(964 < \bar{X} < 1036) = P\left(\dfrac{964-1000}{75} < Z < \dfrac{1036-1000}{75}\right) = P(-0´48 < Z < 0´48)$ **0´25 puntos**.

– Uso das táboas e resultado final: $2P(Z < 0´48) - 1 = 0´3688$ **0´25 puntos**.

(b) **1 punto**. *Calcula cantos alumnos deberiamos seleccionar, como mínimo, para garantir cun 99´5% de confianza, unha estimación da puntuación media de todos os alumnos do centro, cun erro non superior a 150 puntos*.

– Formular a inecuación correspondente ao erro pedido: $z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq 150$ **0´25 puntos**.

– Calcular $z_{\alpha/2} = 2´81$ **0´25 puntos**.

– Cálculo de "*n*" na desigualdade: $2´81 \cdot \dfrac{600}{\sqrt{n}} \leq 150$, obtendo $n \geq 126´337$ **0´25 puntos**.

– Expresión do valor (e valores) enteiro de *n*, "*deberiamos seleccionar mostras de 127 alumnos ou máis, para garantir a dita estimación* " **0´25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O/A alumno/a debe responder só aos exercicios dunha das dúas opcións (**A** ou **B**)

OPCIÓN A

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)
(a) **2 puntos**.

– Despexar a matriz *X*, $X = \left(A - I_2\right)^{-1}\left(B - A^t\right)$ **0´75 puntos**.

– Calcular $A - I_2 = \begin{pmatrix} 1 & -1 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

– Calcular a matriz inversa de $A - I_2$, $\left(A - I_2\right)^{-1} = \begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$ **1 punto**.

(b) **1 punto**: Resolver a ecuación matricial.

– Calcular $B - A^t = \begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 3 & 1 \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.

– Calcular $X = \begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 3 & 1 \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 4 & 2 \\ 3 & 1 \end{pmatrix}$ **0´50 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)
A función $C(t) = -t^3 + 9t^2 - 15t + 50,\ 0 \leq t \leq 6$ axústase á cotización en euros de certa moeda nos últimos seis anos.
(a) **1´25 puntos**: *Encontra os intervalos de tempo nos que a cotización creceu e nos que decreceu.*
– Determinar a primeira derivada: $C'(t) = -3t^2 + 18t - 15$ **0´25 puntos**.
– Calcular os puntos críticos: $C'(t) = 0 \Rightarrow t^2 - 6t + 5 = 0 \Rightarrow t = 1$ e $t = 5$ **0´25 puntos**.
– Determinar os intervalos de tempo pedidos:

	(0, 1)	(1, 5)	(5, 6)
Valor t	$t = 1/2$	$t = 2$	$t = 11/2$
Signo $C'(t)$	$C'(1/2) < 0$	$C'(2) > 0$	$C'(11/2) < 0$

Deducimos que no (0, 1) a función *C*(*t*) é decrecente **0´25 puntos**, no (1, 5) é crecente **0´25 puntos** e no (5, 6) é decrecente **0´25 puntos**, logo "*a cotización desa moeda aumentou do primeiro ao quinto ano e diminuíu no primeiro ano e do quinto ao sexto ano*".
(b) **0´75 puntos**: *¿En que momentos houbo unha cotización máis baixa e máis alta*? *¿cales foron esas cotizacións*?
– No punto (5, 75) hai un máximo absoluto **0´25 puntos**.
– No punto (1, 43) hai un mínimo absoluto **0´25 puntos**.
– *A cotización mínima foi de 43 euros e a máxima de 75 euros* **0´25 puntos**.
(c) *Calcula o punto de inflexión e debuxa a gráfica no intervalo dado de tempo.*

– Determinar a segunda derivada: $C''(t) = -6t + 18$ **0´25 puntos**.
– Calcular o punto de inflexión (3, 59) **0´25 puntos**.
– Representación gráfica: **0´50 puntos**.



Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Denominamos aos sucesos *"R_B: un fogar é de renda baixa, R_M é de renda media e R_A é de renda alta"*. *"S: un fogar se subscribe a un servizo de televisión por cable"*. Facendo uso da táboa enunciada no exercicio, teremos:
(a) **0´75 puntos**: *Se o fogar subscribe o servizo, ¿cal é a probabilidade de que sexa de renda alta?*
– Formular a probabilidade pedida **0´25 puntos**.
– Calcular a probabilidade condicionada anterior e resultado final $P\left(R_A/S\right) = \dfrac{P(R_A \cap S)}{P(S)} = \dfrac{0'10}{0'05 + 0'15 + 0'10} = \dfrac{1}{3}$ **0´50 puntos**.
(b) **0´75 puntos**: *¿Son renda e posible subscrición á televisión por cable independentes? Xustificar a resposta*.
– Definición de sucesos independentes (ou dependentes), por exemplo: $P\left(R_A/S\right) = P(R_A) \Rightarrow R_A$ e S son sucesos independentes **0´25 puntos**.
– Calculo das probabilidades que interveñen na definición anterior, neste caso, só é preciso calcular $P(R_A) = 0'18$ **0´25 puntos**.
– Dedución final $P\left(R_A/S\right) = \dfrac{1}{3} \neq P(R_A)$ logo os sucesos son dependentes, é dicir *"a posible subscrición á televisión por cable depende da renda"* **0´25 puntos**.
(c) **0´50 puntos**: *Calcula a probabilidade de que un fogar seleccionado ao chou pertenza polo menos a unha destas categorías: "renda media" ou "desexan subscribirse"*
– Formular a probabilidade da unión $P(R_M \cup S)$ **0´25 puntos**.
– Resultado final $P(R_M) + P(S) - P(R_M \cap S) = 0'77$ **0´25 puntos**.

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)
Sexa *"X = velocidade en travesía (en km/h)"* $X : N(\mu, \sigma)$.
(a) **1 punto**. *Tras controlar o paso pola travesía de 100 vehículos, dinnos que "a velocidade media en travesía μ toma valores entre 56´08 km/h e 63´92 km/h, co 95% de confianza". Con esta información calcula σ e o valor da media da mostra*.

– Igualando os extremos do intervalo de confianza para a media cos do enunciado: $\begin{cases} \bar{X} - 1'96\dfrac{\sigma}{\sqrt{100}} = 56'08 \\ \bar{X} + 1'96\dfrac{\sigma}{\sqrt{100}} = 63'92 \end{cases}$ **0´50 puntos**, e resolvendo, obtense que a media mostral toma o valor particular, para a mostra dada, $\bar{x} = \dfrac{56'08 + 63'92}{2} = 60$ km/h **0´25 puntos**, e $1'96\dfrac{\sigma}{10} = 3'92 \Rightarrow \sigma = 20$ **0´25 puntos**.
(b) **1 punto**. *Se tomamos como μ =60 km/h e co valor de σ =20 km/h, calcula a porcentaxe de mostras de 64 vehículos cuxa velocidade media supere os 65 km/h*.
– Determinar a distribución de $\bar{X}$, $\bar{X} : N\left(\mu = 60, \dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = \dfrac{20}{\sqrt{64}} = 2'5\right)$ **0´25 puntos**.
– Formular a probabilidade pedida: $P\left(\bar{X} > 65\right)$ **0´25 puntos**.

– Tipificación e paso a táboas: $P\left(\overline{X} > 65\right) = P\left(Z > \frac{65-60}{2'5}\right) = P\left(Z > 2\right) = 1 - P\left(Z \le 2\right) = 1 - 0'9772 = 0'0228$ **0´25 puntos**.

– Resposta á pregunta do exercicio: *"aproximadamente, no 2´28% das mostras de 64 vehículos, supéranse os 65 km/h de media"* **0´25 puntos**.

OPCIÓN B

Exercicio 1. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Sexan "x" o número de traballadores da categoría laboral *I* e "y" o número de traballadores da categoría laboral *II*.

(a) **2´50 puntos**:

– Formular o sistema *de inecuacións* **1 punto**: $9 \le x + y \le 12$; $x \ge 2y$; $y \ge 0$ (**0,25 puntos** por cada unha das catro inecuacións).

– *Vértices da rexión factible* **0´75 puntos** repartidos en, vértices A (9, 0) e D (12, 0) **0´25 puntos**, vértice B (6, 3) **0´25 puntos** e C (8, 4) **0´25 puntos**.

– *Representación gráfica da rexión factible* **0,75 puntos**:



(b) **0´50 puntos**.– A función obxectivo $f(x, y) = 1400x + 1100y$ **0´25 puntos**, minimízase no vértice B (6, 3) polo que *"a empresa deberá contratar a 6 traballadores da categoría laboral I e a 3 traballadores da categoría laboral II para minimizar os custos laborais mensuais"* **0´25 puntos**.

Exercicio 2. (A puntuación máxima deste exercicio é 3 puntos)

Unha fábrica produce diariamente un total de 20 artigos de dous modelos diferentes A e B. Sexan "x = número de modelos do tipo A" e "y = número de modelos do tipo B".

– Expresar unha das variables en función da outra: $y = 20 - x$ **0´25 puntos**.

– Determinar a función custo a minimizar: $C(x) = 6x^3 + 450(20 - x) - 2500 = 6x^3 - 450x + 6500$ **0´75 puntos**.

– Cálculo da súa derivada primeira: $C'(x) = 18x^2 - 450$ **0´75 puntos**.

– Obter o punto crítico válido: $C'(x) = 0 \Rightarrow x^2 = 25$, sendo o punto crítico válido $x = 5$ **0´25 puntos**.

– Comprobar que é mínimo: $C''(x) = 36x$ e $C''(5) > 0$ **0´25 puntos**.

– Especificar o número de modelos de cada tipo que minimizan o custo: "*A fábrica debe producir diariamente 5 modelos do tipo A* (**0´25 puntos**) *e 15 modelos do tipo B* (**0´25 puntos**) *para minimizar o custo de produción diario*".

– Calcular o custo de produción mínimo: $C_{mín}$ = 5000 euros **0´25 puntos**.

Exercicio 3. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

Denominamos aos sucesos "T: unha empresa tecnolóxica non obtén os beneficios anuais esperados" e "B: unha entidade bancaria non obtén os beneficios anuais esperados".

Os datos que nos proporcionan no exercicio son $P(T) = 0'5$, $P(B) = 0'2$, $P(T \cap B) = 0'1$

(a) **1 punto**: *¿Cal é a probabilidade de que polo menos unha das dúas non obteña os beneficios anuais esperados?*

– Formulación da probabilidade pedida: $P(T \cup B)$ **0´25 puntos**.

– Expresión e cálculos na probabilidade anterior: $P(T \cup B) = P(T) + P(B) - P(T \cap B) = 0'5 + 0'2 - 0'1 = 0'6$ **0´75 puntos**.

(b) **1 punto**: *¿Cal é a probabilidade de que soamente unha das dúas non obteña os beneficios anuais esperados?*

– Formulación da probabilidade pedida: $P\left((T \cap \overline{B}) \cup (\overline{T} \cap B)\right)$ **0´50 puntos**.

– Expresión e cálculos na probabilidade anterior, tendo en conta que $T \cap \overline{B}$ e $\overline{T} \cap B$ son sucesos incompatibles e que T e B son sucesos independentes, polo tanto tamén son independentes os contrarios T e $\overline{B}$, $\overline{T}$ e B

$P\left((T \cap \overline{B}) \cup (\overline{T} \cap B)\right) = P(T \cap \overline{B}) + P(\overline{T} \cap B) = P(T)P(\overline{B}) + P(\overline{T})P(B) = 0´5 \cdot 0´8 + 0´5 \cdot 0´2 = 0´5$ **0´50 puntos**.

Tamén podemos facer o exercicio construíndo unha táboa de continxencia, avaliándose con 1 punto. Os apartados (a) e (b) puntúanse agora con **0´50 puntos** cada un deles, repartindo **0´25 puntos** pola formulación do enunciado máis **0´25 puntos** polo resultado final.

	B	$\overline{B}$	
T	10	40	50
$\overline{T}$	10	40	50
	20	80	100

Exercicio 4. (A puntuación máxima deste exercicio é 2 puntos)

(a) **1 punto**. Sexa *"X = salario anual dun traballador de certa empresa"* $X : N(\mu, \sigma = 1200)$. *Calcula un intervalo do 95% de confianza para o salario medio anual dos traballadores da empresa, se para iso se seleccionan ao chou 64 traballadores e se obtén que o seu salario medio anual é 26000 euros.*

– Expresión do intervalo de confianza $P\left(\overline{X} - z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} < \mu < \overline{X} + z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}}\right) = 1 - \alpha$ **0,50 puntos**.

– Calcular numericamente os extremos do intervalo $\begin{cases} 26000 - 1,96\dfrac{1200}{\sqrt{64}} = 26000 - 294 = 25706 \\ 26000 + 1,96\dfrac{1200}{\sqrt{64}} = 26000 + 294 = 26294 \end{cases}$ **0,50 puntos**.

– "Estímase que o salario medio anual dos traballadores desa empresa está entre 25706 euros e 26294 euros, cun 95% de confianza".

(b) **1 punto**. *¿Qué tamaño de mostra se necesita para garantir, cun 97% de confianza, unha estimación de salario medio anual dos traballadores da empresa, cun erro non superior a 200 euros?*

– Formular a inecuación correspondente ao erro pedido: $z_{\alpha/2} \cdot \dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} \le 200$ **0´25 puntos**.

– Calcular $z_{\alpha/2} = z_{0´015} = 2´17$ **0´25 puntos**.

– Cálculo de "n" na desigualdade: $2´17 \cdot \dfrac{1200}{\sqrt{n}} \le 200 \Rightarrow n \ge 169´52$ **0´25 puntos**.

– Expresión do valor (e valores) enteiro de n, "*deberiamos seleccionar mostras de 170 traballadores ou máis, para garantir a dita estimación*" **0´25 puntos**.

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	PAAU (LOXSE) XUÑO 2009	Código: 61

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

***O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos*.**

BLOQUE DE ÁLXEBRA *(Puntuación máxima 3 puntos)*

Exercicio 1. Sexan as matrices $A = \begin{pmatrix} 1 & 0 & 0 \\ -1 & 1 & 0 \\ -1 & 0 & 1 \end{pmatrix}$, $B = \begin{pmatrix} 1 \\ 1 \\ 0 \end{pmatrix}$, $C = \begin{pmatrix} -1 \\ 1 \\ -2 \end{pmatrix}$, $D = \begin{pmatrix} -1 \\ 1 \\ -5 \end{pmatrix}$, $E = \begin{pmatrix} 2 \\ 7 \\ 4 \end{pmatrix}$

Calcula os valores dos números reais x, y, z, para que se verifique a seguinte igualdade entre matrices

$$x \cdot A^{-1} \cdot B = E + y \cdot C + z \cdot D$$

Exercicio 2. Unha compañía química deseña dous posibles tipos de cámaras de reacción que incluirán nunha planta para producir dous tipos de polímeros P_1 e P_2. A planta debe ter unha capacidade de produción de, polo menos 100 unidades de P_1 e polo menos 420 unidades de P_2 cada día. Cada cámara de tipo *A* custa 600.000 euros e é capaz de producir 10 unidades de P_1 e 20 unidades de P_2 por día; a cámara de tipo *B* é un deseño máis económico, custa 300.000 euros e é capaz de producir 4 unidades de P_1 e 30 unidades de P_2 por día. Debido ao proceso de deseño, é necesario ter polo menos 4 cámaras de cada tipo na planta. ¿Cantas cámaras de cada tipo deben incluírse para minimizar o custo e aínda así satisfacer o programa de produción requerido? Formula o sistema de inecuacións asociado ao problema. Representa a rexión factible e calcula os seus vértices.

BLOQUE DE ANÁLISE (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. Para un programa de axuda estímase que o número de beneficiarios *n* (en miles) durante os próximos *t* anos, axustarase á función $n(t) = \frac{1}{3}t^3 - \frac{9}{2}t^2 + 18t, \quad 0 \le t \le 9$.

(*a*) Representa a gráfica da función, estudando intervalos de crecemento e de decrecemento, máximos e mínimos (absolutos e relativos) e punto de inflexión. ¿En que ano será máximo o número de beneficiarios?, ¿cal é dito número?
(*b*) Un segundo programa para o mesmo tipo de axuda, estima que para os próximos *t* anos, o número de beneficiarios (en miles) será $m(t) = \frac{9}{2}t, \quad 0 \le t \le 9$. ¿Nalgún ano o número de beneficiarios será o mesmo con ámbolos programas? ¿En que intervalo de tempo o primeiro programa beneficiará a máis persoas que o segundo?

Exercicio 2. Un modelo para os custos de almacenamento e envío de materiais para un proceso de manufactura, ven dado pola función $C(x) = 100\left(100 + 9x + \frac{144}{x}\right)$, $1 \le x \le 100$, sendo $C(x)$ o custo total (en euros) de almacenamento e transporte e *x* a carga (en toneladas) de material.

(*a*) Calcula o custo total para unha carga dunha tonelada e para unha carga de 100 toneladas de material. (*b*) ¿Qué cantidade *x* de toneladas de material producen un custo total mínimo? Xustifica a resposta e calcula dito custo mínimo. (*c*) Se deciden non admitir custos de almacenamento e envío superiores ou iguales a 75000 euros, ¿ata que carga de material poderían mover?

BLOQUE DE ESTATÍSTICA (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. A táboa seguinte mostra o número de defuncións por grupo de idade e sexo nunha mostra de 500 falecementos de certa rexión

	GRUPO DE IDADE (anos)			
	0 – 10 (*D*)	11 – 30 (*T*)	30 – 50 (*C*)	*Maior de* 50 (*V*)
Homes (*H*)	200	20	25	60
Mulleres (*M*)	120	15	20	40

(*a*) Describe cada un dos seguintes sucesos e calcula as súas probabilidades: *i*) $H \cup T$, *ii*) $M \cap (T \cup V)$, *iii*) $\overline{T} \cap \overline{H}$

(*b*) Calcula a porcentaxe de falecementos con respecto ao sexo. (*c*) No rango de idade de máis de 50 anos, ¿cal é a porcentaxe de homes falecidos?, ¿é maior ou menor que a de mulleres nese mesmo rango de idade?

Exercicio 2. (*a*) A renda anual por familia para os residentes dun gran barrio, segue unha distribución $N(\mu, \sigma)$, sendo a renda media anual por familia, μ, 20000 euros. Coñecemos que, de 100 familias seleccionadas ao chou dese barrio, 67 teñen renda anual inferior a 20660 euros. ¿Cal é entón o valor da desviación típica σ?

(*b*) Se a renda anual por familia segue unha distribución $N(20000, 1500)$, calcula a porcentaxe de mostras de 36 familias cuxa renda media anual supere os 19500 euros.

(*c*) ¿Que número de familias teríamos que seleccionar, como mínimo, para garantir, có 99% de confianza, unha estimación da renda media anual por familia para todo o barrio, cun erro non superior a 300 euros?

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos.

BLOQUE DE ÁLXEBRA (*Puntuación máxima 3 puntos*)

Exercicio 1. Considera as matrices A, B, C e D seguintes:

$$A=\begin{pmatrix} 0 & 2 & 1 \\ 1 & 0 & 0 \\ 0 & -1 & 0 \end{pmatrix} \quad B=\begin{pmatrix} -2x \\ 4 \\ y \end{pmatrix} \quad C=\begin{pmatrix} 1 & 1 \\ 3 & 0 \\ 1 & 2 \end{pmatrix} \quad D=\begin{pmatrix} y \\ z \end{pmatrix}$$

(a) Calcula a inversa da matriz A. (b) Calcula a matriz $C \cdot D - B$. ¿Cal é a súa orde?

(c) Determina os valores de x, y, z que satisfan a identidade $A^{-1} \cdot B = C \cdot D - B$

Exercicio 2. Un oleiro elabora dous tipos de pezas: porróns e olas, en cantidades reducidas. Sabe que non pode producir máis de 8 pezas diarias nin tampouco máis de 4 olas diarias. Tamén, por motivos de produción, desexa que o número de porróns non supere ao número de olas en máis de dúas pezas. Se obtén un beneficio de 6 euros por cada porrón e de 4 euros por cada ola, ¿cantas pezas de cada tipo deberá elaborar cada día para obter un beneficio máximo?, ¿cal será este beneficio? Representar graficamente a rexión factible e calcular os seus vértices.

BLOQUE DE ANÁLISE (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. Un individuo investiu en accións de certa compañía durante os últimos 12 meses. O valor V do seu investimento, en euros, no transcurso de t meses estímase pola función $V(t) = -2t^3 + 9t^2 + 240t + 1200$, sendo $0 \leq t \leq 12$.

(a) ¿Canto investiu inicialmente? (b) ¿Entre que meses o valor do seu investimento creceu? ¿e entre cales decreceu?

(c) O individuo vende as súas accións transcorridos os 12 meses, ¿cal tería sido realmente o mellor momento para facelo? ¿Canto perde por non telas vendido no momento óptimo? (d) Utilizando os resultados dos apartados anteriores representa graficamente a función, calculando ademais o punto de inflexión.

Exercicio 2. Unha organización humanitaria planea unha campaña para recadar fondos nunha cidade. Sábese, por experiencias anteriores, que a porcentaxe P de habitantes da cidade que fará un donativo é unha función do número de días t que dure a campaña, estimada por $P(t) = 40\left(1 - e^{-0{,}05t}\right)$, $t \geq 0$.

(a) ¿Que porcentaxe de habitantes da cidade fará un donativo despois de 10 días de iniciada a campaña? ¿E despois de 20 días? (b) Calcula o ritmo de cambio, $P'(t)$, da porcentaxe de doantes con respecto aos días de campaña transcorridos. ¿É a función $P(t)$ crecente ou decrecente? (c) Calcula o $\lim_{t\to+\infty} P(t)$. ¿Supérase nalgún día o 40% de doantes?

(d) Se a cidade ten 100000 habitantes e se cada doante contribúe con 2 euros, calcula o total que se terá recadado ao cabo de 20 días.

BLOQUE DE ESTATÍSTICA (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. Unha empresa quere comercializar unha ferramenta eléctrica para a construción e polo tanto é probada por 3 de cada 5 traballadores do sector. Dos que a probaron, o 70% dá unha opinión favorable, o 5% dá unha opinión desfavorable e o resto opina que lle é indiferente. Dos que non probaron a ferramenta, o 60% dá unha opinión favorable, o 30% opina que lle é indiferente e o resto dá unha opinión desfavorable.
Sábese que a empresa comercializará a ferramenta se ao menos o 65% dos traballadores do sector dá unha opinión favorable.
(a) Se un traballador elexido ao chou dá unha opinión desfavorable, ¿cal é a probabilidade de que probara a ferramenta? (b) ¿Que porcentaxe de traballadores dá unha opinión favorable? ¿Comercializará a empresa a ferramenta? Razoa a resposta. (c) Calcula a porcentaxe de traballadores que proba a ferramenta e opina que lle é indiferente.

Exercicio 2. Un deseñador industrial desexa estimar o tempo medio que tarda un adulto en ensamblar un certo tipo de xoguete. Por experiencias previas coñece que a variable tempo de ensamblaxe segue unha distribución normal, con media μ e desviación típica $\sigma = 5$ minutos.

(a) Seleccionada ao chou unha mostra de 64 adultos a súa media resultou ser de 20 minutos. ¿Entre que valores se atopa o tempo medio real de ensamblaxe, cunha confianza do 95%? (b) Supoñamos que $\mu = 20$ minutos. Por razóns comerciais decide que cambiará o modelo de xoguete se o tempo medio de ensamblaxe, en mostras de 64 adultos, é superior a 21 minutos, ¿con que probabilidade tomará esa decisión? (c) Calcula cantos adultos deberá seleccionar, como mínimo, para garantir, cun 95% de confianza, unha estimación de dito tempo medio cun error máximo non superior a un minuto.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

O alumnado debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responder os dous, será cualificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

– *Calcular a inversa da matriz A*, $A^{-1} = \begin{pmatrix} 1 & 0 & 0 \\ 1 & 1 & 0 \\ 1 & 0 & 1 \end{pmatrix}$ **1,25 puntos**. – *Calcular* $A^{-1} \cdot B = \begin{pmatrix} 1 \\ 2 \\ 1 \end{pmatrix}$ **0,25 puntos**.

– *Formulación do sistema de ecuacións* $\begin{cases} x+y+z=2 \\ 2x-y-z=7 \\ x+2y+5z=4 \end{cases}$ **0,75 puntos** (**0,25 puntos** por cada unha das ecuacións ben formulada).– *Resolución do sistema,* obtendo a solución $x = 3$, $y = -2$, $z = 1$ **0,75 puntos** (**0,25 puntos** por cada incógnita).

Exercicio 2.

Sexan "x" e "y" o número de cámaras de tipo A e de tipo B, respectivamente.

– *Formular o sistema de inecuacións:* $10x + 4y \geq 100$; $20x + 30y \geq 420$; $x \geq 4$; $y \geq 4$ **1 punto** (**0,25 puntos** por cada unha delas).

– *Función obxectivo* $f(x, y) = 600000x + 300000y$ **0,25 puntos**

– *Vértices da rexión factible* **0,75 puntos**, obter os tres vértices: A (4, 15); B (6, 10); C (15, 4) (**0,25 puntos** por cada un deles).

– *Representación gráfica da rexión factible* **0,75 puntos**:



– *Optimización*: a función obxectivo minimízase no vértice B (6, 10), entón deberían incluírse seis cámaras do tipo A e dez cámaras do tipo B para minimizar o custo **0,25 puntos**

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3,5 puntos).

Exercicio 1.

Sexa $n(t) = \frac{1}{3}t^3 - \frac{9}{2}t^2 + 18t, \quad 0 \leq t \leq 9$, o número de beneficiarios (en miles) durante os próximos t anos.

(a) **2,50 puntos:** *Intervalos de crecemento e de decrecemento*: **0,75 puntos**, detallados en:

– Calcular a derivada primeira da función $n'(t) = t^2 - 9t + 18$ **0,25 puntos**.

– Calculamos os puntos críticos $t^2 - 9t + 18 = 0 \Rightarrow \begin{cases} t = 3 \\ t = 6 \end{cases}$, e determinamos o signo da derivada primeira en cada un dos tres intervalos de proba

	(0, 3)	(3, 6)	(6, 9)
valor t	$t = 1$	$t = 4$	$t = 8$
signo $n'(t)$	$n'(1) > 0$	$n'(4) < 0$	$n'(8) > 0$

deducindo que nos intervalos (0, 3) e (6, 9) $n(t)$ é crecente **0,25 puntos**, e no intervalo (3, 6) $n(t)$ é decrecente **0,25 puntos**.

– *Máximos e mínimos* (absolutos e relativos): máximo relativo (3, 22,5) e máximo absoluto (9, 40,5) **0,25 puntos**. Mínimo relativo (6, 18) e mínimo absoluto (0, 0) **0,25 puntos**.

– *Punto de inflexión*: $n''(t) = 2t - 9$; $n''(t) = 0 \Rightarrow t = 9/2$

	(0, 9/2)	(9/2, 9)
valor t	$t = 1$	$t = 4$
signo $n''(t)$	$n''(1) < 0$	$n''(5) > 0$

No intervalo (0, 9/2) é cóncava para abaixo e no (9/2, 9) cóncava para arriba. Punto de inflexión (4,5, 20,25) **0,25 puntos**.

– *Número de beneficiarios máximo* = 40500 **0,25 puntos**.

– *Representación da función* $n(t)$ **0,75 puntos**:



(b) **1 punto**: Un segundo programa para o mesmo tipo de axuda vén dado por $m(t) = \frac{9}{2}t$, $0 \leq t \leq 9$, para saber se *nalgún ano o número de beneficiarios será o mesmo con ambos os programas* buscamos os valores de t para os que $n(t) = m(t)$, é dicir,

$$\frac{1}{3}t^3 - \frac{9}{2}t^2 + 18t = \frac{9}{2}t \Rightarrow t(2t^2 - 27t + 81) = 0 \Rightarrow \begin{cases} t = 0 \\ t = 4{,}5 \\ t = 9 \end{cases}.$$

Polo tanto, o número de beneficiarios coincide con ambos os programas, no instante inicial $t = 0$ **0,25**

puntos, no punto de inflexión $t = 4{,}5$ **0,25 puntos** e ao finalizar os programas $t = 9$ **0,25 puntos**.

– *O intervalo de tempo no que o primeiro programa beneficiará a máis persoas que o segundo*, é dicir $n(t) > m(t)$, será segundo a representación gráfica das dúas funcións o intervalo (0, 4.5), ou sexa, dende o instante inicial ata os catro anos e medio **0,25 puntos**.

Exercicio 2.

A función $C(x) = 100\left(100 + 9x + \frac{144}{x}\right)$, $1 \leq x \leq 100$, expresa o custo total (en euros) de almacenamento e transporte e x a carga (en toneladas) de material.

(a) **0,50 puntos**: – Polo *custo total para unha carga dunha tonelada* $C(1) = 25300$ euros **0,25 puntos**. – Polo *custo total para unha carga de 100 toneladas* $C(100) = 100144$ euros **0,25 puntos**.

(b) **1,75 puntos**: Determinar a *derivada da función custo total* $C'(x) = 100\left(9 - \frac{144}{x^2}\right)$ **0,75 puntos**.

– Calcular os puntos críticos $C'(x) = 0 \Leftrightarrow \frac{144}{x^2} = 9 \Leftrightarrow x^2 = 16 \Rightarrow x = 4$ (solución válida) **0,25 puntos**.

– *Xustificar* que en $t = 4$ hai un mínimo absoluto, calculando $C''(x) = \frac{28800}{x^3}$, $C''(4) > 0$ e tendo en conta os resultados de $C(1)$ e $C(100)$ obtidos no apartado primeiro, resultando que *para 4 toneladas de material o custo total é mínimo* **0,50 puntos**.

– *Calcular o custo mínimo* $C_{min} = C(4) = 17200$ euros **0,25 puntos**.

(c) **1,25 puntos**: Se deciden non admitir custos de almacenamento e envío superiores ou iguais a 75000 euros, ¿ata que carga de material poderían mover?, é dicir, para que valores de x é $C(x) < 75000$

– *Formular a inecuación* $100\left(100 + 9x + \frac{144}{x}\right) < 75000$ **0,25 puntos**. *Resolvemos* a correspondente ecuación de maneira que operando e simplificando resulta $9x^2 - 650x + 144 = 0 \Rightarrow \begin{cases} x = 2/9 \\ x = 72 \end{cases}$.

A solución $x = 2/9$ non é válida porque $x \geq 1$. Logo a solución é $x = 72$ **0,75 puntos**. "Poderían mover menos de 72 toneladas de material para que o custo non supere os 75000 euros". Solución: $1 \leq x < 72$ **0,25 puntos**.

ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3,5 puntos).

Exercicio 1. Completamos os totais por filas e columnas na táboa dada para unha mostra de 500 falecementos, por grupo de idade e sexo

	GRUPO DE IDADE (anos)				
	0 – 10 (D)	11 – 30 (T)	31 – 50 (C)	*Maior de* 50 (V)	
Homes (H)	200	20	25	60	305
Mulleres (M)	120	15	20	40	195
	320	35	45	100	500

(a) **1,50 puntos**: Describimos os sucesos pedidos e calculamos as súas probabilidades,

i) $H \cup T$: son *os homes falecidos ou ben os falecementos no grupo de idade de 11 a 30 anos.* **0,25 puntos**.

$-P(H \cup T) = P(H) + P(T) - P(H \cap T) = \frac{305}{500} + \frac{35}{500} - \frac{20}{500} = 0{,}64$

0,25 puntos.

ii) $M \cap (T \cup V)$: *mulleres falecidas e ou ben son do grupo de idade de 11-30 anos ou ben son maiores de 50 anos*. **0,25 puntos**.

$- P(M \cap (T \cup V)) = \frac{15+40}{500} = 0{,}11$ **0,25 puntos**.

iii) $\overline{T} \cap \overline{H}$: *mulleres falecidas e que non están no grupo de idade de 11 a 30 anos.* **0,25 puntos**.

$- P(\overline{T} \cap \overline{H}) = \frac{120+20+40}{500} = 0{,}36$ **0,25 puntos**.

(b) **1 punto**: Pide a *porcentaxe de falecementos con respecto ao sexo*, calculamos ou ben $P(H) = \frac{305}{500} = 0{,}61$ ou ben $P(M) = \frac{195}{500} = 0{,}39$ **0,75 puntos**.

O 61% dos falecidos (nesa mostra) son homes e o 39% son mulleres **0,25 puntos**.

(c) **1 punto**: No rango de idade de máis de 50 anos, ¿cal é a porcentaxe de homes falecidos?

Formulación $P(H/V)$ **0,25 puntos**. *Calculamos cos valores da táboa* $P(H/V) = \frac{60}{100} = 0{,}60$ **0,25 puntos**.

"No rango de idade de máis de 50 anos falece o 60% de homes" (polo tanto o 40% de mulleres) **0,25 puntos**.

¿É maior ou menor que a de mulleres nese mesmo rango de idade? De acordo cos resultados anteriores, concluímos que "no rango de maiores de 50 anos é maior a porcentaxe de homes falecidos" **0,25 puntos**.

Exercicio 2.

(a) **1 punto**: Sexa *"X* = renda anual (en euros) para unha familia do barrio ". $X : N(\mu = 20000, \sigma)$

Coñecemos que, de 100 familias seleccionadas ao chou dese barrio, 67 teñen renda anual inferior a 20660 euros e pregunta cal é o valor da desviación típica σ. Para iso *formulamos a condición dada no enunciado* mediante a correspondente probabilidade:

$- P(X < 20660) = 0{,}67$ **0,25 puntos**. – *Tipificación* $P\left(Z < \frac{20660-20000}{\sigma}\right) = 0{,}67$ **0,25 puntos**.

– *Uso das táboas* $\frac{660}{\sigma} = 0{,}44$ **0,25 puntos**.– *Cálculo de* $\sigma = 1500$ euros **0,25 puntos**.

(b) **1,25 puntos**: Se $X : N(20000,1500)$ pregunta a porcentaxe de mostras de 36 familias cuxa renda media anual supere os 19500 euros. Entón faremos o seguinte:

–*Determinar a distribución* de $\overline{X}$, $\overline{X}: N\left(\mu = 20000, \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 250\right)$ **0,25 puntos**.– *Formular a probabilidade* pedida:

$P(\bar{X} > 19500)$ **0,25 puntos**. – *Tipificación*: $P(\bar{X} > 19500) = P\left(Z > \frac{19500-20000}{250}\right) = P(Z > -2)$ **0,25 puntos**.
– *Cálculo da probabilidade*: $P(Z > -2) = P(Z < 2) = 0{,}9772$ **0,25 puntos**.

– *Porcentaxe pedida*: "O 97,72% das mostras de 36 familias teñen renda media anual superior aos 19500 euros" **0,25 puntos**.

(*c*) **1,25 puntos**: Pregunta o número de familias que teriamos que seleccionar, como mínimo, para garantir, co 99% de confianza, unha estimación da renda media anual por familia cun erro non superior a 300 euros, entón

– *Obter* $z_{\alpha/2} = z_{0{,}005} = 2{,}575$ **0,25 puntos**.– *Formulación:* $z_{\alpha/2} \cdot \frac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq E \Rightarrow 2{,}575 \cdot \frac{1500}{\sqrt{n}} \leq 300$ **0,50 puntos**.

– *Cálculo de n*, $n \geq 165{,}76$ **0,25 puntos**.– *Expresión do valor (e valores) enteiro de n*: "Teriamos que seleccionar mostras de 166 familias ou máis" **0,25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O alumnado debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responder os dous, será cualificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

(**0.25 puntos** por cada ecuación ben formulada)

– *Resolver o sistema,* por calquera método, obtendo a solución $a = 2$, $b = 1$, $c = -1$ **0.75 puntos**

(**0.25 puntos** por cada incógnita)

Exercicio 2.

Sexan "x" e "y" o número de pizzas tipo A e tipo B, respectivamente, que produce por día.

(a) **–** *Formular o sistema de inecuacións* **1 punto**

$\frac{1}{2}x + \frac{1}{2}y \leq 75; \quad \frac{1}{8}x + \frac{1}{4}y \leq 25; \quad x \geq 50; \quad y \geq 25$

(**0.25 puntos** por cada unha das catro inecuacións).

– *Vértices da rexión factible* **1 punto**, obter os catro vértices: $A(50, 25)$; $B(50, 75)$; $C(100, 50)$; $D(125, 25)$ (**0.25 puntos** por cada un deles).

– *Representación gráfica da rexión factible* **0.5 puntos**: debuxar as catro rectas e identificar a rexión do plano, $ABCD$, limitada por elas e polos catro vértices.



(c) **–** *Optimización*: a función obxectivo $f(x, y) = x + 1'5y$ maximízase no vértice $C(100, 50)$ **0.25 puntos**, entón debería fabricar diariamente 100 pizzas do tipo A e 50 pizzas do tipo B para obter un beneficio máximo diario de 175 euros **0.25 puntos**.

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3,5 puntos)

Exercicio 1.

(a) Se inicialmente a entidade se fundou con 50 socios, entón para $x = 0$, $f(0) = 50 \Rightarrow a = 50$ **0.5 puntos**.

(b) *Determinar en qué mes o número de socios foi máximo e en qué mes foi mínimo*

– No punto $x = 3$ a función presenta un máximo **0.5 puntos**. Xustificación do máximo **0.25 puntos**.

– No punto $x = 10$ a función presenta un mínimo **0.5 puntos**. Xustificación do mínimo **0.25 puntos**.

(A xustificación do máximo e do mínimo pode facerse representando a gráfica da función, ou ben co estudo do crecemento e decrecemento ou co estudo do signo da derivada segunda da función).



É importante subliñarmos que este apartado non se puntúa no caso de que só traballen as gráficas dos dous anacos definidos mediante parábolas con puntos obtidos a partir dunha táboa de valores.

"O número de socios foi máximo no terceiro mes e foi mínimo no décimo mes".

(c) *A entidade necesitaba máis de 47 socios para cubrir gastos, ¿en que meses tivo perdas?*

– Determinar o anaco da función que corresponde á desigualdade pedida **0.75 puntos**.

(Pódese facer representando a gráfica da función ou estudando o comportamento da función calculando os seus extremos e especificando que dous anacos van por riba de $y = 47$).

– *Resolver* $50 + (x - 8)(x - 12) \leq 47 \Rightarrow 9 \leq x \leq 11$, *indicando que entre o 9º e o 11º mes a entidade tivo perdas* **0.75 puntos**.

Exercicio 2.

Representar graficamente $f(x) = 2x^3 - 21x^2 + 60x + 20$, $0 \leq x \leq 7$, estudando:

– *Punto de corte co eixe y*: $(0, 20)$ **0.25 puntos**.

– *Intervalos de crecemento*: $(0, 2)$ **0.25 puntos** e $(5,7)$ **0.25 puntos**, de *decrecemento* $(2,5)$ **0.25 puntos**.

– *Intervalos de concavidade e convexidade*, no (0,3.5) é *cóncava para abaixo* (cóncava) **0.25 puntos**, e no (3.5,7) é *cóncava para arriba* (convexa) **0.25 puntos**.



– *Representación gráfica*: **0.75 puntos**.

– *Ás 14 horas e ás 19 horas preséntanse os máximos (relativo e absoluto, respectivamente) na velocidade do tráfico* **0.5 puntos** (**0.25 puntos** cada resultado).

– *Ás 12 horas e ás 17 horas preséntanse os mínimos (absoluto e relativo, respectivamente) na velocidade do tráfico* **0.5 puntos** (**0.25 puntos** cada resultado).

– *Ás 15 h:30 min hai un punto de inflexión para a velocidade do tráfico* **0.25 puntos**.

ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3,5 puntos)

Exercicio 1.

Sexan os sucesos *"H: un habitante desa cidade é home", "M: un habitante desa cidade é muller", "E : un habitante desa cidade está enfermo".*

Segundo o enunciado, se un 4% dos habitantes son homes e están enfermos, entón $P(H \cap E) = 0.04$; e se un 3% son mulleres e están enfermas, $P(M \cap E) = 0.03$

(a) Se nos din que nesa cidade hai dobre número de homes que de mulleres, a *probabilidade pedida* é $P(H) = 2/3$ $(P(M) = 1/3)$ **0.5 puntos**.

(b) *Formulación do enunciado:* $P(E / H)$: **0.5 puntos**.

– *Pola fórmula da probabilidade condicionada*

$P(E / H) = \dfrac{P(E \cap H)}{P(H)}$ **0.5 puntos**.

– Identificar as probabilidades do enunciado do exercicio na fórmula anterior e chegar ó resultado $P(E / H) = 0.06$ **0.5 puntos**.

(c) *Formulación do enunciado:* $P(M \cup \bar{E})$ **0.25 puntos**.

– *Pola fórmula da probabilidade da unión:* $P(M \cup \bar{E}) = P(M) + P(\bar{E}) - P(M \cap \bar{E})$ **0.25 puntos**.

– *Cálculo de* $P(\bar{E})$, $P(\bar{E}) = 1 - P(E) = 1 - (P(M \cap E) + P(H \cap E)) = 1 - (0.04 + 0.03) = 0.93$ **0.5 puntos**.

– *Cálculo de* $P(M \cap \bar{E}) = P(M) - P(E \cap M) = \dfrac{1}{3} - 0.03 = \dfrac{0{,}91}{3}$ **0.5 puntos**.

– Substituíndo estes resultados, resulta $P(M \cup \bar{E}) = 0.96$

(Este exercicio poden resolvelo mediante táboas, diagrama de árbore,…).

Exercicio 2.

Sexa *"X* = gasto mensual (en euros) en electricidade dunha familia*"* X: $N(\mu, \sigma = 25)$.

(a) A partir dunha mostra de $n = 100$ familias obtívose o intervalo de confianza (45, 55) para μ. Determinar 1–α

– *Formular* $P\left(\bar{X} - z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq \mu \leq \bar{X} + z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}}\right) = 1 - \alpha$

e chegar a obter a ecuación $z_{a/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 5$ **1 punto**, repartido en **0.5 puntos** pola expresión da fórmula + **0.5 puntos** por calcular o raio do intervalo: ben facendo $\bar{X} - z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 45$; $\bar{X} + z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 55$, e resolvendo o sistema obteríase que o valor particular da media para esa mostra é $\bar{x} = 50$ (gasto medio en electricidade de 50 euros por mes) e que o raio do intervalo é $z_{a/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 5$; ou ben, calculando o raio como a metade da amplitude do intervalo de confianza dado $z_{a/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = \dfrac{10}{2} = 5$.

–*Resolver a ecuación* $z_{a/2}\dfrac{25}{\sqrt{100}} = 5$ para obter que $z_{a/2} = 2$ **0.5 puntos**.

– *Calcular o valor de* 1-α/2 nas táboas, 1-α/2 = 0.9772 **0.25 puntos**.

– *Determinar o nivel de confianza* pedido 1-α = 0.9544 **0.25 puntos**.

(b) *Formular a inecuación correspondente ao error pedido:* $z_{a/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq 3$ **0.5 puntos**.

– *Calcular* $z_{a/2} = z_{0.005} = 2.575$ **0.25 puntos**.

– *Cálculo de "n" na desigualdade*: $2.575 \cdot \dfrac{25}{\sqrt{n}} \leq 3$, obtendo $n \geq 460.46$ **0.75 puntos**.

– *Conclusión: Deberíamos tomar mostras de polo menos 461 familias, para garantir, cun nivel do 99% de confianza, unha estimación do gasto medio en electricidade por familia cun erro máximo non superior a 3 euros.* (Convén observar que se restan 0.25 puntos se non escriben o número de familias como un número enteiro)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos)

Exercicio 1.

– *Formulando matricialmente* o enunciado do exercicio,

$$\begin{pmatrix} x & y & 4 \\ 25 & x & z \\ 20 & y & z \end{pmatrix}\begin{pmatrix} 1200 \\ 300 \\ 650 \end{pmatrix}=\begin{pmatrix} 23600 \\ 39700 \\ 32200 \end{pmatrix}$$

e polas propiedades de multiplicación e igualdade de matrices chégase ao sistema:

$$\begin{cases} 1200x + 300y + 650\cdot 4 = 23600 \\ 1200\cdot 25 + 300x + 650z = 39700 \\ 1200\cdot 20 + 300y + 650z = 32200 \end{cases}$$

operando e simplificando: $\begin{cases} 4x + y = 70 \\ 6x + 13z = 194 \\ 6y + 13z = 164 \end{cases}$ **1.5 puntos**

(**0.5 puntos** por cada ecuación ben formulada)

– *Resolver o sistema,* por calquera método, obtendo a solución $x = 15$, $y = 10$, $z = 8$ **1.5 puntos** (**0.5 puntos** por cada incógnita).

Conclúese que: na tenda T_1 vendéronse nese mes 15 ordenadores, 10 impresoras e 4 cámaras dixitais; na tenda T_2 25 ordenadores, 15 impresoras e 8 cámaras dixitais; e na tenda T_3 20 ordenadores, 10 impresoras e 8 cámaras dixitais.

Exercicio 2.

(a) **–** *Representación das rectas* **0.75 puntos** (**0.25 puntos** por cada unha delas)

– *Vértices da rexión factible* **0.75 puntos**, obter os tres vértices: *A* (6, 3); *B* (12, 4); *C* (2, 9) (**0.25 puntos** por cada un deles).

– *Identificación da rexión factible* **1 punto**: debuxar as rectas e identificar a rexión do plano *ABC* limitada por elas e polos tres vértices.



(c)– *Optimización*: a función obxectivo $f(x, y) = 4x + y$ maximízase no vértice *B* (12, 4) **0.5 puntos**.

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3.5 puntos).

Exercicio 1.

(a) *Intervalos de crecemento e decrecemento. Rendemento máximo.* **2 puntos**, repartidos en

– *Intervalo de crecemento* (0,3) **0.5 puntos**.
Intervalos de decrecemento (3,4) **0.5 puntos** e (6,8) **0.5 puntos**.

– *O rendemento máximo acadouse ás t = 3 horas de iniciada a xornada e foi* $r_{máx} = r(3) = 90$, é dicir do 90% **0.5 puntos**.

(b) Para calcular os instantes da súa xornada laboral nos que o rendemento se sitúa na metade da escala, traballaremos cos dous anacos da gráfica da función que teñen intersección coa recta $r(t) = 50$:

– No intervalo (0,4):

$-10t^2 + 60t = 50 \Leftrightarrow t^2 - 6t + 5 = 0 \Rightarrow t = 1$

(a solución *t =5* non é válida) **0.75 puntos**.

– No intervalo (6,8): $170 - 15t = 50 \Rightarrow t = 8$ **0.75 puntos**.

Concluímos logo que na primeira e na última hora o rendemento dos traballadores sitúase na metade da escala.



Exercicio 2.

(a) *Obter a función beneficio* $B(x) = I(x) - C(x) = -x^2 + 124x - 2400$ **1 punto**.

– Para calcular entre qué valores deberá estar comprendido o número de unidades producidas diariamente para que a empresa non teña perdas, buscaremos os valores *x* que verifiquen $B(x) \geq 0$, así: $B(x) \geq 0 \Leftrightarrow -x^2 + 124x - 2400 \geq 0$, e resolvendo resulta $24 \leq x \leq 100$ **1 punto** (**0.5 puntos** pola resolución da ecuación e **0.5 puntos** pola expresión do intervalo).

(b) *Derivada da función*: $B'(x) = -2x + 124$ **0.5 puntos**.

– *Calcular o punto crítico*: $x = 62$ **0.25 puntos**.

– *Xustificar que é un máximo*: $B''(62) = -2 < 0$ **0.25 puntos**.

– *Cálculo do beneficio máximo*: $B_{máx} = B(62) = 1444$, de maneira, *que producindo diariamente 62 unidades do produto terá un beneficio máximo de 1444 euros diarios* **0.5 puntos**.



ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3.5 puntos)

Exercicio 1.

Sexan os sucesos *"H: unha persoa en idade laboral é home", "M: unha persoa en idade laboral é muller", "A : unha persoa en idade laboral está no paro".*

Segundo o enunciado $P(H) = 0.55$; $P(A/H) = 0.12$; $P(A/M) = 0.23$

(a) *Formulación do enunciado:* $P(H \cap \bar{A})$ **0.25 puntos**.

– *Cálculo da probabilidade anterior:* $P(H \cap \bar{A}) = P(H) - P(H \cap A) = P(H) - P(H) \cdot P(A/H)$ **0.5 puntos**.

– *Resultado final*: $P(H \cap \bar{A}) = 0.55 - 0.55 \cdot 0.12 = 0.484$ **0.25 puntos**.

(b) *Formulación do enunciado:* $P(M \cap A)$: **0.25 puntos**.

–*Pola fórmula da probabilidade anterior:* $P(M \cap A) = P(M) \cdot P(A/M)$ **0.5 puntos**.

– *Resultado final:* $P(M \cap A) = 0.1035$ **0.25 puntos**.

(c) *Formular o enunciado e o teorema das probabilidades totais:* $P(A) = P(H \cap A) + P(M \cap A)$ **0.75 puntos**.

– *Cálculos precisos para chegar ao resultado:* $P(A) = 0.066 + 0.1035 = 0.1695$ **0.5 puntos**.

– *Porcentaxe pedida: "O 16´95% dos habitantes desa cidade en idade laboral está no paro"* **0.25 puntos**.

(Este exercicio poden resolvelo mediante táboas, diagrama de árbore,…).

Exercicio 2.

Sexa *"X* = cm de altura dun individuo da poboación*"* $X : N(\mu, \sigma = 10)$.

(a) Se nos dan o dato de que a media de poboación $\mu = 172$ cm e se $\bar{X}$ é a media dunha mostra de 64 persoas,

– *Determinar a distribución de* $\bar{X}$ e chegar a que: $\bar{X} : N\left(\mu = 172, \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 1.25\right)$ **0.5 puntos**.

– *Formular a probabilidade pedida:* $P(171 \leq \bar{X} \leq 173)$ **0.25 puntos**.

– *Tipificación:* $P(-0.8 \leq Z \leq 0.8)$ **0.25 puntos**.

– *Transformar para poder facer uso da táboa e resultado final*: $2P(Z \leq 0.8) - 1 = 0.5762$ **0.25 puntos**.

(b) Se a media dunha mostra de 64 persoas é de 173.5 cm,

– *Calcular* $z_{a/2} = 2.575$ **0.25 puntos**.

– *Formular o intervalo*:

$$P\left(\bar{X} - z_{\alpha/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq \mu \leq \bar{X} + z_{\alpha/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}}\right) = 1 - \alpha,$$

e calcular o erro máximo cometido na estimación: $z_{a/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 2.575\frac{10}{\sqrt{64}} = 3.218$ **0.5 puntos**.

– *Calcular numericamente os extremos do intervalo:* (170.28, 176.71) e concluír que: *"Espérase, cunha confianza do 99% , que a altura media dos individuos desa poboación estea comprendida entre 170.28 cm e 176.71 cm, cun erro máximo na estimación de 3.218 cm."* **0.5 puntos**.

(c) *Formular a inecuación correspondente ao error pedido:* $z_{a/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}} < 2$ **0.5 puntos**.

– *Cálculo de "n" na desigualdade*: $1.96 \cdot \frac{10}{\sqrt{n}} < 2$, obtendo $n > 96.04$ **0.25 puntos**.

– *Conclusión: "Deberíamos tomar mostras de polo menos 97 persoas, para garantir, cun nivel do 95% de confianza, unha estimación da altura media da poboación cun erro máximo menor de 2 cm."* **0.25 puntos**.

CiUG — COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	**PAAU (LOXSE)** **XUÑO 2006**	**Código: 61**

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos.

BLOQUE DE ÁLXEBRA (*Puntuación máxima 3 puntos*)

Exercicio 1. Determinar a matriz X na seguinte ecuación matricial $A^2X = \frac{1}{2}(A + B \cdot C)$, sendo

$$A = \begin{pmatrix} 2 & 1 \\ 0 & 1 \end{pmatrix} \quad A = \begin{pmatrix} 1 & 1 & 3 \\ -1 & 3 & 1 \end{pmatrix} \quad C = \begin{pmatrix} -1 & 3 \\ 1 & 1 \\ 6 & 2 \end{pmatrix}$$

Exercicio 2. Un granxeiro dispón dun máximo de 45 hectáreas nas que quere sementar dous tipos de cultivo A e B, esperando obter un beneficio de 120 € por hectárea de A e 180 € por hectárea de B. Calcula que vai ter como máximo 600 horas de traballo dispoñibles durante a estación de sementeira e que vai precisar de 10 horas por hectárea de A e 40 horas por hectárea de B. Ademais, o tipo de cultivo esixe que as hectáreas dedicadas ó cultivo tipo B non superen ás do tipo A.

(a) Formular o sistema de inecuacións asociado ó enunciado. (b) Debuxar a rexión factible e calcular os seus vértices. (c) ¿Cantas hectáreas debe sementar de cada tipo de cultivo para maximizar o beneficio? Calcular dito beneficio máximo.

BLOQUE DE ANÁLISE (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. A función f definida por $f(x) = x^3 + ax^2 + bx + c$ verifica que a súa gráfica pasa polo punto (–1, 0) e ten un máximo relativo no punto (0, 4).

(a) Determinar a función f (calculando a, b e c).

(b) Representar graficamente a función $f(x) = x^3 - 3x^2 + 4$ estudando: intervalos de crecemento e decrecemento, mínimo relativo, intervalos de concavidade e convexidade e punto de inflexión.

Exercicio 2. Nun hospital o número N de persoas afectadas por unha certa infección vírica, despois de t semanas, vén dado pola función

$$N(t) = \frac{350\,t}{2\,t^2 + kt + 8} \quad \text{sendo } t \geq 0.$$

(a) Sábese que o número de persoas afectadas ó cabo de 1 semana foi 50, calcúlese o valor de k.

(b) Para o valor de $k = -3$, calcular o máximo de persoas afectadas e a semana en que ocorre, ¿a partir de que momento, despois de acadar o valor máximo, o número de persoas afectadas é menor que 25?

BLOQUE DE ESTATÍSTICA (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. Unha investigación de mercado de 800 persoas revelou os seguintes feitos sobre a capacidade de lembrar un anuncio televisivo dun produto en particular e a adquisición de dito produto:

	Lembran o anuncio	*Non lembran o anuncio*
Mercan o produto	160	80
Non mercan o produto	240	320

(a) Calcular a probabilidade de que unha persoa lembre o anuncio ou merque o produto.
(b) Se unha persoa lembra o anuncio do produto, ¿que probabilidade hai de que o merque?
(c) ¿O feito de mercar o produto depende ou non de lembrar o anuncio? Xustifíquese a resposta.

Exercicio 2. (a) O soldo, en euros, dos empregados dunha fábrica segue unha distribución normal de media μ=1500 euros e desviación típica σ= 400 euros. Elíxese ó chou unha mostra de 25 empregados desa fábrica, ¿cal é a probabilidade de que a media dos seus soldos estea comprendida entre 1420 e 1600 euros?

(b) Se só coñecemos a desviación típica σ=400 euros e descoñecemos a media μ dos soldos dos empregados desa fábrica, ¿que tamaño de mostra deberiamos tomar para estimar μ cun nivel de confianza do 95% se se admite un erro máximo de 100 euros?

CiUG	PAAU (LOXSE)	Código: 61
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA	SETEMBRO 2006	

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos.

BLOQUE DE ÁLXEBRA (*Puntuación máxima 3 puntos*)

Exercicio 1. Dada a ecuación matricial $X \cdot A + B^t = 2X$, sendo B^t a matriz trasposta de B e

$$A = \begin{pmatrix} 1 & 0 & 0 \\ 0 & 3 & 1 \\ 0 & 0 & 1 \end{pmatrix}, \quad B = \begin{pmatrix} -1 & 1 & -1 \\ 0 & -1 & 1 \\ 1 & -1 & 0 \end{pmatrix}$$

(a) Despexar a matriz X (b) Acha-la matriz inversa de A -2I, sendo I a matriz identidade de orde 3.
(c) Resolver a ecuación matricial.

Exercicio 2. Unha explotación madeireira dedicada á plantación e recolección de piñeiros e eucaliptos decide repoboar un dos seus montes. Segundo un estudo dos técnicos, para que sexa rendible a explotación hanse de plantar entre 2 e 15 hectáreas de piñeiros e entre 6 e 25 hectáreas de eucaliptos. Ademais, o custo por hectárea de piñeiros é de 500 euros e o custo por hectárea de eucaliptos é de 300 euros, contando cun presuposto máximo de 12000 euros para a explotación en proxecto. Trala colleita da madeira os ingresos obtidos son de 2200 euros por cada hectárea de piñeiros e de 1500 euros por cada hectárea de eucaliptos.
¿Cantas hectáreas de piñeiros e de eucaliptos se deberían repoboar para obte-lo máximo beneficio? ¿a canto ascende dito beneficio? (a) Exprésense a función obxectivo e as restricións do problema. (b) Represéntese graficamente a rexión factible e calcúlense os vértices da mesma. (c) Resólvase o problema.

BLOQUE DE ANÁLISE (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. A cantidade de auga (en hm^3) dun encoro durante o último ano vén dada pola función

$$C(t) = \frac{210000}{(2t - k)^2 + 6}, \quad 0 \le t \le 12$$

onde t é o tempo transcorrido en meses.

(a) Determinar o valor do parámetro k tendo en conta que a cantidade máxima de auga acadouna ó cuarto mes.

(b) Para o valor de k = 8, determina-los períodos nos que a cantidade de auga aumentou e nos que diminuíu. ¿A partir de que mes a cantidade de auga foi inferior a 1400 hm^3?

Exercicio 2. Un vendedor de pólizas de seguros ten un soldo fixo mensual de 1000 euros, máis unha comisión que ven dada pola función $17x - 0{,}0025x^3$, onde x representa o número de pólizas vendidas.

Se o vendedor ten mensualmente un gasto xeral de 200 euros, máis outro de 5 euros por póliza contratada, calcular o número de pólizas que debe contratar mensualmente para que a súa ganancia sexa máxima, ¿a canto ascende dita ganancia?

BLOQUE DE ESTATÍSTICA (*Puntuación máxima 3,5 puntos*)

Exercicio 1. Nun estudo feito en certo IES, no que se imparte a ESO e o Bacharelato, recolléronse os seguintes datos:

– O 60% dos alumnos son mulleres.
– O 15% dos homes estudan Bacharelato.
– O 20% das mulleres estudan Bacharelato.
– O 30% das mulleres que estudan Bacharelato elixen a opción de letras.

(a) Calcula-la probabilidade de que un alumno dese IES, elixido ó chou, sexa muller, estude Bacharelato e curse a opción de letras. (b) ¿Que porcentaxe do alumnado estuda Bacharelato? (c) ¿Que porcentaxe dos estudantes de Bacharelato son homes?

Exercicio 2. Un fabricante de lámpadas de baixo consumo sabe que o tempo de duración, en horas, das lámpadas que fabrica segue unha distribución normal de media descoñecida e desviación típica 180 horas. Cunha mostra de ditas lámpadas, elixida ó chou, e un nivel de confianza do 97%, obtivo para a media o intervalo de confianza (10072´1, 10127´9).
(a) Calcular o valor que obtivo para a media da mostra e o tamaño de mostra utilizado.
(b) Se se quere que o erro da súa estimación sexa como máximo de 24 horas e se utiliza unha mostra de tamaño 225, ¿cal será entón o nivel de confianza?

CONVOCATORIA DE XUÑO

O alumno debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responde-los dous, será calificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

– *Despexa-la X* e obter: $X = \frac{1}{2}\ (A^2)^{-1}\ (A + B \cdot C)$

0´5 puntos.

– *Calcular* $A^2 = \begin{pmatrix} 4 & 3 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

– *Calcula-la inversa de* A^2, $(A^2)^{-1} = \begin{pmatrix} 1/4 & -3/4 \\ 0 & 1 \end{pmatrix}$

1 punto.

– *Calcular* $B \cdot C = \begin{pmatrix} 12 & 8 \\ 10 & 2 \end{pmatrix}$ **0´5 puntos**.

– *Cálculo de* $A + B \cdot C = \begin{pmatrix} 14 & 9 \\ 10 & 3 \end{pmatrix}$ **0´25 puntos**.

– *Obter a X pedida* $X = \begin{pmatrix} -2 & 0 \\ 5 & 3/2 \end{pmatrix}$ **0´5 puntos**.

Exercicio 2.

Sexan "*x*" e "*y*" as hectáreas sembradas con cultivo tipo *A* e tipo *B*, respectivamente.

(a) *Formular o sistema de inecuacións*:

$10x + 40y \leq 600;\ x + y \leq 45;\ y \leq x;\ y \geq 0$

0´25 puntos por cada unha delas.

(b) *Vértices da rexión factible*:

Polos vértices (0, 0) e (45, 0) **0´25 puntos.**

Polos (40, 5) e (12, 12) **0´5 puntos**.

- *Representación gráfica da rexión factible:* **0´75 puntos:** debuxar as catro rectas e a rexión do plano limitada por elas e polos catro vértices.

(c) *Optimización*: A función obxectivo $f(x, y) = 120x + 180y$ maximízase no vértice (40, 5) **0´25 puntos**, logo debería sembrar 40 hectáreas con cultivo tipo *A* e 5 hectáreas con cultivo tipo *B* para obter un beneficio máximo de 5700 euros **0´25 puntos**.

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

(a) *Calcular* "*a*", "*b*" e "*c*" *na función*

$f(x) = x^3 + ax^2 + bx + c$

– Por ter un máximo no punto "0":

$f'(0) = 0 \Leftrightarrow b = 0$ **0´5 puntos**.

– Por pasar a función polo punto (0, 4):

$f(0) = 4 \Leftrightarrow c = 4$ **0´25 puntos**.

– Por pasa-la función polo punto (–1, 0):

$f(-1) = 0 \Leftrightarrow a = -3$ **0´25 puntos**.

(b) *Representar a función* $f(x) = x^3 - 3x^2 + 4$:

– Intervalos: de *crecemento* $(-\infty, 0) \cup (2, +\infty)$ **0´5 puntos**, de *decrecemento* (0, 2) **0´25 puntos**.

– *Mínimo* relativo no punto (2, 0) **0´25 puntos**.

– No intervalo $(-\infty, 1)$ é *cóncava hacia abaixo* (cóncava) **0´25 puntos**, e no $(1, +\infty)$ é *cóncava hacia arriba* (convexa) **0´25 puntos**. *Punto de inflexión* no (1, 2) **0´25 puntos**.

– *Representación gráfica*: **0´75 puntos**.

Exercicio 2.

(a) *Expresar* $N(1) = 50$ e obter $50 = \dfrac{350}{2 + k + 8}$ **0´5 puntos**. *Calcular* $k = -3$ **0´25 puntos**.

(b) *Calcular a derivada*: $N'(t) = \dfrac{700(4-t^2)}{(2t^2 - 3t + 8)^2}$

1 punto.

– *Chegar a obter que na segunda semana se presenta o máximo* **0´5 puntos**.

– *Comprobar que é máximo* **0´25 puntos**.

– *Obter* que *o máximo de persoas afectadas* é 70

0´25 puntos.

– *Formular a inecuación* $\dfrac{350t}{2t^2 - 3t + 8} < 25$

0´25 puntos.

– *Resolver* $2t^2 - 17t + 8 > 0$ obtendo $t > 8$ **0´25 puntos** e concluir que a partir da oitava semana o número de persoas afectadas foi menor que 25 (a solución $0 < t < 1/2$ non serve xa que pide despois de acadar o valor máximo): **0´25 puntos**.

ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

Sexan os sucesos *"R: unha persoa lembra o anuncio", "C: unha persoa merca o produto"*.

(a) *Formulación do enunciado:* $P(R \cup C)$ **0´25 puntos**.

– *Pola fórmula da probabilidade anterior:*

$P(R \cup C) = P(R) + P(C) – P(R \cap C)$: **0´25 puntos**.

– *Calcular as probabilidades descoñecidas* na fórmula anterior e chegar ó resultado final $P(R \cup C) =$

400/800 + 240/800 – 160/800 = 3/5: **0´75 puntos**.

(b) *Formulación do enunciado:* $P(C/R)$: **0´25 puntos**.

– *Pola fórmula da probabilidade condicionada:*

$P(C/R) = \dfrac{P(R \cap C)}{P(R)}$ **0´25 puntos**.

– *Calcular a probabilidade anterior*:

$P(C/R) = 160/400 = 0´4$ **0´75 puntos**.

(c) *Definición de sucesos independentes*: **0´5 puntos**.

– *Polo cálculo das probabilidades descoñecidas na fórmula anterior:* $P(C/R) = 0'4$, $P(C) = 0'3$ (ou ben $P(C \cap R) = 0'2$, $P(C) = 0'3$ e $P(R) = 0'5$) e concluir que "*o feito de mercar o produto depende de lembrar o anuncio*" **0´5 puntos**.

Exercicio 2.

Sexa *"X = soldo, en euros, dun empregado dunha fábrica"* $X \sim N(\mu = 1500, \sigma = 400)$. Elíxese unha mostra de $n = 25$ empregados desa fábrica,

(a) *Determinar a distribución de* $\overline{X}$ e chegar a que:

$\overline{X} \sim N\left(\mu = 1500, \dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} = 80\right)$ **0´75 puntos**.

– *Formular a probabilidade pedida:*

$P(1420 \leq \overline{X} \leq 1600)$ **0´25 puntos**.

– *Tipificación:* $P(-1 \leq Z \leq 1'25)$ **0´25 puntos**.

– *Transformar para poder facer uso da táboa:*

$P(Z \leq 1'25) - 1 + P(Z \leq 1)$ **0´5 puntos**.

– *Chegar ó resultado final: 0´7357* **0´25 puntos**.

(b) *Formulación:* $z_{\alpha/2}\dfrac{\sigma}{\sqrt{n}} \leq e$ **0´5 puntos**.

Calcular $z_{\alpha/2} = z_{0'025} = 1'96$ **0´25 puntos**.

– *Cálculo de "n" na desigualdade:* $1'96 \cdot \dfrac{400}{\sqrt{n}} \leq 100$, obtendo $n \geq 61'46$ **0´5 puntos**.

– *Conclusión: Deberíamos tomar mostras de polo menos 62 empregados* **0´25 puntos**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O alumno debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responde-los dous, será calificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

– *Despexar a matriz X* e obter: $X = -B^t (A - 2I)^{-1}$

0´75 puntos.

– *Cálculo da matriz* $A - 2I = \begin{pmatrix} -1 & 0 & 0 \\ 0 & 1 & 1 \\ 0 & 0 & -1 \end{pmatrix}$

0´5 puntos.

– *Cálculo da matriz inversa de* $(A - 2I)$ por calquera método: $(A - 2I)^{-1} = \begin{pmatrix} -1 & 0 & 0 \\ 0 & 1 & 1 \\ 0 & 0 & -1 \end{pmatrix}$ **1 punto**.

– *Resolve-la ecuación matricial, obtendo:*

$X = \begin{pmatrix} -1 & 0 & 1 \\ 1 & 1 & 0 \\ -1 & -1 & -1 \end{pmatrix}$ **0´75 puntos**.

Exercicio 2.

Sexan "*x*" e "*y*" as hectáreas de piñeiros e de eucaliptos, respectivamente.

(a) *Formular as restricións*: $2 \leq x \leq 15$, $6 \leq y \leq 25$, $500x + 300y \leq 12000$, **0´25 puntos** por cada unha delas.

– *Función obxectivo:* $z = (2200 - 500)x + (1500 - 300)y = 1700x + 1200y$ **0´25 puntos**.

(b) *Vértices da rexión factible:* Polos vértices (2, 6), (2, 25) e (15,6) **0´25 puntos**, polos (9, 25) e (15, 15), **0´5 puntos**.

– *Representación gráfica da rexión factible* **0´75 puntos**: debuxar as cinco rectas e a rexión do plano limitada por elas e polos cinco vértices.

(c) *Obter a solución óptima:* No vértice (9, 25)

0´25 puntos.

– *Beneficio máximo:* 45300 euros **0´25 puntos**. *Deberían repoboar 9 ha. de piñeiros e 25 ha. de eucaliptos para obter un beneficio máximo de 45300 euros.*

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

(a) *Calcular a derivada* $C'(t) = \dfrac{-840.000(2t - k)}{\left[(2t - k)^2 + 6\right]^2}$

1 punto.

– *Pola condición de máximo no cuarto mes* $C'(4) = 0$

0´5 puntos.

– *Obter o valor de k = 8* **0´5 puntos**.

(b) *Intervalo de crecemento* (0, 4) **0´25 puntos**, de *decrecemento* (4, 12) **0´25 puntos**. Logo, *a auga aumentou ata o cuarto mes, e diminuíu do cuarto mes ó final de ano.*

– *Formular a inecuación* $\frac{210.000}{(2t - 8)^2 + 6} < 1400$ **0´5 puntos**.

– *Resolvela obtendo o intervalo de tempo pedido* ($t > 10$), é dicir, *que a partir do 10º mes* a cantidade de auga é inferior a 1400 hm^3. **0´5 puntos**.

Exercicio 2.

– *Obter a función ingreso mensual*:

$1000 + 17x - 0'0025x^3$, sendo x o número de pólizas vendidas **0´5 puntos**.

– *Obter a función gasto mensual:* $200 + 5x$ **0´5 puntos**.

– *Obter a función ganancia mensual*:

$G(x) = 800 + 12x - 0'0025x^3, \; x > 0$ **0´5 puntos**.

– *Derivada da función:* $G'(x) = 12 - 0'0075x^2$ **0´5 puntos**.

– *Calcular o punto crítico:* $x = 40$ **0´5 puntos**.

– *Xustificar que é un máximo:* $G''(40) < 0$ **0´5 puntos**.

– *Vendendo ó mes 40 pólizas a súa ganancia máxima* é 1120€ **0´5 puntos**.

ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

Sexan os sucesos *"M: un alumno é muller", "H: un alumno é home", "B: un alumno estuda Bacharelato" e "L: un alumno cursa a opción de Letras"*

(a) *Formulación do enunciado:* $P(M \cap B \cap L)$ **0´25 puntos.**

– *Pola fórmula da probabilidade* $P(M \cap B \cap L) = P(M) \cdot P(B/M) \cdot P(L/M \cap B)$ **0´5 puntos**.

– *Resultado final* 0´036 **0´25 puntos**.

(b) *Expresión do teorema das probabilidades totais* $P(B) = P(M) \cdot P(B/M) + P(H) \cdot P(B/H)$ *e cálculos correspondentes* $0'60 \cdot 0'20 + 0'40 \cdot 0'15$ **1´25 puntos**.

– *Resultado pedido: "O 18% do alumnado estuda Bacharelato"* **0´25 puntos**.

(c) *Formulación* $P(H/B)$ **0´25 puntos**.

– *Pola fórmula da probabilidade condicionada* $\frac{P(H \cap B)}{P(B)} = \frac{0'40 \cdot 0'15}{0'18}$ **0´5 puntos**.

– *Resultado final "O 33´3% dos estudantes de Bacharelato son homes"* **0´25 puntos**.

Puntúase con **0´5 puntos** *no caso de que só formulen ben as probabilidades asociadas ó enunciado do problema:* $P(M) = 0'60$, $P(B/H) = 0'15$, $P(B/M) = 0'20$ e $P(L/M \cap B) = 0'30$

Exercicio 2.

(a) *"X* = tempo, en horas, de duración dunha lámpada de baixo consumo*"* $X \sim N(\mu, \sigma = 180)$

– *Cálculo de* $z_{\alpha/2} = z_{0'015} = 2'17$ **0´5 puntos**.

– *Formular a ecuación do radio do intervalo:*

$z_{\alpha/2}\frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 2'17 \cdot \frac{180}{\sqrt{n}} = \frac{390'6}{\sqrt{n}}$ **0´5 puntos**.

– *Igualando os extremos do intervalo de confianza para a media cos do enunciado do problema*:

$\bar{X} - \frac{390'6}{\sqrt{n}} = 10072'1$ e $\bar{X} + \frac{390'6}{\sqrt{n}} = 10127'9$ e

resolvendo, obtense que a media mostral $\bar{X} = 10100$ horas **0´5 puntos**, e o tamaño da mostra $n = 196$ lámpadas **0´5 puntos**.

(b) *Formulación da ecuación:* $z_{\alpha/2}\frac{180}{\sqrt{225}} = 24$ **0´5 puntos**.

– *Calcular o valor da área na táboa:* $1 - \alpha/2 = 0'9772$ **0´5 puntos**.

– *Calcular o nivel de confianza pedido:* $1 - \alpha = 0'9544$ (un 95´4% de confianza) **0´5 puntos**.

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAAU (LOXSE) Código: 61

XUÑO 2005

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos. Puntuación máxima de cada un dos exercicios: Álxebra 3 puntos; Análise 3,5 puntos; Estatística 3,5 puntos.

ÁLXEBRA

1. Un fabricante produce tres artigos diferentes (A, B e C), cada un dos cales precisa para a súa elaboración de tres materias primas (M_1, M_2 e M_3). Na seguinte táboa represéntase o número de unidades de cada materia prima que se require para elaborar unha unidade de cada produto:

		Produtos		
		A	B	C
Materias primas	M_1	2	1	3
	M_2	3	2	2
	M_3	1	2	4

Dispón de 50 unidades de M_1, 70 unidades de M_2 e 40 unidades de M_3.
a) Determina-las cantidades de artigos A, B e C que produce dito fabricante.
b) Se os prezos de venda de cada artigo son, respectivamente, 500, 600 e 1000 euros e gasta en cada unidade de materia prima 50, 70 e 60 euros, respectivamente, determina-lo beneficio total que consegue coa venda de toda a producción obtida (utilizando tódolos recursos dispoñibles).

2. Unha empresa fabrica dous tipos de televisores (T_{21} e T_{14}) de 21 e 14 pulgadas, a un custo por televisor de 100 e 50 euros, respectivamente. Sábese que o número de televisores T_{21} fabricados diariamente non supera en 4 unidades ós T_{14}, e que entrambos non se superan diariamente os 30 televisores. Tamén se sabe que o proceso produtivo non permite fabricar diariamente menos de 2 televisores T_{21} nin menos de 5 televisores T_{14}.
a) Formula-lo sistema de inecuacións asociado ó enunciado. **b)** Debuxa-la rexión factible e calcula-los seus vértices.
c) Calcular cantos televisores T_{21} e T_{14} maximizan e cantos minimizan o custo de produción diaria.

ANÁLISE

1. O número de vehículos que pasaron certo día polo peaxe dunha autoestrada ven representado pola función

$$N(t)=\begin{cases}\left(\dfrac{t-3}{3}\right)^2+2\,, & 0\le t\le 9\\[2ex] 10-\left(\dfrac{t-15}{3}\right)^2, & 9<t\le 24\end{cases}$$

onde N indica o número de vehículos e t representa o tempo transcorrido (en horas) dende as 0:00 horas.
a) ¿Entre que horas aumentou o número de vehículos que pasaban polo peaxe? ¿Entre que horas diminuiu?
b) ¿A que hora pasou o maior número de vehículos? ¿Cantos foron?

2. Quérese fabricar unha caixa de madeira sen tapa cunha capacidade de 2 m^3. Por razóns de porte no transporte da mesma, a lonxitude da caixa ten que ser o dobre cá anchura. Ademais, a madeira para construí-la base da caixa custa 12 euros por metro cadrado, mentres que a madeira para construí-las caras laterais custa 8 euros por metro cadrado. Acha-las dimensións da caixa para que o custo sexa mínimo. Calcular dito custo mínimo.

ESTATÍSTICA

1. O cadro de persoal duns grandes almacéns está formado por 200 homes e 300 mulleres. A cuarta parte dos homes e a terceira parte das mulleres só traballan no turno da mañá. Elexido un dos empregados ó chou:
a) ¿cal é a probabilidade de que sexa home ou só traballe no turno da mañá? **b)** sabendo que non só traballa no turno da mañá ¿cal é a probabilidade de que sexa muller?

2. O peso dos alumnos de bacharelato dunha certa cidade ten unha media μ descoñecida e unha desviación típica σ=5,4 kg. Tomamos unha mostra aleatoria de 100 alumnos de bacharelato desa cidade,
a) se a media da mostra é de 60 kg, calcular cun nivel de confianza do 99%, o intervalo de confianza para o peso medio μ de tódolos alumnos de bacharelato da cidade, **b)** faise a seguinte afirmación: "o peso medio dos alumnos de bacharelato desa cidade está comprendido entre 59 e 61 kg", ¿con que nivel de confianza se fai esta afirmación?

CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAAU (LOXSE) **Código: 61**

SETEMBRO 2005

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS

O alumno debe resolver só un exercicio de cada un dos tres bloques temáticos. Puntuación máxima de cada un dos exercicios: Álxebra 3 puntos; Análise 3,5 puntos; Estatística 3,5 puntos.

ÁLXEBRA

1. Unha empresa fabrica xoguetes de tres tipos diferentes T_1, T_2 e T_3. Os prezos de *custo* de cada xoguete e os *ingresos* que obtén a empresa por cada xoguete vendido veñen dados na seguinte táboa:

	T_1	T_2	T_3
Prezo de custo	4 €	6 €	9 €
Ingreso	10 €	16 €	24 €

O número de *vendas anuais* é de 4500 xoguetes T_1, 3500 xoguetes T_2 e 1500 xoguetes T_3. Sabendo que a *matriz de custos (C)* e a *matriz de ingresos (I)* son matrices diagonais e que a *matriz de vendas anuais (V)* é unha matriz fila,

a) determina-las matrices C, I e V.

b) obter, utilizando as matrices anteriores, a matriz de custos anuais, a matriz de ingresos anuais, e a matriz de beneficios anuais, correspondentes ós tres tipos de xoguetes.

2. Un centro comercial vende dous modelos de teléfono móbil, o X e o Y. Os seus empregados utilizan 3 horas de tempo de vendas por cada teléfono do modelo X vendido e 5 horas de tempo de vendas por cada teléfono Y vendido, dispoñendo dun máximo de 600 horas de venda para o seguinte período dun mes. Ademais, nese mes, deben vender como mínimo 25 teléfonos do modelo X, e o número de teléfonos que vendan do modelo Y terá que ser maior ou igual que o de teléfonos X.

A empresa obtén un beneficio de 40 € por cada modelo X vendido e de 50 € por cada modelo Y vendido,

a) Formula-lo sistema de inecuacións asociado ó enunciado. **b)** Representar graficamente a rexión factible e calcula-los seus vértices. **b)** ¿Cantos teléfonos de cada modelo se deberían vender durante o seguinte período dun mes para maximiza-los beneficios? ¿A canto ascenderían ditos beneficios?

ANÁLISE

1. Quérese cercar un campo rectangular que linda cun camiño por un dos seus lados. Se a cerca do lado do camiño custa 6 €/m e a dos outros lados 2 €/m, acha-las dimensións do campo de área máxima que pode cercarse con 2560 €.

2. A función *f(t)*, $0 \le t \le 10$, na que o tempo t está expresado en anos, representa os beneficios dunha empresa (en centos de miles de euros) entre os años 1990 ($t=0$) e 2000 ($t=10$)

$$f(t) = \begin{cases} t+1 & \text{se} \quad 0 \le t < 2 \\ t^2 - 8t + 15 & \text{se} \quad 2 \le t < 6 \\ \dfrac{3}{4}(-t+10) & \text{se} \quad 6 \le t \le 10 \end{cases}$$

a) Representar graficamente *f(t)*, estudando: puntos de corte, intervalos de crecemento e decrecemento.

b) ¿En que anos acadou a empresa o máximo beneficio? ¿Cal foi dito beneficio? ¿Durante canto tempo houbo perdas?

ESTATÍSTICA

1. Unha enquisa revela que o 40% dos xóvenes de certa cidade ten estudos, dos cales o 15% non ten traballo. Do 60% que non ten estudos, un 25% non ten traballo.

a) Determina-la porcentaxe de xóvenes desa cidade que non ten traballo. **b)** Entre os que non teñen traballo, ¿que porcentaxe ten estudos? **c)** Calcula-la probabilidade de que, elexido ó chou un xoven desa cidade, teña estudos ou traballe.

2. Unha fábrica desexa coñece-lo tempo que tarda en estragarse un produto que ten almacenado. Para isto, elixe unha mostra de 100 unidades, resultando un tempo medio de descomposición de 120 horas. Por experiencias anteriores coñécese que a desviación típica da variable normal tempo de descomposición é de 5 horas.

a) ¿Como se distribúe a variable tempo medio de descomposición para mostras de 100 produtos?

b) Cun nivel de confianza do 95%, ¿entre que valores se atopa o tempo medio de descomposición para a totalidade do produto almacenado?

CONVOCATORIA DE XUÑO

O alumno debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responde-los dous, será calificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

	A	*B*	*C*	*Dispoñibilidade*	*Gasto/unidade de materia prima*
M_1	2	1	3	50 *unidades*	50 € / *unidade de* M_1
M_2	3	2	2	70 *unidades*	70 € / *unidade de* M_2
M_3	1	2	4	40 *unidades*	60 € / *unidade de* M_3
Prezo venda de cada artigo	500 €	600 €	1000 €		

a) – *Formulación do sistema* (**0´75 puntos:** 0´25 puntos por cada unha das tres ecuacións)

Chamamos: *"x = unidades do artigo A", "y = unidades do artigo B", "z = unidades do artigo C"*

$$\left.\begin{array}{l} 2x + y + 3z = 50 \\ 3x + 2y + 2z = 70 \\ x + 2y + 4z = 40 \end{array}\right\} \text{ ou as': } \begin{pmatrix} 2 & 1 & 3 \\ 3 & 2 & 2 \\ 1 & 2 & 4 \end{pmatrix} \begin{pmatrix} x \\ y \\ z \end{pmatrix} = \begin{pmatrix} 50 \\ 70 \\ 40 \end{pmatrix}$$

– *Resolución (por calquera método)* (**1´5 puntos:** 0´5 puntos por cada unha das solucións)

$x = 18$ artigos A, $y = 5$ artigos B, $z = 3$ artigos C.

b) – *Obte-los ingresos:*

$$I = (500 \;\; 600 \;\; 1000) \begin{pmatrix} 18 \\ 5 \\ 3 \end{pmatrix} = 15000 \text{ euros}$$

(**0´25 puntos**)

– *Obte-los gastos:*

$$G = (50 \;\; 70 \;\; 60) \begin{pmatrix} 50 \\ 70 \\ 40 \end{pmatrix} = 9800 \text{ euros}$$ (**0´25 puntos**)

– *Calcula-lo beneficio total:* $B_{TOTAL} = I - G = 5200$ *euros* (**0´25 puntos**)

Exercicio 2.

Sexan "x" e "y" o número de televisores T_{21} e T_{14} que fabrica a empresa / día, respectivamente.

a) – *Formulación do sistema de inecuacións*: $x \le y + 4$; $x + y \le 30$; $x \ge 2$; $y \ge 5$ (**0´25 puntos** por cada unha delas).

b) – *Vértices da rexión factible*: (2, 5), (9, 5), (17, 13), (2, 28), (**0´25 puntos** por cada un deles).

– *Representación gráfica da rexión factible*: debuxa-las catro rectas e a rexión do plano limitada por elas e polos catro vértices: (**0´5 puntos**).

c) – *Optimización*: A función obxectivo z = $100x + 50y$ maximízase no vértice (17, 13), e minimízase no vértice (2, 5), logo fabricando 17 televisores T_{21} /día e 13 televisores T_{14} /día maximízase o custo de produción diaria (**0´25 puntos**), e se fabrican 2 T_{21} /día e 5 T_{14} /día minimizan o custo de produción diaria (**0´25 puntos**).

ANÁLISE (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

a) – *Determina-las derivadas:* $N'(t) = 2/9(t - 3)$ para $0 < t < 9$ e $N'(t) = -2/9(t - 15)$ para $9 < t < 24$ (**1 punto:** 0´5 puntos por cada unha delas).

– *Estudia-lo crecemento e decrecemento*, e deducir que, "entre as 3:00 e as 15:00 horas aumentou o número de vehículos que pasaban polo peaxe" (**0´5 puntos**); e que "entre as 0:00 e as 3:00 horas, e tamén entre as 15:00 e as 24:00 horas diminuiu o número de vehículos" (**0´5 puntos**)

b) – *A hora na que se acadou o máximo: 15:00 horas* (**0´5 puntos**)

– *O número máximo de vehículos: 10 vehículos* (**0´5 puntos**)

– *Xustificación do máximo absoluto* (ben coa gráfica ou có valor da función na orixe) (**0´5**

puntos)

– *Convén subliñar que este exercicio puntúase cos 3´5 puntos se debuxan correctamente a gráfica da función (representación de dúas parábolas nos trozos nas que están definidas), e resolven ben o estudo de cada un dos apartados sobre a gráfica.*

Exercicio 2.

– *Obte-la expresión da relación entre as dimensións da caixa:* $y = 1/x^2$, *sendo "x = anchura da caixa", "y = altura da caixa" e "2x = lonxitude da caixa", e utilizando o dato de que o volume é 2 m³.* (**0´5** puntos)

– *Determina-la función custo a minimizar:* $C(x) = 24x^2 + 48/x$ *para* $x > 0$ (**1 punto**)

– *Cálculo da primeira derivada:*

$C'(x) = 48x - 48/x^2$ (**0´75 puntos**).

– *Obte-lo punto crítico: "x =1"* (**0´25 puntos**). *Xustifica-lo mínimo* (**0´25 puntos**)

– *Obte-las dimensións da caixa: anchura = 1 m., altura = 1 m., lonxitude = 2 m.* (**0´25 puntos**). *Calcula-lo custo mínimo: 72 €* (**0´5 puntos**)

ESTATÍSTICA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3´5 puntos).

Exercicio 1.

Sexan os sucesos *"H: un empleado é home", "M: un empleado é muller"* e *"T_M: un empleado só traballa no turno da mañá"*. Datos: $P(H) = 2/5$, $P(M) = 3/5$, $P(T_M | H) = 1/4$ e $P(T_M | M) = 1/3$.

a) – *Formulación do enunciado:* $P(H \cup T_M)$ (**0´25 puntos**)

– *Calcula-las probabilidades decoñecidas* na fórmula da probabilidade da unión, podendo calcular $P(T_M)$ ben polo teorema das probabilidades totais, ben co diagrama de árbore ou ben co cadro de valores de forma que $P(T_M) = 3/10$, e calculando a $P(H \cap T_M) = 1/10$ (**1´5 puntos**). Chegar ó resultado final $P(H \cup T_M) = 3/5$ (**0´25 puntos**)

b) – *Formulación do enunciado:* $P(M / \overline{T}_M)$ (**0´25 puntos**). *Calcula-la probabilidade condicionada* enunciada anteriormente e chegar ó resultado: 4/7 (**1´25 puntos**).

Exercicio 2.

a) – *Pola formulación do intervalo:*

$$P\left(\bar{X} - z_{\alpha/2} \frac{\sigma}{\sqrt{n}} \le \mu \le \bar{X} + z_{\alpha/2} \frac{\sigma}{\sqrt{n}} \right) = 1 - \alpha$$

(**1 punto**)

– *Calcular* $Z_{\alpha/2} = 2´575$ (**0´25 puntos**)

– *Calcular numéricamente os extremos do intervalo:* (58´61, 61´39)

"Espérase, cunha confianza do 99% , que o peso medio dos alumnos de bacharelato desa cidade estea comprendido entre 58´61 Kg. e 61´39 Kg." (**0´5 puntos**)

b) – *Formula-la ecuación que corresponde ó radio do intervalo dado:* $z_{\alpha/2} \frac{\sigma}{\sqrt{n}} = 1$, deducíndose que $Z_{\alpha/2} = 10/5´4 = 1´8518$ (**0´75 puntos**)

Pola obtención do nivel de confianza $1 - \alpha = 0´9356$ (**1 punto**)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

O alumno debe resolver só un exercicio de cada bloque temático. No caso de responde-los dous, será calificado coa nota do exercicio que figura co número 1 do bloque.

ÁLXEBRA (A puntuación máxima de cada exercicio é 3 puntos).

Exercicio 1.

	T_1	T_2	T_3
Prezo de custo de cada xoguete	4 €	6 €	9 €
Ingresos por cada hoguete vendido	10 €	16 €	24 €
Número de vendas anuais	4500	3500	1500

a) – *Obte-la matriz de custos* $C = \begin{pmatrix} 4 & 0 & 0 \\ 0 & 6 & 0 \\ 0 & 0 & 9 \end{pmatrix}$ (**0´5 puntos**)

– *Obte-la matriz de ingresos* $I = \begin{pmatrix} 10 & 0 & 0 \\ 0 & 16 & 0 \\ 0 & 0 & 24 \end{pmatrix}$ (**0´5 puntos**)

– *Obte-la matriz de vendas anuais V = (4500 3500 1500)* (**0´5 puntos**)

